

Medio século de poesía en galego sobre o Nadal

en
BEGONTE do BELÉN
(Lugo-Galicia)



- Debuxos:
María Guerrero
- Limiar: Baldomero
Iglesias Dobarrio
- Colofón:
Xosé Otero Canto

Sei que moita xente non o entenderá ou non quereá entendelo deste xeito, pero para min é fundamental destacar tempos, e este é un tempo especial, é O Nadal. Certamente é un tempo moi especial do ano e de caducidades, mais non de decadencia pois cárgase de esperanza sobre todo no moito que nos carga de memorias. Aínda lonxe de todas as parafernalias que acontecen ao redor da súa celebración, hoxe tan de consumo e esquecida do rigor da súa orixe, sobre todo cando se confunde ese tempo de recollerse no malgasto e no espectáculo. Si, O Nadal, a min sempre me evocará aquela infancia feliz, sen preocupacións. Cando viviamos co preciso e soltos de ataduras e de compromisos que os anos nos foron traendo. Tempo de liberdade e de recollerse en nós. Viviamos para nós e para o que tiñamos no arredor. Eran tempos de vacacións, de pousar, de enriquecernos cos recendos do lume, da leña ao arder, da herba, da terra... Todo quedou pegado aos recendos dun tempo en memorias e inconfundible que chama a remunerarse en agasallos de encontro, en abrigarse e compartir, a pensar e soñar gratificándonos no repaso de momentos xa pasados, para recapacitar na historia e corrixir o rumbo, alentar destinos.

Baldomero Iglesias Dobarrio

Medio século
de poesía en galego
sobre o Nadal

EGERIA



*Medio século de poesía en galego
sobre o Nadal*

Edita: Centro Cultural José Domínguez Guizán

Coordinación editorial: Egeria

Debuxos: María Guerrero

Limiar: Baldomero Iglesias Dobarrio


Colofón: Xosé Otero Canto

Depósito Legal: LU 178-2025

Maquetación e impresión: La Voz de la Verdad
www.lavozdelaverdad.es

Primeira edición: Novembro de 2025

Medio século de poesía en galego sobre o Nadal



en
BEGONTE do BELÉN
(Lugo-Galicia)



Presentacións

Poesía sobre O Nadal

En Begonte levamos medio século facendo cultura arredor dese motor espiritual e material ao que demos en chamar “Belén Electrónico”. Non é que coidásemos que o belén non era abondo como iniciativa para acadar un lugar no mundo, senón porque entendiamos que ese belén precisaba unha contorna axeitada para que brillase máis forte e soase máis lonxe, e eses froitos culturais fosen un aval que lle abrise todas as portas.

E houbo certames de literatura e narrativa, de ornamentación nadaleira, de panxoliñas, de medios informativos, de debuxo infantil, de arte... e este medio século amplo transcorrido foi seleccionando un conxunto de concursos que superaron todo tipo de dificultades.

E consolidáronse o de xornalismo, debuxo infantil, arte e poesía, aos que en 2024 se uniu o Certame Audiovisual, que centran os nosos esforzos e a actividade cultural arredor do Belén.

Presentamos aquí os poemas en galego premiados no Certame de Begonte nesta que puidesemos chamar primeira etapa, só delimitada por esta publicación que obriga a un “punto e seguido” na historia do certame, e xa escrita de xeito indeleble na memoria do belén.

Honra aos poetas que, connosco, escribiron —verso a verso— a nosa historia! E agradecemento perenne a todos os que soñaron poesía pensando no Belén, no Nadal, e en Begonte do Belén.

*Xulio Xiz
Presidente do Centro cultural José Domínguez Guizán,
impulsor do Belén de Begonte*



Medio século de poesía en galego sobre o Nadal

O Nadal é unha das festas máis significativas da sociedade galega, cando as rúas das nosas vilas e cidades se enchen do bulicio da súa xente, dos sons das panxoliñas e do doce recendo dos sabores de sempre, un espírito familiar que nos fai sentir coma na casa, no abrazo materno que nos acolle con agarimo. Un alento evocador que, durante máis de medio século, prevaleceu entre a veciñanza de Begonte do Belén que, continuando o legado do crego José Domínguez Guizán, seguen montando o seu tradicional Belén, que congrega a milleiros de visitantes cada ano nesta vila lucense.

Un Belén declarado de Interese Turístico Galego dende 2014, que recrea con agarimo a esencia da Terra Chá e da súa xente, servindo de homenaxe e recordatorio das raíces que nos sosteñen. Unha recreación histórico-relixiosa que nacía con vocación de permanencia e de servir de motor de actividades culturais e artísticas que permitiron situar a Begonte como capital do Nadal galego. Medio século despois, e xunto con este libro que vostede ten nas súas mans, é boa mostra de que este obxectivo cumpriuse de xeito notable.

O Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, unha desas singulares iniciativas, procurou e procura reavivar o espírito característico destas festas, ao tempo que impulsar a escrita entre os poetas emerxentes e os que contan cunha longa traxectoria. É un estímulo que convida a transformar o sentir de época, as lembranzas da nenez e os sentimentos que o Belén de Begonte esperta en cada visitante nos valiosos versos que recollen estas páxinas. Estamos ante un espazo único que exerce como un dinamizador cultural de primeira orde na Terra Chá, poñendo en valor a creación en



lingua galega e contribuíndo ao seu prestixio social, fomentando as relacións interxeracionais e promovendo as tradicións que nos definen e configuran tanto dentro como fóra da nosa terra.

Medio século de poesía en galego sobre o Nadal recolle preto dun centenar de poemas de 36 autores de moi diferentes idades, que son un escaparate da expresión cultural e da identidade dun pobo que defende a importancia da tradición e dos valores comunitarios que nos unen aos galegos e galegas, esencia mesma do espírito galeguista co que naceu aquela primeira representación do nacemento, que cobrou vida de forma electrónica en 1972. Por iso, na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude sabemos o importante que é apoiar este tipo de proxectos para servir de catalizadores da difusión da poesía galega sobre o Nadal, dos seus creadores e de Galicia e da súa tradición.

O Belén de Begonte, semente de iniciativas culturais como o Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, é unha expresión única da nosa cultura, un símbolo do carácter xeneroso, devoto e comunitario do pobo galego. É un legado que é necesario transmitir ás novas xeracións para que poidan mantelo vivo, parafraseando a Álvaro Cunqueiro, “mil nadaís máis”.

José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude





Limiar



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

O meu certame de poesía sobre O Nadal

O Nadal sempre deixa en nós un pouso de melancolía,
unha tristura lenta e húmida,
unha tristura mol e preguiceira, case nostálxica.
É a pasada do tempo quen deixa en nós
ese son dos pasos demorados no baleiro das ausencias,
mirándonos de novo desde as néboas da conciencia.
É O Nadal
e nel atopamos, entre ilusións e confianza,
entre teimas e desesperos,
aínda na incerteza esa calma feliz de desexarnos o mellor,
entre as persoas, lonxe das pantasma do pasado,
lonxe do silencio.



Sei que moita xente non o entenderá ou non quere entenderlo deste xeito, pero para min é fundamental destacar tempos, e este é un tempo especial, é O Nadal. Certamente é un tempo moi especial do ano e de caducidades, mais non de decadencia pois cárgase de esperanza sobre todo no moito que nos carga de memorias. Aínda lonxe de todas as parafernalias que acontecen ao redor da súa celebración, hoxe tan de consumo e esquecida do rigor da súa orixe, sobre todo cando se confunde ese tempo de recollerse no malgasto e no espectáculo. Si, O Nadal, a min sempre me evocará aquela infancia feliz, sen preocupacións. Cando viviamos co preciso e soltos de ataduras e de compromisos que os anos nos foron traendo. Tempo de liberdade e de recollerse en nós. Viviamos para nós e para o que tiñamos no arredor. Eran tempos de vacacións, de pousar, de enriquecernos cos recendos do lume, da leña ao arder, da herba, da terra... Todo quedou pegado aos recendos dun tempo en memorias e inconfundible que chama a remunerarse en agasallos de encontro, en abrigarse e compartir, a pensar e soñar gratificándonos no repaso de momentos xa pasados, para recapacitar na historia e corrixir o rumbo, alentar destinos.

O tempo recende a humus,
esa humidade da terra que envolve soños
e nos fai pensar no pasado.
Ese ulido a folla sedimentada
na lentura das sombras, nas noites estreladas
na baixada da luz e dos días.
Fainos sabedores de que O Nadal é tempo
moi especial, cheo de sorpresas.
É o tempo dos momentos encantados e entrañables,
de cantar panxoliñas de amor
de admirar recreacións históricas daquela luz,
daquela evocación do Nacemento,
unha luz representada nun neno indefenso e inocente
que anuncia esperanza desde o amor.



E inventa xogos e reunións familiares e de afectos,
ledicias en abrigos, palabras apertas, fondas apertas.
Si, O Nadal é maxia, amolece os sentimentos
e fainos ser solidarios coas necesidades alleas,
crea ilusión e decora de cores e pigmentos os días,
os amenceres con sorpresas, con novas ansias de seguir
e de loitar a vida satisfeita, para todos!

É un tempo no que un se deixa namorar pola palabra e polos contos, polas cantigas que veñen de moi atrás, aqueles relatos bíblicos e vellos que conforman a loita pola vida, coas historias sagradas lonxincuas e materializadas en figuras e rostros, en paisaxes de ceo e estrelas, de ríos e persoas, pastores que acoden á Luz da esperanza, a aquel lugar de calor onde comprenden que a vida está por vir de novo, que nace unha nova Luz chea de afagos. Aqueles relatos de historias que en voz da nosa xente se contaban no medio de fantasías e cantos, reis e panxoliñas. Pasaxes de cando as persoas aínda estaban en contacto directo coa natureza, coas cousas sinxelas, coa herba, coa palla, cos animais. De cando aínda se vivía o día e a noite sen luz artificial. Cando se camiñaban os camiños a pé ou, como moito, levados dalgún animal de tiro. E chegaban alá, a aquel lugar de nacemento, de esperanza. Levaban manteiga, un mantelo, noces, figos... cousas tan comúns que acontecían ao redor dunha nai inmigrada que vai parir un fillo e busca onde abeirar, nun tempo de desconfianzas e de sospeitas. Como o tempo de hoxe. Non lle abren pousada algunha, e non atopa lugar. Paire de urxencia nunha palleira. Era nunha noite clara e víase no ceo unha estrela que alumaba, significando o acontecido naquelas lonxincuas terras.

Non, non é ouro O Nadal que hoxe vemos,
anque vén dourado en brillos e anque no fondo dos teus
ollos libere das tebras a luz
e as cores que ten por dentro.
Non, non é ouro O Nadal que vemos entre os latexos



acelerados da cautela,
das présas e medos, anque debulle máxicos soños cun
Neniño moi pequeno.
Non, non é ouro O Nadal nin son prata as súas neves,
as do clarón do día
que engalanan os cabelos do Neno
e que nos fan volver a nosa ollada máis profunda e
transparente.
Non, non é ouro O Nadal que vemos, e non son estas neves
prata aberta,
limpa e sincera que aínda habita en nós,
recluída nun relanzo que entre esperanzas pondera
saloucos emocionados.
Míraa de lonxe, quizais na lembranza da memoria:
durmida vai nunha nube, de auga limpa e pura, e así vai
con toda a mar en calma
e que en silencio escoita.
Chega este tempo de Nadal e envólvennos os pensamentos.
Miramos atrás para asumir certos fracasos, volvendo ao
pasado a aqueles momentos
para resumir feitos que tentamos acomodar
e que cerre en balances positivos resolva propósitos
agardados.
É unha vida en resultados de amor e da máxica ilusión.
Chega sen facer ruído, O Nadal, un ano xunta con outro
cargado de destinos,
cargado de recendos, recordos no medio do complicado
camiño.
Raíces da tradición e almanaque,
de cores cheas de brillos na inxenuidade inocente daquel
nacemento antigo
que trae memorias dun anxo e un Neno con moito frío,
no medio da noite, baixo as estrelas.
Recendos que veñen do alén, da infancia,
...un Neno Deus que por riba espido.



Figuras feitas de barro, unha nai e mailo pai, os pastores
e un Neniño.

Chaman para xuntarnos e chaman os nosos desexos
por calquera percorrido.

Son soños, uns detrás doutros, en ringleiras,
polo medio pasa un río que leva os tantos anxeios,
carambelos e aloumiños,
soños de ser, de querer chegar, transmisores do ben.
Son os soños neste camiño.

Hoxe as festas xa non son aquelas celebracións que xuntaban á xente toda do arredor, os seres queridos o día dunha festividade sinalada en cada sitio. Xuntaban cartos para facer deseño de músicas e alboradas, para o baile, a noite e as horas menos tardías. Nas casas harmonizaban xantares e merendas, cantigas e contos, grandes sobremesas falando e lembrando. Ocorría o mesmo —como por Santos e Defuntos— naquelas reunións de feiras e encontro, de pena compartida, de lembranzas antigas. Non, aquí xa se fixo, sen respectalas sequera as datas, fíxose meses antes a celebración do Nadal que se chaman Christmas, e en vez de cantar unha panxoliña soportamos e chegamos a facer nosa aquela de Jingle Bells e outros cantares que non sabemos que din, pero que «fardan» e de paso colonizan moito así case sen querer. Xa se fala menos dos Reis Magos de Oriente, falamos do Papá Noel ou de Santa Claus, moitos días antes, que son máis modernos. E na mesa non hai aqueles xantares, aquela antigalla do bacallau na mesa, con repolo. Agora vén o pavo á laranxa e o marisco prohibitivo, licores importados ou senón cousas estrambóticas que engalanan os ollos. Ao que hai que sumar a cultura das árbores arrincadas para decorar fogares con bolas de cristal e cintas de moito brillo. Ah, e os acivros esquilados nas aldeas. E non digamos das luces e iluminacións do exceso, seica reportan moito beneficio. E iso é do que se trata! Alá quedaron nacementos, arremedos daquela historia sagrada coa súa carga imaxinativa que, como o de Begonte, non tratan senón de celebrar e celebrarnos. Non importa que quedara



atrás aquel recendo, aquela festa feliz dos sabores de inverno, do fogar quentando e alumando os nosos corazóns, onde habitan soños e aquelas luces de festa namoradas, aquela escasa luz dos días curtos e das longas noites, aquelas mesmas que locen xa desde calquera amencer das frías neves de Begonte, por entre as tebras da nosa Terra Cha, inmensa Mai, dos acordos sorprendidos que se fixeron pasado e que nos resistimos a ter vivos, evocando anxeios.

Aquelas cores en pigmentos,
das enormes paisaxes de cada corredoiro,
que erguen o bafo da calor humana e prenden a chama
indestrutible
dos afectos, do amor, que hoxe está —pobres de nós—
cheo de fendas.
Esquecido en odios e iras, en guerras e sangue.

As máxicas luces da evocada ilusión que se perde en mil nostalxias agradecidas, recordo e agasallo nos seres que un día amamos, a quen tanto quixemos, a quen tanto debemos, acompañándonos dos ritos que aínda celebran este solsticio da fin de ano. É o mesmo solsticio que nos sitúa no mundo e no almanaque dos calendarios, que esmorece xeiras e momentos, dos que xa se fixeron ecos con aqueles intres que van indo e regresando, no alén do horizonte, na memoria, xunto a un Sol invicto e festexan, novamente, a derrota das sombras que nos arredan e esquecen perdidos en soidades. Celebraremos a vitoria da Luz, si porque veñen levantarnos do mundo poliédrico que nos ten inter-conectados a mil sistemas de persuasión virtual, pero en definitiva sos, nesa soidade profunda máis alá da espantosa señardade. Ergueitos, cos pés na lama cando nos demostra, unha vez máis, que hai que amar as cousas máis pequenas, porque aí vemos en que se distingue o virtual da realidade, a vida mesma da espellada. Debemos recuperar a cordura desde ese Neno cheo de Luz e de cores, de brillos que vencerá calquera escuridade e calquera frío.



Un Neno de ollos misteriosos que anuncia a vida, e a vida despois da vida. A calor feita en soños, ledicias que nos envolven ao redor xuntos, aloumiñando aconteceres, nesta era estacional da natureza que se oculta, para que nos perdamos e despois nos atopemos a nós mesmos, ao redor do lume do fogar, nun encontro de irmandade. Chamados da xente que máis queremos, nese lugar entrañable que se encolle entre sorrisos de lembranza feliz, de ledicia e canción, de panxoliñas, cantigas en palabra de amor e logo, reverdece cos pigmentos agardados, de lumes que vencen as tebras, primaveras sobre o inverno, esperanzas sobre o medo.

Así chega O Nadal,
cheo de forza cada ano.
Para continuar este breve camiño,
man con man, nas marcas do tempo
para asumir a memoria
dos que connosco un día foron
e establecer desde o alén
unha relación harmoniosa e mística
na conexión deste momento tan preciso
que toca melancolías e ausencias.
Momentos dos días mínimos
coas máis longas noites, inocentes
sen prexuízos no afago do querer
deixándonos arrolar para irmos xuntos
para participar confiados
converténdonos en nenos
que, sen remordementos, miramos con sosego
esas pequenas cousas máis sinxelas,
as que nos precipitan a vivir
a instaurar a man amiga,
a complicidade cordial de rir,
de compartir,
de seguir levados polo camiño común
do entendemento,



dándonos a man entre recendos
coa forza conciliadora
de sabernos representados por figuras
pastores e paisaxes nun nacemento,
en Begonte,
nun Belén de aquí mesmo,
na Nosa Terra Cha.
Aquí, a carón de nós. Entre nós.
No medio de nós.

Eu participaba relatando e contando en versos estas cousas, pequenos matices. Fíxeno moitos anos, aínda nalgún evocando ao cura que me bautizou cando estivo en Vilalba, D. Xosé Domínguez Guizán, tamén vilalbés e ao que chamaban de sobrenome «O Negro» pola súa pel escura e que impulsou, xunto co seu irmán Xesús, estas iniciativas culturais en Begonte onde exerceron e promoveron estas convocatorias que non cotizan en bolsa. Ou aquel da Lóuzara Xabreira, O Fiz Vergara Vilariño, amigo impenitente dos versos doridos e certos, poeta enorme de versos adoecidos, tan estrañado amigo! Tamén lembro a aquel autor de Valladolid que escribía desde as bágoas pola perda do seu fillo. E facía poemas enormes de exquisita calidade que viñeron, ano tras ano, reconfortar tempos do Nadal no meu fogar. Chamábase José Luís Martín Cee e escribía «villancicos» para cada hora, para cada xeira, para cada día e momento cargados de ilusión e bañados de bos desexos e saúdes. Gustáballe moito o galego, dicía que era un idioma que ía moito máis alá das palabras, que tiña música e unha carga de afectos modulando a fala. Levo xa uns anos sen saber del, confío estea ben e soñando tamén moitos tempos marabillados de esperanza. Ou Varela, José Rodríguez Varela, que facía posible o movemento de todas as pezas e a ilusión de ver a historia. Ou a señora do Belén, Pilar Gómez García que sumou tantas vontades. E Xulio Xiz que acomete, cada ano, o labor de salientar tan magno evento no medio da incredulidade da xente. Non quero esquecer, sempre na sombra, a Xabier Rodríguez Barrio, notario e protago-



nista silandeiro do cómputo de poemas e versos, das historias que algunhas persoas contamos. Sempre está aí, non se deixa ver pero está e acode á chamada veraz da poesía, da resistencia dos que cremos ser algo máis que carne e ósos. E Xosé Otero Canto, amigo na distancia do tempo, xa nos estudos e agora compañeiro nestas angueiras dos versos e as palabras. Hai tamén moita máis xente que se suma a ese feixe de memorias agradecidas, dun tempo e dunha historia feliz á que me sumo e da que podo dar fe. Por iso, así o fago en agradecida memoria.

BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO, MERO





Escolma



MARICA CAMPO

Lembranzas para un nadal ferido

(Primeiro premio)

Ainda bailan charetas
no aire vinculeiro,
no aire lembrado
do nadal na lareira.

—O avó non sabía
que xa era noite pecha—

A panxoliña ás veces
como unha man suave
aloumiñaba as tebras.
Outras veces o vento,
fuxidio e teimoso,
dicía cantarelas;
seica llas incensaba
co seu alento maino
o fume dunha xesta.

—Da cantiga do vento
o avó sabía a letra—

Canle do corazón,
miña nai, tan pequena,
decote se axiganta,
decote xorde loira,
raña dunha festa
ateigada de fe,
amor e sinxeleza.



O meu pai, coma un crego
misando na sua igrexa,
de cando en vez, moi serio,
botaba ó lume leña.

—Suspiraba o avó
e recendía a terra—

A miña irmá pequena
topeneaba a carón
do sono deloirado,
do gato e da cadela.

—O avó a cotío
recitaba consellas—

Ledicia nadaleira,
tan pretiño da vida,
tan parente das cousas
que mancaba nas veas.

—O avó tiña bágoas,
quizais as derradeiras—

* * *

Nesta terra estranxeira
non podo festexar
o nadal do Señor,
que me falta a lareira.

—Quedeime sen nadal,
¡se o avó o soubera!—
Soidades me desleigan.
O tempo relaído
está a ollarme turdio
namentras que me acena.



—Fuxiu do tempo o avó
e vive coas estrelas—


O medo pestanexa
rentes de min, chantado
como unha cruz de sombras
no medio da existencia.


—Deus sabe que nos ten,
di o avó con voz rexa—

Meu Nadal, se estiveras
alí cando eu regrese
triunfante ou derrotado
á miña patria anterga...

—¡Se o avó, coma sempre
fumase na lareira!—







FIZ VERGARA VILARIÑO
Canto ó nadal

(Segundo premio)

Lema: Pacem in terris

I.

O Nadal, encheito de luz abrenticia,
espárxese cada ano sobor do mundo enteiro
e trai consigo fanegas de gozo e lecer
envolvidas no silencio das longas invernías.

Entra polos fogares adiante cal un fado
tocando o tamboril do amor fraterno
e deixa a súa lédcia degrañada xustamente
no corazón das xentes sinxelas e arelantes.

¡Oh, data feliz e alegreira...! Pra festexar
xúntanse arredor da vella mesa familiar
homes e mulleres, probes e ricos,
e todos soñan, cos ollos abertos,
un mesmo soño de esperanzas frolecidas.

Un sorriso coma unha estrela ventureira
dibúxase na faciana de cadaquén
mentres a mai reparte o turrón e o mazapán
e a aboa canta panxoliñas dos tempos idos
con paixón e saudade.



¡Oh, Nadal...! Tal día coma hoxe —fai
cuasemente 2000 anos— naceu en Belén o redentor
do mundo: Un neno con corazón de pantrigo
e ollos ateigados de mencerres raiolantes.

¡Qué gozo maxinar a San Xosé carpinteiro
a dormir no chau, xunto ó boi e á mula,
e a Virxen a fiar a luz do alborecer
co seu fuso de fiandeira humilde e aldeana!

¡Qué gozo maximar o menino rebuldeiro
deitado entre unhas pallas de centeio,
a sorrir cara o xentío,
mentras os pastores tocaban a gaita e o pandeiro
e os Reis lle ofrecían galanos nunca vistos!

II.

Ninguén dorme. Todos soñan e velan á orexa,
pois neste tempo compre agardar os albores
co corazón e cos ollos en fite,
e coa ialma disposta pra facer sementeira
de espranzas.

As folerpas, caídas nos campos espidos,
dánlle ás cousas a súa ternura e o seu misterio
e visten a terra con traxe de festa maior
pra que volte a ser mociña casadeira.

Un ronsel de paz, igual ca un arco de vellas,
brila en tódalas portas i en tódalas ventás
cando soan as campás nos sineiros das eirexas
a proclamar a gran nova ós catro ventos.

¿Quén sabe o segredo feliz, quen coñece
a profunda raiceira desta data que sulaga
o mundo de ilusión
e xunta os homes á mesma man
pra seguir a loitar en pró da xusticia e da verdade...?





XOSÉ MARÍA PÉREZ PARALLÉ
Nadal chairego

(Primeiro premio)

*Lema: «Saraiva dos meus pecados
molloulle a Xesús as palas»*

ANDAINA

Veño a pé dend-âs mariñas = das mariñas, a pé, veño,
cô meu fardel ataigado = de cantígas e de versos;
chego das terras salgadas, = das salgadas terras chego
onde a mar fai namoríos = coas estrelas i-os luceiros;
onde a Lúa fai nas ondas = trezados camariñeiros.

Veño a pé dend-âs ribeiras = fralecidas de salseiros,
onde as rapazas mourelas = enredan nos areeiros,
e reloucan nos peiraos = enamorando ôs pescos.

Chego as terras de Begonte, = de Begonte, as terras chego,
nun solpor de reiseñores = po-los camiños pedreiros.

Veño a Begonte areloso = a decir meu cantigueiro
de segrel da terra ceibe = e que m-escoiten os nenos,
i-as xentils mozas da chaira = i-os barils mozos chairegos.

Chego anceioso a Begonte = a cantar os meus versos
de segrel dunha Galicia = branca, verde, azul de arelos,
pra que as vellas-mais m-escoiten, = e m-escoiten os pais-vellos.

Veño a cantar en Begonte,
coma segrel panxoleiro,
as máis ledas nadalías
na louvenza do Deus-Neno.



ABRENTE

Nas pedras do campanario = afrolecen badaladas
i atrocan-se en volvorelas = verdes, roibas, loiras, brancas,
que reloucan garoufeiras = po-las devesas e brañas,
nun choucheo de paxáros = da roseira d-alborada.

Volvorela muiñeira
desportela a frol da i-auga,
vai chegare a Noiteboa,
tes de facere muífiada.

Das pedras mucias da torre = agromecen bateladas
i atroncan-se en vagalumes = albeirizas, fuscas, gaias,
que sementan surriseiras = nos longos sulcos da chaira,
num laboureo de chíos = a graña da luzada.

Vagalume panadeira,
fai, coa fariña, arrolada,
achega-se a Noiteboa,
tes de facere enornada.

Nas pedras do campanario = aerean as campaa,
no teixido dos luceiros, = i-o paxáro d-alborada
rechouchea aguinaldeiro = po-la terra verdegada,
muiñeira de raiolas = da súa grilleira gaita.

Eil, paxáro sol gaiteiro
bota unha repinicada;
o Neno-Deus, é nacido,
e faremos trouleada.

TROULERÍA

Rapaciñas de Begonte
as do
mantelo
broslado,
ista noite é Noiteboa,
imos botar un bailado.



Troulea o pandeiro
do mozo lanzal,
hoxe rapaciñas
hai xolda nadal

Rapaciños de Begonte,
os da
frolida
monteira,
ista noite é Noiteboa,
imos bailar a muiñeira.

Brincan as ferreñas
da moza roibal,
hoxe rapaciños
hai festa nadal

Rapaciñas de Begonte,
de Begonte, rapaciños,
ista
noite
é Noiteboa,
imos corré-los camiños.

Troulea o pandeiro
do mozo baril,
brincan as ferreñas
da moza xentil;
canta o mocerío
na noite nadal,
i-un atruxo ceibe
resoa trunfal.



CANTAROLA

De sol, de lua e d-estrelas,
de arrecendo
montesío,
i arume de chuchumelas,
carregado ven o río.

¡Río, Ladra,
río, Ladra,
cantaruxa
panxoliñas
po-los recantos
da chaira.

De luceiros da roseira,
da fontela
o canturío,
do zoo da carbelleira,
ateigado ven o río.

¡Río, Ladra,
río, Ladra,
cantarolea
arrollíos
po-los rueiros
da chaira.

De ronseles de alboradas,
de cantigas
d-orvallío,
de froula das muifadas
acangado ven o río.

¡Río, Ladra,
río, Ladra,
cantarexa
nadalías,
po-las vereas
da chaira.



LAVANDEIRA

No mol regatiño,
na media do día,
os panos de liño,
lavaba
amodiño,
a Virxe María.

¡Ai, panos de liño
do seu picariño!

Os pano de liño
a Virxe lavaba,
i-os reiseñoriño,
moi maino,
mainiño,
ledío cantaba.

¡Ai, panos de liño
do seu picariño!

Moi maino, mainiño,
caminaba o día,
i-os panos de liño,
nun acurrunchiño
a Virxe tendía.

¡Ai, panos de liño
do seu picariño!

Nun acurrunchiño
a Virxe lavaba
naquel regatiño
que maino,
mainiño,
as maus lle bicaba.

¡Ai, panos de liño
do seu picariño!



TORNAVOLTA

Ceguei a frol de Begonte = pra cantar as panxoliñas,
cheguei nun mencer de líos = me vou na tarde chuchía
a ruar po-los camiños = de tornavolta as mariñas.

Ceguei a frol de Begonte
nun alba de zanfoñas,
a cantar-lle o Neno-Deus
un feixe de nadalías.

Ceguei a frol de Begonte = ao petexo d-alborada,
pra decir as panxoliñas = que no meu fardel portaba;
torno agora prás mariñas = po-los camiños da chaira.

Ceguei a frol de Begonte
cando o sol asubíaba,
a cantar-lle o Neno-Deus
i-a sua Naj, Virxe santa,
as nadalías más ledas,
as máis aledas louvanzas;
i agora a rolar camiños
na percura de arelanzas
pra ofrendáre-lle a Galicia
na noiteboa da esperanza
nunha panxoliña nova
e no Cebreiro cantada
onde o Neno-Deus se fixo
miragre no altar da Patria
i-o santo Graal, escudo,
da bandeira azul e branca.





FRANCISCO ÁLVAREZ ALONSO
Triloxía pra un nadal calquera

(Primeiro premio)

Lema: «Traballa e loita»

I - MAXIN

Chegáu, por fin, como o Maxín quería,
a Noiteboa. Grandes e cativos,
xuntáronse no lar, sen mais motivos
que a Xesús festexar, máis a María

i-o San Xosé. Por iso naquel día
faguíanse xa os preparativos
moi cedo, dos mexunxes dixestivos,
namentras o Maxín se relambía.

O rapaz tusigóu.

—¿Qué tés, meu fillo?

Ile preguntóu sua nai.

—Non teño nada.

-¿E logo qué remexes no bolsillo?

—Cousas miñas.

—A ver.

-¡Ou, qué prosmada!

Insistiu, e nos bolsos daquil pillo
topóu cunha escolleita lambetada.



II - EXAME

Vai finir un ano e, polo tanto,
hai que faguer exame de concencia:
¿Obraches nise tempo con decencia?
¿Un díaño faches ou cecais un santo?

¿Foi o mundo pra ti lugar de encanto
ou, en troques, tempo de penitencia?
¿Gozaches do pracer? ¿Dícheste a cencia?
¿Produxéche-lo ben? ¿Puxéche espanto?

Axeza pro que ven: ¿Tremes á morte?
¿Tés tristeza ou invádete a ledicia?
o velo vir? ¿Hai algo que che importe

dalgun xeito? ¿Pensas faguer xusticia?
E, sobre todo ¿sentiráste forte
pra ser sempre bó fillo de Galicia?

III - O CABALO

Eramos catro irmaus; o máis pequeno,
eu. Noso pai dixo aquel día
que a cabalgata dos Reises pasaría
sin lembrarse de nos.

—Non chores, neno;
outro ano será.

Eu dixen: —Boeno,
o millor algún Rey ten a manía
de non deixar carbós.


—!Probe alegría,
a de quen engulica un bó veneno!


Pola maná, miña irmá veu cun regalo:
Un penco do grandor dunha formiga.
Dínlle voltas, sen mais, hastra escachalo.

E meu Pai, sen berrar, Dio-lo bendiga,
preguntóu: —¿Qué fixeches co cabalo?
—Ollar se tiña tripas na barriga.









FIZ VERGARA VILARIÑO

*Cantigo pra unhas datas
abrenticias*

(Segundo premio)

Lema: Tedeum laudamus

1.

Ledo Nadal dos cómbaros nevados,
mensaxeiro divino e raiolante,
mes encheito de lecer e armonía,
louvado sexas agora e sempre...!

Ó chegares tí caen as derradeiras
follas dos calendarios e levan
consigo as coitas e as tristuras
pasadas durante o ano inteiro.

Entras polos fogares a xeito de fado
tocando o tamboril do amor fraterno
e deixas a túa semente degrañada
no peito das xentes sinxelas e arelantes.

Eres a data feliz e algareira, o tempo
que agardan decote as almas ó axexo.

Pre te festexar,
xúntanse arredor da mesa familiar
homes e mulleres, pobres e ricos,
e todos soñan cos ollos abertos
un mesmo soño de espranzas frolecidas.



Acarón dos lares ergues un piñeiro noviño
cuberto de guirnaldas i enfeites,
rodeado de cristmas feiticeiros: mensaxes
de quenes se aman a traveso da distancia.

¡Oh, Noiteboa!... Encanto a mai reparte o turrón
e a aboa canta panxolinas,
tí dibuxas na feciana de cada quen
un sorriso igual ca unha estrela luminosa
e ventureira.

¡Ah, Nadal!... Tal día coma hoxe —fai casemente
2000 anos— nacéu en Belén o redentor
do mundo: un meniño con corazón de pantrigo
e ollos rebordantes de mencers e luaradas.

¡Qué gozo maxinar a San José carpinteiro
a dormir no chau, xunto ó boi e á mula,
e a Virxen a fiar a luz do alborecer
co seu fuso de fiandeira homilde e aldeana!

¡Qué gozo maxinar o meniño rebuldeiro,
deitado entre unhas pallas de centeo,
a sorrir cara o xentío,
mentras os pastores tocaban a gaita e o pandeiro
e lle ofrecían galanos nunca vistos!



2.

Ningúen coñece o fondo misterio, o segredo
agachado na raigame destas datas
que se esparxen sobor do mundo
envoltas no silencio da longa invernía.

Un ronsel de Paz, o mesmo ca un arco de vellas,
brila en tódalas portas i en tódalas ventás
cando soan as campás nos sineiros das igrexas
a proclamar a gran nova ós catro ventos.

As folerpas, caídas nos campos espidos,
danlle ás cousas tenrura e pureza
e visten a terra con traxe de festa maior
pra que volte a ser mociña casadeira.

Os corazóns dos homes éñchense de ilusión,
pra loitar en pro da xusticia e da verdade,
i espallan a compás os seus latexos namorados:
cativos axóuxeres de ledicia e bon agoiro.

Un anxo cunha trompeta de luz e amor
revoa porriba dos campos de batalla
e, súpeto, cálanse as pistolas e os fusís:
armas malditas, cousas da xenreira, fillas
do demo arrenegado.

Non existen razas nin cores nestes días.
Negros e brancos xúnguense munha aperta
i entoan un glorioso tedeum laudamus
ó son dun pandeiro recién estrenado.

A Noitevella, cuberta de farrapos brancos,
entra ó interior de tódolos fogares
e, ó comer as doce uvas, díceselle adiós
ó ano cun pano de lembranzas e saudade.
O Aninovo chega mergullado en alegría.



A terra esperta encoiros —talmente
un meniño da teta— e óinse por todel
cantigas de berce fermosas e gasalleiras.

O día de Reises hai gozo a maus cheas.
Os nenos recollen os zapatos do trinqu
ateigados de regalías e arelas,
i estrenan xoguetes feitucos: pregoeiros
dun mundo novo e ditoso.

3.

¡Oh, Señor, estas datas abrenticias, este
tempo acugulado de feitizo e alboradas,
veñen de lonxe, do teu paraíso ignoto
onde nunca remata a felicidade tan soñada.

Pedímosche, xa que logo, forcia e tesón,
luz pra andar ergueitos os camiños da vida
e apropiarnos da gran herdade que deixou
aquel neno nacido num pendello ó cantar os galos.





MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ
Pelegrinos ao Belén de Begonte

(Terceiro premio)

I

Debullando cantares
os vieiros de Galicia
acuden a Begonte
choutando de ledícia.

Os ventos do Cordal
e os da Cova da Serpe
repican muiñeiras
e alboradas de neve.

E o Parga despreguízase
pra rezarlle unhos salmos
ó meniño Xesús
nunhas pallas deitado.

II

Pra aledar ó filliño de Dios
os Querubes baixaron do ceo;
as folleras debalan mainiñas
e rebulda na cova un luceiro.



Pelengrinos da Terra Chairega
—vellos, mozos, os ricos e os probes—
teñen presa por ver ó Ruliño
que nacéu no Belén de Begonte.

Os castiros, salgueiros e choplos
arrecenden a incenso e os prados,
sabedores do grande milagre,
estrenaron un traxe de orballo.


III

Aterecidos de frío,
arelante o corazón,
nesta noite de Esperanza
acolle a nosa oración.

Debruzados ó teu pé
pedímosche que benzóes
esta coitada Galicia
enloitada, triste e probe.

Que remate a emigración
e as llortas caciquís
e que, todos vencellados,
fagamos un gran País!





FIZ VERGARA VILARIÑO

Celebración poética do Nadal

(Primeiro premio)

Lema: «Caen as folempas»

I

Ledo Nadal dos cómaros nevados,
vido dun país onde non remata
a ledicia continua que desata
os corazóns de noxo aferrollados.

Dende terras adentro, apaixonado,
entre fouce e gadaña, pranto e amata,
entrégoche o meu canto na túa data
ateigada de amor recén granado:

«Aquel neno, nacido nun pendello,
atárono de pés e maus vilmente
porque trouxo nos beizos a verdade.

Compre seguir seus pasos —ronsel vello—,
hastra trocar súa voz nun facho ardente
e apropiarnos pra sempre da súa herdade».

II

Soldados do mundo, fillos de Caín e Luzbel,
homes sen raiceiras nen sangumiños,
arrombade as armas nun recanto calquera
e vide festexar o Nadal con gaitas e pandeiros novos.



¿Quizáis non sabedes que por estas datas
—fai caseiramente 2000 anos— naceu en Belén
o redentor do mundo: meniño rebuldeiro
con corazón de pan trigo
e ollos rebordantes de mencerres e luaradas?

Maxinade un intre o ronsel da Estrela Maior,
a lles alumar o camiño ós Reises de Oriente,
e maxinade tamén os pastores,
a camiñar cara o portal en ringuleira,
carregados de regalías e galanos.

!Ouh...! Maxinade cántos feitos belidos
aconteceron nestas datas sen mácula,
vellas pregoeiras de amor e agarrimo.

Así veredes cómo as vosas mentes lixadas
énchense ás picaroladas de ideas luminosas
e as vosas maus, recendentes a sangue e a pistolas,
trócanse de sochape nas raiolas dun mencer maiego.

!Soldados do mundo, fillos de Caín e Luzbel,
homes sen reiceiras nen sangumiños,
arrombade as armas nun recanto calquera
e vide festexar o Nadal con gaitas e pandeiros novos!

III

Aquela noite grisalla
sonaba ledó un rabel
arrolando o caravel
que frolecía entre a palla.

San Xosé dormía
deitado no chan
e a Virxe tecía
a luz da mañán.



Por un camiño longal,
baixo o brillo das estrelas,
iban zagais e doncelas
andando cara o portal.

A mula roubáballe
palla pra comer,
mentras o boi dáballe
folgos pra quecer.

Os cabaleiros de Oriente
partían ben a modiño
pra lle adorar ó meniño,
redentor de tanta xente.

Dábanlle os señores
moi ricos presentes
diante dos pastores
ledos e sonrientes.

Cantaba o gelo do abrente
todo enchido de ledicia
esparxendo a gran noticia
polo mundo penitente.
Xunto do camiño
daba gozo ver
a Xesús meniño
sorrindo a prazér.

IV

Héille cantar ó Nadal alegre e alçareiro
—mes encheito de lecer e armonía—
anque me manquen na andorga
as filloas e os chourizes recén curados
e me caian os dentes a eito
ó rillar as castañas e o turrón esgrevío.



Héille cantar porque reúne a tódolos homes
—pobres e ricos, brancos e negros—
ó redor dunha vella mesa familiar
e fáinos soñar, cos ollos ben abertos,
un mesmo soño de esperanzas frolecidas.

Héille cantar porque trae seiva de mencer
—facho divino pra erguer o ano vindeiro—
e entra polos fogares a xeito de fado,
tocando o tamboril do amor fraterno,
entre reloucos de nenos e axóuxeres,
e viño da nova colleita.

Héille cantar ó Nadal cheo de piñeiros e grinaldas,
cheo de neve, panxoliñas e crismas feitiцеiros:
 cousas sinxelas que sulagan as almas de gozo
 i espranza, bariles abalorios que anuncian a paz
 e a xusticia, sempre soñadas e presentidas.

V

No meio da Terra Chá núa e largacía,
póusase dende fai tempo un gasallo
e pra velo brilar sen refugallo
corre a xante a Begonte en romería.

Levando o corazón por regalía,
corre a xante, sen lixo nen arroallo,
pois vive das angueiras do traballo
convertidas decote en teimosía.

Os romeiros do mundo corren ledos
a postrarse arreo diante dun Belén
ergueito entre sorrisos e abelencia.

Todos deixan atrás coitas e medos
e corren a Begonte cheos de ben
a faceren examen de conciencia.





MARICA CAMPO

Nadal

(Segundo premio)

Lema: «Abalo- debalo-»

Decretaran
mil séculos de noite
no corazón do home.

Esmorecera a vida
como paxaro doente
rentes dunha invernía.

Cadaleitos con azas
ateigaban o ceo
asombrizando o sol
nun voo arrepiante.

Salgaban as ponlas
das malpocadas árbores
a pender o tempo
da xusticia, amoucado.

Medo e fame galgaban
ós cumios da existencia
e chantaban os dentes
na polpa do futuro:

Decretaran
mil séculos de noite
no corazón do home.



Camiños alongados
levaban a ningures.

Fontelas de volmeiro
engordaban a Sede,
eterna viaxeira
da linfa escouriada.

Era oficio de home
a salmodia da morte
no templo da miseria.

Acólitos das sombras
queimaban incensarios
con podre de sartegos.

Ceibaban as campás
corvos nas badaladas.

Asañadas noitébregas
bebían o óleo santo
a candeia sagrada
da esperanza do home.

¡Pero nunca morrera
a esperanza do home!

Foi luz de vagalume,
non por pequena incerta.

Alí estaba e rompía
a mourenza da noite.

E chegou paseniño
debalando na historia
como unha barca máis.



Pero ancorou no tempo
unha mensaxe nova,
unha lei de irmandade
por séculos infindos.


E desterrou as tebras
do corazón do home
e entupiu-no de lúas
e de cantigas ledas.

Foi coma un viño dóce
que escorrentara o medo,
un solimán de vida
que esconxurara a morte.

Foi auga brincadeira
de limpeza e fartura,
camiño con chegada,
campá que toca a festa.

Dixo: «SEXA O AMOR»
e foi NADAL no mundo.





M. Guerrero - 25



MARICA CAMPO

A Palavra de Deus ecoaba lizgaira

(Primeiro premio)

Lema: «Paz na terra»

1.- PALABRA E CARNE

A Palavra de Deus ecoaba lizgaira
andainas siderais como longas arclas.
O corazón do home pesaba como chumbo
rentes da terra, verme irremisiblemente.

A Palavra de Deus estalaba en estrelas,
era luz en cadoiro ou mar de claridades.
A noite inzaba moura a morada dos homes.
A noite coma un corvo sobrevoando a noite.

A Palavra era a vida en si multiplicada,
seminal fondo río, creación sen acougo.
A morte tiña o niño nas raigamas da carne,
noitarega con aas de arrepíos noxentos.

A Palavra era en Deus e era a orixe das cousas,
o comenzo de todo: falaba Deus e había.
Topaba arreo a carne radicais impotencias
xunto a un anxeio eterno a emergullar co sangue.

¡Que difícil ser Deus e te-las mans atadas
coa ligame irrompíble da liberdade humana!
¡Que difícil ser home con un soño alugado
a imposibles querencias como de Deus xurdidas!



2.- A PALABRA FAISE CARNE (Tempo histórico de Xesús)

Cando a mourenza era cadaleito de sombras
e a esperanza morría entre as poutas do medo,
casou coa noite o día, maridaxe inefable
de pó e de lume feito: Vestiuse Deus de carne.

Velaí como sofre a Palabra no mundo,
como lle tollen voos e lle botan cadea.

Velaí como agroma na mesma morte a vida
e gabea a ledicia ós cumios da tristura.

Velaí que precisa unha lingua de carne
a Palabra nacida nos arcanos do ceo.

Velaí como a historia engole a Deus no tempo
coro unha vaga inmensa á inxel buguina vouga.

3.- A PALABRA QUEDA NO HOME (Eterna posibilidade do Nadal)

E a Palabra de Deus ficou nos nosos beizos
e en eles amudece se a nosa voz lle falla.

A Palabra é a luz, que a luz sexa con nós,
que brille nas estrelas dos ollos que non menten.

Que a saúde visite ó home dende o home
que a procura con teima nun longo lusco-fusco.

Veña a paz coma un viño que vai bebendo inorde
aquel que ó darlle corpo levou os pés espidos.

Ceibe sexa a Palabra que a ignorancia engaiola,
ceibe igual que unha pomba nunha fraga senlleira.




Asopre o home un vento que arrombe todo muro
choedor da liberdade, feridor da Palabra.
Saia dos nosos dedos un loiro pan xigante
pra ver comesta a fame pola fartura boa.

Que todo estoure en vida, porvir de terra en celo.
Que erren os que agoiran un futuro de cinza.

Será o amor fervenza pra asulaga-los odios
e a Palabra de Deus ecoará lizgaira.







XOSÉ MARÍA PÉREZ PARALLÉ
Campáns de Nadal

(Segundo premio)

Lema: «Chegai mariñeiros, chegai labradores...»

Nun dos pedreiros de graus, ao pé da portalada dunha Eirexa campesiña, das moitas que na Nosa Terra hai, un mozo barudo e garridoso, di con voce forte e romanceira o chamo nadalío nunha serán de sol invernizo.

TANXEN as campáns do Ceo,
soan as campáns da Terra,
aleluías de luceiros,
brinca a Lua coas estrelas;
o Sol pintóu a Alborada
de louridas volvorelas;
polas estradas azures
camiñan nubens de festa
e nos cumios montesíos
salouca o Vento nas penas.
Nas encostas verducidas
afrolecen as carqueixas;
nas campías e nas grandas,
nos soutos, nas fragoselas,
rebulir do paxarío,
rechouchear de ferreñas;
na lonxura dos camiños
soa a gaita i-a pandeira,
i-o chascarraschás das cunchas
trán risos da mar mareira.
SOAN as campáns do Ceo,



tanxen as campáns da Terra,
de badaladas se cobren
os pobos, vilas e aldeas.
Armuñías de Aleluías
xorden das gorxas labregas;
dos labros dos marifeiros
abruñan cancións mareiras;
os arados rachadores
deixan de sucá-las leiras;
nos peiraos están as barcas
sen timóns, remos e velas:
hoxe é día festexeiro
no Ceo, na Mar, na Terra.

TANXEN as campáns do Ceo,
soan as campáns da Terra,
no pombal azuresó,
azures pombas zurean.
¡Vinde todos! ¡Vinde todos!
Deixade as casas valeiras;
abride fiestras e portas
a desfechade as cancelas;
imos todos de romaxe
camiño da cabanela
onde está sorrindo un Neno
deitado en pallas xunqueiras.
Vinde a choza dos pastores,
achegádevos a presa
a ve-lo capulo roibo
da máis belida roseira.
¡Vinde todos, vinde axiña,
cunha Lua nova alumes
de Amor e Fraternidade
nunha probe cabanela!
¡Vinde todos e veredes
a xoia máis feiticeira,
cô Verbo deixou pra nós,
nesta Noite milagreira!



SOAN as campáns do Ceo,
tanxen as campáns da Terra:
badaladas anduriñas
andan a espallar Ultreias
polas salgadas mariñas,
polas campías cheiregas;
no píncaro do Cebreiro,
nos rochedos de Fisterra;
antr-ôs sucaltos froitosos,
nas vizas bocarribeiras;
nas penedías de O Pindo,
na Fonmiñá garguleira;
nas cadoiras saloucantes,
nas buligantes fervenzas;
antr-ôs regatelos mozos
i-as doncelías fontelas.
¡Vinde, achegádevos todos,
câ Lua da Vida está acesa,
tremelicada no berce,
nun recunchío da Cela!

TANXEN as campáns do Ceo,
soan as campáns da Terra:
as paxariñas do Abrente
grinaldas de luz tecean.
¡Vinde, vinde, que Xesús,
deitado nas pallas fenas,
nos surrí cos seus ollos,
câs súas mans nos acena,
parés que quere bicarnos
e que falarnos quixera!
¡Vinde, vinde, pelengriños,
polo camiño da Estrela,
cô orvallío d-Alborada
o seu brazolo arrodea!




SOAN as campáns do Ceo,
tanxen as campáns da Terra:
un Amanecer de Aleluías,
de Panxoliñas e Ultreias,
vai emburullando aledo
os Pobos, Vilas e Aldeas,
de Amor e Fraternidade
e Paz, na Voz evanxea.

.....

.....

¡Vinde a ver da Libertade,
a Cruz de Xesús, ergueita!





FIZ VERGARA VILARIÑO
Sonetos do Nadal

(Segundo premio)

Lema: «Aleluia»

I

Está nevando amor no mundo enteiro,
(¡mais os homes apenas saben nada!).
Proclaman as campás unha alborada
a sonaren alegres no sineiro.

A terra esperta nun urro grandeiro,
e cantan os galegos entre a xeadá
a anunciar unha nova cobizada:
a nacida de Cristo xustucieiro.

¡Xesús naceu!, exclama alegremente
o coro dos meniños sobre as neves
ciscadas xunto ó camiño real.

¡Xesús naceu!, responde o eco de enfrente
xurdido dunha cume nua e sen sebes:
¡Serra aberta! ¡Agoiro de Nadal!



II

Ledo Nadal dos cómaros nevados,
vido dun país donde non remata
a ledicia continua que desata
os corazóns de noxo aferrollados.

Dende terras adentro, apaixonado,
entre fouce e gadaña, pranto e amata,
entrógoche o meu canto na túa data
ateigada de amor recén granado.

Aquel neno nacido nun pendello
atárono de pés e maus vilmente
porque trouxo nos beizos a verdade.

Cómpre seguir seus pasos —ronsel vello—
deica trocar súa voz nun facho ardente
e apropiarnos pra sempre da súa herdade.

III

En Belén, mesmo xunto ó camiño,
polo Nadal, cada ano, unha rosa
frolece boniteira e asaz vizosa
en lembranza daquel neno divino.

As xentes vanlle dar o seu aloumiño,
e vai medrando lúcida e fermosa
no corazón de todos onde airosa
esparxe a súa ledicia coma un viño.

Abrollou fai caseque dous mil anos
a se facer testigo dun suceso
grabado de cotío na memoria.

Frolece pra ventura dos humanos,
que sempre a foron ver co peito aceso
en lapadas de amor e mais de gloria.



IV

Celebro o Nadal, ben ledado e algareiro,
pois é data feliz na crua invernía,
mes encheito de gozo e de armonía,
tempo de bailar ó son do pandeiro...

Celebro, con relouco ventureiro,
o excelso paristallo de María,
o exemplo de Xosé trocado en guía,
a Noiteboa co adorno no piñeiro...

Celebro o dóce saibo do turrón,
os pastores decindo a súa ladaíña,
as folerpas a cair ingravemente...

Celebro os tres Magos en oración,
a música lanzal da panxoliña,
o amor espaxado rente a rente...

V

Xúnguense nunha aperta ceos e terra
porque naceu o meniño redentor
latexando esperanza e mais amor
pra que renaza a paz e finde a guerra.

Xúnguense ás dúas mans, de serra a serra,
os homes bos que viven sen rencor
e agardan a luzada dun albor
pra escorrentar o medo que os aterra.

Xúnguense branco e negro nun abrazo
e arromban o fusil e a metralleta
pra cantar panxoliñas ó recén.

Xúnguense a humanidade brazo a brazo
e camiñan en ringleira cara a meta
disposta xa fai séculos en Belén.



VI

No meio da Terrachá nua e largacía,
póusase dende fai tempo un gasallo
e pra velo brilar sen refugallo
corre a xente a Begonte en romería.

Levando o corazón por regalía,
corre a xente, sen lixo nen arruallo,
pois vive das angueiras do traballo
convertidas decote en teimosía.

Os romeiros do mundo corren ledos
a postrarse arreo diante dun Belén
ergueito entre sorrisos e abelencia.

Todos deixan atrás coitas e medos
e corren a Begonte cheos de ben
a faceren examen de conciencia.





XOSÉ ANTÓN LÓPEZ DOBAO

Preparando o nacemento de Cristo

(Terceiro premio)


Busquei no bosco azul da terra miña
madeira, mar e palla pró teu berce;
mar e madeira en fábulas que tiña,
o ceo feito palla, alicerce.


Busquei tamén a cova escura e fría,
o alento limpo e longo, clara lúa,
que dore as túas meixelas, regalía:
lúa e cova, do meu bico, alma túa;

e teño xa o teu leite preparado,
escondido con celo no meu canto,
embriagado e súpeto, namorado,

porque quero acollerte baixo o manto
aberto no meu ser acurrucado,
pra bebe-lo teu corpo libre e santo.







FIZ VERGARA VILARIÑO
*Ditirambo íntimo do Belén
begontino!*

(Primeiro premio)

Lema: «*Cruxol de paz*»

I

Chega o Nadal e a Chaira estrena traxe,
porque en Begonte xurde un monumento
para louvar de cote o Nacemento
e esquece-la xenreira e mailo aldraxe.

Chega o Nadal e múdase a paisaxe,
porque na Chaira hai festa sen lamento,
e Galicia relouca de contento
indo cara Begonte en gran romaxe.

Chega o Nadal, dispense o mundo enteiro
a celebra-la maior data dos anos,
entre notas de gaitas e pandeiro.

Chega o Nadal e tódolos humanos
corremos ó Begonte churrusqueiro
cos corazóns encheitos de galanos.



II

Na Chaira, xunto ó Miño saudoso,
nunha vila pequena e feiticeira,
frolece ano tras ano unha roseira
en lembranza dun feito ben grorioso.

Ten por centro ó Neno garimoso,
nacido nun pendello sen lareira,
para salva-lo mundo da laceira
e darlle outro roteiro máis fermoso.

Ten luceiros brillando de cotío,
e ríos de auga clara en verde leito
a engaiola-las olladas do xentío.

¡Quixera telo sempre no meu peito
astra que veña a morte co seu fío
a me facer na terra o cadaleito!

III

Se queres ve-lo rostro de María,
achégate a Begonte, peregrino:
alí vera-lo seu facho divino
a brillar nun presebre noite e día.

Alí verás a San José —¡bon guía!—
a labrar con paixón o duro pino,
alí verás tamén a Xesús nino
deitado no barrelo da alegría.

Alí vera-los Magos en ringleira
e os pastores dispostos ó redor
a botar garabullos na fogueira.

Alí vera-las sombras do solpor
e a luz dunha alborada relouqueira
a lle anunciar ó mundo paz e amor.



IV


Aquí louvo o tesón dos armadanzas,
cuias mans argallan cada ano o Belén
para que a Terrachá se parza ben
á Galilea enchida de esperanzas.

Aquí louvo as sinxelas inquedanzas
postas nunha obra excelsa sen máis siño
ca trague-la ronseira do Meniño
ás nosas almas orfas de arelanzas.

Aquí louvo ás xentes que na albada
se veñen a Begonte —chan labrego—
debaixo a chuvia e maila neve xeadá.

Aquí louvo a Xosé Domínguez: ¡crego
baril, alma mesta dunha alborada
rebotante de paz e de sosego...!







MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ
Rostros da mañá


(Primeiro premio)


O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.
O vento cruza as fragas asubiando cantigas
e o Ladra nos caneiros ensaia amariñolas panxoliñas.
A néboa desfiáñase e vai en procesión
por estradas e corgas deica o berce de Dios.
Milagreiras mapoulas e roibos estraloques,
arrecenden pró Rulo os aromas máis doces,
e a lúa e as estrelas que relucen na chaira,
tecen feixes de nácar, zafiros e esmeraldas.

O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.
Namentres en Begonte, como en Belén noutrora,
os fieles cren na paz e de gozo reloucan,
o mundo, adoecido por guerras e liortas,
semella un suicida cavando a propia fosa.
Que en troques de atender á divina mensaxe
que anuncia o Dios Meniño —Amor, Paz, Irmandade—
o sangue empapa a terra e a técnica confunde
os vezos animais con Bondade e Virtude.

O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.







FIZ VERGARA VILARIÑO

Cantos para celebra-lo Nadal de Begonte

(Primeiro premio)

Lema: «Setestrela»

CANTO PRIMEIRO DO NADAL BEGONTINO

¡Nadal dun ano calquera no mundo enteiro!

Nesta data feliz xúnguense o gozo e a ledicia,
os soños e todas as esperanzas,
e tódolos camiños levan a Begonte,
vila esgrevia, senlleiro pobo de Galicia
ergueito xunto ó Parga saudoso.

Talmente un facho de luz abrenticia,
na alta noite da Terra Chá
acéndese de súpeto a estrela de Belén
alumando por todel estradas e rueiros.

Entón veñen os romeiros do mundo
camiño do Centro Cultural,
branco pombal onde a roseira electrónica
se desfolla nos corazóns
en pétalos de paz e amor.

En Begonte xurde un monumento raiolante
para loubar decote o nacemento de Cristo,
feito grorioso, acontecido
hai dous mil anos en Belén de Xudá,
aldea santa, lugar profanado
á forcia de couces e aldraxes.



¡Que gozo ver ó San Xosé begontino
traballando con tesón na carpintería,
rodeado de pastores e labregos
a entoaren alegres panxoliñas!

¡Que gozo ver a María chairega
arrullando apaixonada ó meniño
xunto ó boi e á mula,
e ós Reis Magos de Oriente!

Un matina dende aquí —ás veces—
nos guerrilleiros do Líbano e do Salvador,
e en tantos irmáns faltos de pan e agarimo.

Entón sintes anceos de colle-lo Neno Deus
e agachalo no peito
para fuxir Chaira adiante coma un vagamundo.

SONETO Ó BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE

En Begonte, á beira do camiño,
polo Nadal, cada ano, unha rosa
frolece boniteira e máis fermosa
en lembranza daquil neno diviño.

As xentes vanlle da-lo seu aloumiño,
e vai medrando lúcida e fermosa
no corazón de todos onde airosa
esparxe a súa ledicia coma un viño.

Abrollou fai catorce longos anos
facéndose testigo dun suceso
grabado de cotío na memoria.

Frolece pra ventura dos humanos
que sempre a foron ver co peito aceso
en muxicas de amor e máis de gloria.



PANXOLIÑA BEGONTINA

Alta noite de Begonte.
Anda o silencio a roldar.
María lava os pañales
nun río de auga termal.

Fría noite de Begonte.
Xea na Chaira longal.
San Xosé recolle leña
para quenta-lo portal.

Moura noite de Begonte.
Síntese o lobo oubear.
Os pastores arremuíñanse
tremando a todo tremar.

Leda noite de Begonte.
Soa un pandeiro lanzal.
O belén áchase aberto,
entran xentes a mirar.

CANTO DE AMOR DESDE BEGONTE, EN NADAL

I

Chegou o Nadal a Begonte, amiga lonxana.

Na nosa casa, estamos todos reunidos
ó redor da vella mesa familiar,
e todos soñamos, cos ollos ben abertos,
un mesmo soño de esperanzas frolecidas.

Mais ti non coñéce-la nosa festa.

Afora neva a retortoiro. A Terra Chá
ten a mesma cor pura da túa alma
e, pouco a pouco, colle o xeito da túa man extendida,
apousada sobre a miña man callosa
e tremante.

Mais ti non coñéce-la nosa festa.



II

O Neno de Belén, fillo do carpinteiro,
está no Centro Cultural ledó e sorrinte.

O ano vindeiro hanse rematar os odios
e as laceiras, e as inxusticias...

Os homes xuntáronse no mencer
para cantaren un himno grorioso
ó son do vento nos piñeiros.

E entón deixarei de se-lo can vagamundo:
¡ovella moura escairiada da avenza!

ANACO FINAL DO ROMANCE DO ROMEIRO
QUE VEU DE BELÉN A BEGONTE A NOITE DE NADAL
FUXINDO DA GUERRA SANTA

.....
.....
.....
.....

Quixo Deus e o seu poder
que chegara ben cediño
a unha viliña galega
á beira do río Miño.

Deulle gracias a El Señor
por traguelo a tan bon sitio:
¡Begonte da Terra Chá,
canción de vento nos trigos!

E foi á igrexa branca
pra loubar ó San Martiño,
santo patrón do lugar
xunta Virxe do Corpiño.



Foi visita-lo belén,
electrónico sorriso,
maxinación e abelencia
dunhos seres elixidos.

Alí loubou o nacemento
sucedido hai vinte sigros
naquela cidade santa
donde hoxe viña fuxindo.

Loubou a Xosé carpinteiro
labrando no duro piño
e a Santa María Virxe
arrolando con gran mimo.

Loubou ó Neno Xesús
en donde berce durmido,
rodeado de pastores
e torrentes cristalinos.

Viu ós Reises Magos de Oriente
cabalgando paseniño
(tikitake, tikitac)
cara ó presebre divino.

Oiu soar gaitas da Terra
con fondo de villancicos
entre notas de muñeiras
e pandeiros montesíos.

E por se isto fora pouco,
convidárono os veciños
a turrón e mazapán,
filloas e máis chourizos.

Ante tanta venturanza,
ó romeiro agradecido
non lle quedou máis remedio
senón exclamar enchoído:
«Vállame a Virxe do ceo,



vállame Xesús bendito,
tiña ganas de atopar
un pobo tan avenido,
onde todo son parolas,
onde todo son sorrisos,
onde non existen liortas,
xenreiras nin homicidios.

Por iso e por outras cousas
quédome aquí mentres vivo
para facerlles compañía
a estas xentes de bon siso».

Aquí remata o romance
do romeiro peregrino
vindo de Belén á Chaira
na santa noite de Cristo.





MARICA CAMPO

Cítola rota

(Segundo premio)

*«Eu, que sou mais irmão duma árvore que de um operario,
Eu, que sinto mais a dor suposta do mar ao bater na praia
Que a dolor real das crianças en quen batem.»
Fernando Pessoa*

Podo dicir:

Oh, Neno de Belén, meu Neno loiro,
e anainarte na noite coma un soño
de pérolas lonxanas fermosísimas.
De pegureiros con pelicas brancas,
ollos de mel, fazulas de mapoulas.
Podo chamar ós paxaros que canten
doce cantar e apousen no teu berce.
Mandar deter o río, encadear ó vento,
face-la chuvia maina para que sempre durmas.
Fitarte e ficar en alta estrela
onde non chegan as voces das feridas.
E negarte setenta voces sete
entre anxos e glorias e aleluias.

Xesús de Nazaret!,
mil novecentos oitentecincos anos vestido de nós andando a historia,
home na rúa con sangue e sombra
alongando unha man cara o vaso da vida.

Non direi Neno loiro, senón home do medo,
home do pranto que afoga coma un río,
home-neno, Oh rei do desamparo.



Alí onde te vexo estás perdido
e estás só naufragando nos esquezos,
queimando alento e loita na candeia que espira.

Para ti a miña amaina sin cítola,
verquida na soedade núa
da túa miña noite.

Compañeiro da fame, adormecendo frío
nunha terra deserta de bicos e de pombas.
Só as águas da guerra, cinzas da luz que morre,
ensaian o seu voo infindamente torvo.
Ves que se quebra a vida case sen coñecela
en mundos subterráneos ós que non chega a lúa.
Afóndaste nas augas para escoita-lo salmo
do mar xa para sempre.
Estoupa a terra e pare un demo que te engule
e unha lama que afoga.
Senlleiro o corazón contempla invariable
a fuxida das cousas do amor e a esperanza.

Así estás, pequeno,
home espantando sempre noitaregas dos ollos.

Pero acordarás a túa cítola rota
para chamar aínda por aquel Neno loiro
que cantará contigo:

«Pai, estamos todos xuntos,
a casa está poboada por unha dor de séculos
e escóitense os saloucos polas vellas estancias.
Extende a túa man, oh Pai, axúdanos,
fai que cante na noite a laberca da albada.
Pai da Vida, amosa a túa grandeza,
fai florece-lo amor na nosa pobre casa.»

Eteria





MIRO VILLAR

Náufrago en Belén

(Primeiro premio)

Os nenos mortos deixam de medrar.
NAZIM HIKMET

Da solaina gavearon marmullos: ¡unha esmola!
¡por favor, unha esmola!, de axóuxere insistente
derrubado na música dunha indiferencia
desas de garavata e reloxo de chaleque.
O neno non comprende
porque ninguén o atende.

Aquela man abriu regandixas no silencio
e no meu corazón encallaron alfinetes,
que poboaron os ollos con agres hemorraxias,
e vin tra-los farranos rostro de monicreque.
O neno non comprende
porque ninguén o entende.

Sucumbín na guerrilla salgada da humidade
que me esgarabellaba os cimentos do cerebre
e enxuguei quilométricos berros e arroutadas
lendo a man que xamais enredara cun xoguete.
O neno non comprende
que sexa diferente.



Sumergullando lóstregos nas enxibas orfas
deses dentes de leite, dese leite nos dentes,
a distancia foi faísca choutando da lareira
e sendo escorrentada nas cancelas do albergue.
Os nenos mortos deixan
de medrar sempre, sempre.

Atopei na súa man enfetizada a vexame
e un doce entendemento peliscou as paredes,
adoitei na súa man un amigo e compañeiro
e non nos empapamos do pranto que enxordece.
Os nenos mortos deixan
de medrar sempre, sempre.





MIGUEL VÁZQUEZ GIL

*Desexos que no Nadal amosan
as figuras do Belén de Begonte*

(Segundo premio)

Lema: «Érguete e anda»

Para o «belén» de Begonte
van as figuras andando.
Unhas baixan dende o monte
e paran non mofo brando.
Outras pescan polo río
por ver de coller un peixe.
Algunhas, que teñen frío,
levan a leña nun feixe
e paran a alcender lume.
Aqueles baixan co gando.
Esoutras tiran estrume.
Moitas quedan parolando.
Mulleres ó tendedeiro
dunha humildosa casoupa
levan, dende o lavadeiro,
cestas de branquiña roupa.
E traballa o carpinteiro
e o panadeiro fai pan;
da co martelo o ferreiro
e o campaneiro «din, dan».
E beben viño os pastores
como compango do queixo
e baixan mozos cantores
con panxolinas nos beizos.
Van as figuriñas todas
para o seu sitio ocupar.



Despois, ó xirar das rodas,
empezarán a acenar,
pois no «belén» de Begonte,
como un trasunto da vida
de mañán, de hoxe ou de onte,
cada home o seu choio lida.
Ó chegar a hora divina
que nace o «Neno» entre a palla
todo o «belén» se ilumina,
cada quen no seu traballa
e a paisaxe, antes dormida,
chéase de acción intensa
de xente que cobra vida
e no gran misterio pensa.
E como as figuras viven
e ó «Neno» ofrecen o seu,
na noite azul se perciben
desexos que van ó ceo:

DESEXO I

San Xosé viña entallando
nunha variña de freixo
e o pe del vense pousando
maraballas sobre os seixos.
San Xosé que é carpinteiro
na vara de freixo entalla
e ó dar o corte valeiro
caéulle ó chan a navalla.
«Carballeira de San Xusto,
carballeira derramada»:
por cumprir a orde de Augusto
sen Xosé busca pousada.
(San Xosé, que é carpinteiro
e que traballa moi ben,
fixo de táboa un letreiro.
Puxo: «Begonte. Belén».)



DESEXO II

Vou ó «portal» cos pastores
que o «Neno» nacido é
pero o camino a Begonte
non o coñezo moi ben.
Cansadiño, tarde ou cedo
ate o «portal» chegarei:
«alí están os meus amores,
alí fago fincapé».
Estreliña do luceiro
a de moita craridá:
guíame, dime o camiño
que me leve hastra o «portal»,
que inda que cansado veño
hei de chegar ate alf
«e se que lle dar non teño,
pódolle, ó menos, pedir».
(E como a estreliña andaba:
polo ceo, e se parou
no «portal», ate o «Meniño»
chegou o pobre pastor.)

DESEXO III

A gaitina, desenchida
nun curruncho, domeada,
soña muñeires de vida
sinte no fol a alborada.
O gaiteiro de Sotelo
¡ben quere tocar, ben quere!
O gaiteiro está amarelo
e xa nin se pode erguere...
¡Nin siquer con chocolate
pode toca-lo gaiteiro!
O gaiteiro é un monifate
que ten o peito valeiro.



O gaiteiro ten arelas
de asoprar co seu ampeo
a música das estrelas
no pentagrama do ceo.
Pero aló, na noite pecha,
vai crescendo unha estreliña
e ó noso gaiteiro encrecha
o soar da panxolina.
Erguese o gaiteiro e colle
a gaita. Xa non ten mal.
¡Xa ningunha dor o tolle
e vai tocando ó ‘portal’!
(E pois ate xira o sol
neste «belén» milagroso
tira o gaiteiro, do fol,
un aire ledó e «marchoso».)
«Xesús Neniño, o gaiteiro
vai tocar ate o remate
da Noiteboa. E non quero
nin viño, nin chocolate».

DESEXO IV

Xa estamos aquí, «Nenino»;
pastores e da cidá.
Dixeron os anxos: «Ide».
E nós botamos a andar.
A che facer festa vimos
nesta noite de Nadal.
«Para cantar veño eu;
Para bailar meu irmán».
Todos son cantares novos.
Os vellos ¿onde estarán?
Pero, en tocalo pandeiro.
¡viva quen o ten na man!
Botou un sorriso o «Neno»
e lles dixo —sen falar—:



«Si é de coiro de cacique
o pandeiro ha de aguantar».
(E xa que as cousas se moven
neste «belén» e «portal»
tivo toda a xente xoven
festa e «movida» total.)

DESEXO V

«Munxo e munxo a míña vaca
e vai reborda-la ola.»
«Eu tiro froitas e froitas
todas dunha mesma pola».
«Pois lle vou leva-lo leite
da miña vaca marela
e hei de ensoniñar fortunas
como o conto da leiteira».
«Neses castelos que soñas,
miña mociña, é preciso
que soñes a vida enteira»,
dixo o «Neno», cun sorriso.
«Eu o corazón lle daba
se o «Meniño» mo quixera,
mais voulle ofrecer pexegos,
mazás, castañas e peras».
O «Neno» puxo as manciñas:
«¿E cantas vasme deixar?»
«Para Ti, meu queridiño,
non mas mandaron contar».

DESEXO VI

«Túa Nai, Túa Naiciña!
Como a Túa Nai, ningunha».
Hoxe nas pallas, ledicia.
E mañá na cruz, tristuras.



Do berce a cruz, ¡canta mágoa!
«María quentalle a cara
coa calorciña da súa».
(E enriba do berce un anxo
—mellor dito do pesebre—,
baila, coas azas, un aire
morniño, tépedo, (¿enxebre?))

O MILAGRE

Facíanse os visitantes
lenguas de goio en Begonte
o mirar en movemento
todo aquel mundo de amores.
E ninguém soubo o miragre.
que se produciu na noite
de Nadal: ¡Que todo andaba
se funcionar os motores!





XOSÉ CARLOS GÓMEZ ALFARO

Epifanías

(Segundo premio)

Lema: «Libertas»

1. CANTADE

Cantade,
favelas;
sorride,
cadeas;
morrede
miserias
e dores
e guerras,
que o cáliz
da estrela,
o Neno
da Nena,
florece
nas veas
e cravos
da Terra.

Cantade
de veras,
eixadas,
cadeas,
martelos,



favelas
e sudras,
que é festa
nos ceos
da Terra.
¡Cantade!

2. ERA

Era pan e máis pomba,
era áncora e dorna,

alborada de amor
e cordeiro e timón.

Era vento e máis broa,
era lar e lagoa

de mil seos de sol,
de mil peixes de amor.

Era áncora e dorna,
era pan e máis pomba;

liberdade é máis cruz
era o Neno Xesús.

3. GASPAS, MELCHOR, BALTASAR

Gaspar, Melchor, Baltasar,
¿que vistes naquel Portal?
—Vimos á Lúa e ó Sol
parindo millos de amor.

Gaspar, Melchor, Baltasar,
¿que había naquel adral?
—Había formas de gracias
e mil Ladras de esperanza.



Gaspar, Melchor, Baltasar,
labregos da Terra Cha,
¿que lle levastes ó Neno
na ermida do voso peito?

—Levámoslle catro bágoas,
tres lúas e toda a saiva
que recollemos nos leiros
fouce a fouce, berro a berro.

Gaspar, Melchor, Baltasar,
ilotas da Terra Cha,
non temades ás tenaces
nin ós alacráns temades,

que ese Deus está convosco
e con aqueloutros povos
que teñen fe nun mañá
de xusticia e máis de paz.

5. EPIFANIA


Durme, noso Neno, durme,
durme no colo de vida
que che está a tecer Begonte,
e mañá ó raia-lo día


xa apagarás eses lumes,
eses tronos e esas iras
que acesos temo-los homes
nesta cloaca de víboras.

Durme, Xesusiño, durme,
que mañá serás mesías,
asilo, verdade e norte.

Durme, noso Neno, durme,
durme no templo de vivas
que che levantou Begonte.







FIZ VERGARA VILARIÑO

Cantigas ó Nadal en dous tempos

(Primeiro premio)

Lema: «Cara e cruz»

TEMPO PRIMEIRO: CANTIGAS DE NADAL BEGONTINO

I

Romeiro peregrinante,
fillo pobre da lonxanza,
¡es esgrevio caminante
e percúra-la esperanza!

Trípa-las chairas maniñas
e os carreiros lamacentos
levando verbas noviñas
na flor dos labios sedentos.

Trípa-lo camiño estreito
polo horizonte infinito,
sufrindo laceiras a oito
pra chegares ó teu fito.

Mais cando sénte-lo vento
nordesío de Galicia,
déteste sen miramento,
todo encheito de ledicia.



¡Pois nesta Terra galega,
mesmo ás orelas do Miño,
nunha villifa chairega,
tamén nace Xesusiño...!

II

¡Romeiro de chaira e monte,
canso de peregrinar,
ó chegares a Begonte
a esperanza has atopar!

Érguese alí un monumento
nun branco casal de ben
pra louva-lo nacemento
acontecido en Belén.

Ten a Xosé carpinteiro
e a Virxe Santa María,
ten é nano rebuldeiro
no barrelo da alegría.

Ten pastores en ringleiras
xunto dos Magos de Oriente,
ten luceiros, ten fogueiras,
ten solpores, ten abreinte...

Ten regueiros cristaíños,
lóstregos e tronos ten,
ten ronseles, ten camiños
arrodeando ó recén.

¡Bon romeiro e peregrino,
ti no peito has de levar
tal monumento divino
polos carreiros do azar!



III

¡Noso Belén de Begonte,
electrónico sorriso,
facho de luz, horizonte
onde todo fica enviso!

Fica enviso a contemplar
tanta beleza xunguida:
¡Regalía pró mirar
por leves fíos movida!

Movida por fíos leves
de vontade e abelencia,
trócase en ríos e neves
a rexa panca da ciencia.

A panca rexa da ciencia
e mailo humano tesón:
¡Amor e mais transparencia
nunha chama de paixón!

¡Noso Belén begontino,
Belén noso de Begonte!:
¡Sol dun amencer divino,
auga clara en limpa fonte!

IV

¡Barrelo de Xesusiño,
Begonte da Terra Chá!
¡Aí quen fora begontino
agora por Navidá...!

Agora por Navidá
e tamén polo ano enteiro
pra vivi-lo Mais Alá
dun misterio duradeiro.



Duradeiro e semprevivo
no corazón nobre e forte:
¡Cruxol de paz cun olivo
de victoria sobre a morte!

Sobre a morte terreal
(nunca derradeira viaxe).
¡Quen vive unha fe lanzal
xamais prepara o equipaxe!

¡Barrelo do Redentor,
Begonte da Terra Chá!
¡Cantiga dun reiseñor
oculto no Mais Alá!

V

En Begonte hai grande festa:
mil gaitas e mil pandeiros
estánlle facendo orquesta
ós cantares dos romeiros.

María rí satisfeita
e San Xosé tiza ó lume
mentres o meniño espreita
aquela lonxana cume.

Aquela cume senileira,
cuberta de polvoriña,
onde vén xente romeira
cantando unha panxoliña.

Panxoliña de ledicia
deste terra ventureira:
¡facho de luz abrenticia
alumando a noite enteira!



A Begonte este ano iremos
pra visita-lo Belén;
de Begonte voltaremos
encheitos de paz a ben.

TEMPO SEGUNDO: CANTIGAS A UN NADAL CALQUERA

I

Aquela noite grisella
sonaba ledó un rabel
arrolando o caravel
florecedo sobre a palla.

¡San Xosé durmía
deitado no chan
e a Virxe tecía
a luz da mañán!

Por un camiño longal,
baixo o brillo das estrelas,
ían zagais e doncelas
andando cara o portal.

¡A mula roubáballe
palla pra comer,
mentres o boi dáballe
folgos pra quecer!

Os cabaleiros de Oriente
partían ben a modiño
pra lle adorar ó meniño,
redentor de tanta xento.

¡Dábanlle os señores
moi ricos presentes
diante dos pastores
ledos e sonrientes!



Cantaba o galo do abrente
todo enchido de ledicia
espallando a gran noticia
polo mundo penitente

¡Xunto do camiño
daba xenio ver
a Xesús meniño
sorrindo a pracer!

II

O vento pasa calado
sobre as paisaxes espidas.
Xesusiño está deitado
sofiando cousas belidas.

Soña cun mundo fermoso
sen liarazas nin trapelas
onde o reiseñor ditoso
cante cántigas sinxelas.

Soña que a felicidade
enche a terra rente a rente
aloxando a señoardade
do peito de moita xente.

Soña moitas outras cousas
mentres os homes á par
pretenden poñerlle lousas
á inmensidade do mar.

¡O vento xa se alritou
sobre a paisaxe exangüe
e Xesusiño espertou
chorando bágoas de sangue!



III

Como foi sempre un escravo
e está ben afeito á dor,
o boi deulle a Deus calor
sen lle cobrar un ichavo.

En cambio a mula lixeira
arrouboulle a palla triga
pra farta-la súa barriga,
ata entón sempre baleira.

¡Bendigo ó boi proletario,
sempre xunguido e sumiso,
traballando a reo envíso
sen gañar ningún salario!

¡Maldigo á mula lixeira,
tan xouvela e fachendosa,
que saúda sempre airoso
erguéndose da traseira!

V

Foi tan humilde María,
foi tan humilde Xosé,
que nos deron a alegría
entre humildade e mais fe.

Foi tan humilde o meniño
(nacido pró noso ben),
que nos fixo un bon camiño
entre humildade tamén.

Foi tan humilde o pastor
encamiñado a Belén
aquela noite de amor
pra lle adorar ó recén...



¡Ergamos, pois, a humildade
e ergámo-la nosa fe,
cal fixeron de verdade
Xesús, María e Xosé!

VI

Xesusiño de Belén,
noso Rei, noso Señor,
contesta Ti, por favor,
estas preguntas do aquén:

¿Por que quixeches nacer
nun berce tan humildoso
sendo decote rei noso,
guieiro dun amencer...?

¿Por que quixeches sufrir
nesa gran cruz de madeira,
cravado de beira a beira,
sen a penas sucumbir...?

¿Por que non voltas agora
a expulsares da túa casa
a quen teimudo se pasa
zoupándonos a cadora...?

¿Por que non mandas coutar
tanta guerra, tanto sangue,
se ós humildes nos abrangue
o desexo de soñar...?

¿Por que nos mandas xunguir
branco e negro és mesmas mans,
pra que se sintan irmáns
donos dun mesmo porvir?

Xesusiño redentor,
fillo de pai carpinteiro,
baixa xa dese madeiro,
ampáranos, ¡por favor!





MANUEL XOSÉ NEIRA LÓPEZ

Patria do Nadal

(Primeiro premio)

Porque és, Nadal, como a patria vexetal e fermosísima
da miña infancia xeadá, nunha aldea perdida.
Así vés caminando con pés frios
para instaurar o teu reino de pureza, de misterio
nas lamas dos meus eidos varados nunha bagoa antiga.
Traes os espellos da ternura íntima, a memoria da dozura,
cando as gallas do loureiro benzoaban a mañá nas mans do avó,
perfumaban os camiños co seu hálito.

Ven, Nadal, coa alma que eu tiña daquela
cando o mundo era inmenso de bosques, de ríos procelosos
e o podía persuír só coa vontade,
coa querencia de fe, co lume da ilusión.
¡Que luzada traías, fronte a fronte,
para as miñas pupilas alampadas,
que horizontes dilatados para as mans lamacentas
sabidoras do valeiro!

Os meus eidos son hoxe ruas de cidade insomne
que levo polas veas,
xa non ofrecen aquel asombro tremendo,
aquela néboa mística nas febras da alma.
Ouh, Nadal, achégate co titilar da música,
ofrécame a distancia na neve,
o leve cántico de paxaro
alucinado nos sabugos da alba.



Achegate a min Nadal, porque tes a ternura dunha noiva,
a ollada limpísima dunha fonte segura,
a entidade dunha casa solitaria e comunal,
unha certeza de muralla na néboa.
Abreme, Nadal, a porta do camiño eterno das vidas sucesivas,
ofreceme a música vibrante do amor que fai vivir,
que nos alonxa para sempre dos laberintos da nada.

Claribel





XOSÉ CARLOS GÓMEZ ALFARO
*Cantiga para rouba-lo corazón
do neno de Begonte*
(Terceiro premio)

Lema: «Hosanna» 1988-1999

En Begonte, meu Neno Deus,
alá en Begonte,
lonxe das grávidas gangrenas,
lonxe das tiranías e das cruces,
moi lonxe de monzóns e favelas
tan só encadeados á morte,
non, non quero,
non quero que te quedas sempre.

Quérote noutros ventos,
noutros portais talados
polas flamas da fame,
noutras xeografías mouras
onde o lume as ás todas
abrsa, noutros peitos
sen faro e sen espigo
que xiran na espiral das tebras.

Quérote feito apertas
e soles
e camiños
e alboradas sen guerras
e xunglas de xustiza e lúa
aló onde o tam-tam vai
sementando un rosario
de securas e cálices.



En Begonte, meu Neno Deus,
naquel berce de hosannas,
naquela celestial celiña
onde cada Nadal renaces
entre mil panxoliñas
de fe e liberdade,
non quero, meu Amado,
non quero que te quedas sempre.

Heite levar comigo,
heite levar por selvas,
sabanas e desertos,
por tódolos avernos eses
onde as ánimas penan
e finan de xeonllos,
porque en Begonte non tes xa
a quen curarlle máis feridas.
Heite levar para sempre.





XOSÉ CARLOS GÓMEZ ALFARO

Panxoliña eterna

(Terceiro premio)

Lema: «Nau»

Entra, entra, Neno-Deus, un ano máis
no transepto sombrío deste peito
mordido polas víboras da vida,
anegado de néboas e bostas.

Penetra co teu sol estas soidades
onde endexamais medran alboradas
nin arden nunca, nunca, eses loureiros
da vitoria final e da paz plena.

Inunda, Neno-Deus, de pombas brancas
a miña indigna nau naufragante
e lévame ós levantes do teu trono
nun periplo perenne e seráfico.

Invade, si, meu pavo real lúcido,
meu cósmico cordeiro desherdado,
meu talismán serodio, meu solsticio,
invade as invernías que me roen,

o cancro capital que me abanea,
os bacelos e as orfas avenidas,
os xelos vitalicios que devoran
o último remol divo que me resta.



Entra, entra co teu sachó de contado
no feudo do vasalo máis felón
e replanta no val onde te agarda
videiras de humildade e mais de lúas.

Ocupa este terruño terco e infértil,
destece as gadoupadas do teu sino,
corroe a súa cinsa inseparable,
palea eternamente os seus poñentes.

Abrasa o desamor que nos afasta,
liba o zume sen fin da escravitude
e sementa nos sucos todos, todos,
regos de redención e de balanzas.

¡Mira que nos quedamos sen búsola,
sen báculo, sen áncora, sen lar!
¡Mira que nos están amortecendo
ata a cruz cristalina da esperanza!

Entra, entra, meu Amado, este Nadal
no transepto sombrío desta ermida
e inflámame coas chamas dos teus predios
que me atorou o mundo no camiño.





XOSÉ CARLOS GÓMEZ ALFARO

Triloxía do Nadal

(Primeiro premio)

Lema: «Advento»

I. ADVENTO

Cando as mestas noitebras diluían
os horizontes todos da esperanza,
chegaches Ti, ebanista da bonanza,
e apagáronse os deuses que mentían.

Ti non era-lo rei que eles querían,
nin a ansiada bandeira nin a lanza
que lles restituíse axiña a herdanza
da matria asoballada na que ardían.

Eras un neno pobre que naceras
dun tal Xosé e dunha tal María
na aldea de Belén, en Palestina;

E moi poucos souberon que viñeras
como o Fillo de Deus que vencería
a morte, a escravitude e a rutina.



II. O BERCE FOI DE PALLA E DE INVERNÍA

O berce foi de palla e de invernía:
unha mula e un boi, catro pastores,
os Reis Magos de Oriente con louvores
e unha cálida Virxe que sorría.

E daquel berce humilde saíra
esa pomba da paz e dos amores
que curaría as chagas e os tumores
dun mundo fondeado na agonía.

O berce foi de palla e de invernía,
e de persecución, e de contento,
e dunha cruz que pronto chegaría.

E daquel nobre berce a barlovento
agromarían trigos, brotaría
o camiño, a verdade e mailo alento.

III. ¡QUE TE ARROLE BEGONTE, QUE TE ARROLE!

Que te arrole Begonte co seu canto
saturado de hosanas e de honores
nese trono de fe e mais de amores
creado por un crego humilde e santo.

Que a Terra Cha se apee dese pranto
que prosegue toldando os seus albores
e che ofrezas as cadeas e as suores
que leva espaxadas no seu manto.

Que te abale Begonte, meu Amado,
e que o Parga e o Ladra eternamente
beban do manantial do teu encoro.

¡Que te arrole Begonte, malpocado,
con lúas, con pregarias, docemente,
nese belén anxélico e canoro!





HELENA VILLAR JANEIRO

Belén

(Segundo premio)

Lema: «Meixide»

Co nariz no cristal contra a memoria
vexo o Belén.

¡Benditos mofos de cavorcos verdes
arrancados ó tempo
no lírico ribadado dos meus sofos!

Están a ponte e o portal e Herodes,
a lavandeira e o pastor cos anxos...
Todo o meu mundo ulindo a infancia alegre
por entre perfumadas mandarinas,
caixas de escumillón e voces brancas.

Un anxo sabe a rafa de pantrigo
e un ¿onde estás? resoa como un órgano
de voz materna que renace en ecos.

Baixo da ponte, o río prateado
—roubado ó chocolate na alacena—
describe filigranas xeográficas
de nacións inventadas e imposibles.

Os camelos remoen no silencio
vidos de lonxe co seu paso lene,
lentísimo na area simulada
e chaman os seus paxes con trompeta
convocando á ilusión das noites únicas.



E unha man invisible
penetrando fariña nos meus soños
cubre de neve o trazo sinuoso
das montañas perdidas
por onde escapa o frío
do cristal que se pon contra a memoria.





MARICA CAMPO

*Salmos-Arolo para o neno
de Belén, en Begonte*

(Segundo premio)

- 1.- Salmo da Auga
- 2.- Salmo do Lume
- 3.- Salmo da Terra
- 4.- Salmo do Aire

SALMO DA AUGA

Ouh, que enchan as augas na fervenza do salmo,
teñan forza de océano, fondo berro de río,
raio puro de neve, porque é a Deus a quen falo.

Ai, que canten as augas amenceres de orvallo,
augas mansas, ovellas pacendo claridades,
fontes de alba e cantiga, que é un neno a quen anaino.

Anaina, meu neniño,
marifieiro afogado:
todo é mar polas veas,
todo é auga no abraio.

Anaina, pobre home,
asulagado en pranto
e en chuvia desmedida,
entre limo e desazo.

Anaina, neno-Deus,
camiñante buscando
a frescura da fonte
pola fírgoa dos labios.



Anaina, río Miño,
río Parga nun canto
co Ameneiro e o Ladra
e co Porto Lousado.

SALMO DO LUME

Ouh, que ardan as silvas dende o misterio ó soño
sen consumirse nunca. Que todo sexa chama
encendendo o meu salmo, que é un Deus a quen adoro.

Ai, que teña a palabra toda a calor do corpo
e a tepidez da vida e o latexo do sangue
mornamente fluindo, que é un neno a quen arrolo.

Arroró, rapaciño
axeado no Polo
da frialdade nosa
que te ignora nos outros.

Arroró, triste neno
que a metralla do odio
queima en tódalas guerras
que sacoden o globo.

Arroró dos queimados
pola vida no esforzo.
Arroró dos que gardan
a brasa dun remorso.

Arroró de Begonte,
Belén dos xenerosos,
incendio ou labarada
de paz para os encontros.



SALMO DA TERRA

Ouh, que xurda da terra o louvor como as plantas,
sexa árbore forte dunha semente antiga,
sexa carballo mítico, que é para un Deus vincalla.

Ai, que sexa herba lene, madresilva ou bisnaga,
chuchamel a cantiga, herbaluisa ou romeo,
tomentelo ou mapoula, que é para un neno a anaina.

Anaina, caravel
na terra magoada
pola cobiza longa
que envelena a esperanza.

Anaina, neno-Deus,
mineiro entre a poalla,
o paro e o perigo,
bebendo sombra amarga.

Anaina, pequenino,
no labrego que ara
e sementa e recolle
encadeado á herdanza.

Anaina, meu ruliño,
que en Begonte tes casa
entre as xentes de ben
e entre os mofos da chaira.



SALMO DO AIRE

Ouh, que o aire na noite deixe un seu asubío,
móvase e sexa vento, toque harpa xigante
que é para o Deus que nace a música e o grito.

Ai, que o vento enmudeza, que pase manseliño,
bolboreta lixeira, dondo luír de rosas,
onda esvarando leve, que é para o Neno un bico.

Un bico, meu rorró
que pregas aire limpo,
pobre home a respirar
a porcalla e o lixo.

Un bico a quen o vento
da droga ten tendido
e busca e non encontra
o vello paraíso.

Un bico para a fronte
de tódolos vencidos
pola distancia longa,
coma un túnel sombrío.

Un bico no Belén
de Begonte ós amigos
para encher de aire o peito
e face-lo camiño.





MARÍA GÓMEZ

Paisaxe e alma de Nadal

(Primeiro premio)

Atravesando un tempo de adventos portentosos
dentro da alma máis que dos ollos,
pero máis corporal que un paxaro entre as mans.

(Estáo a dicir un Neno,
a alborada dun Neno, cos seus brazos
que sulcan como ás
nun voo superior que habita ó mundo).

Atravesando o tempo, escrito está
nas veas mesmas do aire
e no tremor azulísimo
duns peitos inmensos de muller de Xudea.
Escrita está no silencio
esta noite balsámica,
meridiana e aberta,
onde se rompe o tempo
que celebran as pombas
na paz serena da noticia
de que Deus se vén ata esta vida
tremenda de vivir.

Escrito está no aire
o día da Noite que desposa
nimbos e ritos, onde só El sabe
da luz que nos sementa e nos fecunda.



Escrito nesta hora xamais interrompida,
porque nunca tan forte de futuro
medra a árbore
e a sombra de home que exercemos:
Porque a toda esperanza chega un Neno
desde as pombas de tódalas promesas.

Contra o ermo do pranto é Nadal.
Noiteboa no home é o Amor
e o perfume do inverno nunha hora da alma:
O Amor, totalmente,
caminando os pes das humildades,
abrindo as portas do misterio.
O Amor, sinxelamente,
sen acenos de elite, sen pompa.

Tregua de Deus para prestarlle asilo
á torpeza gris da nosa neve.
Este frío asediado pola luz dunha estrela
que borra ese naufraxio en que habitamos,
que inunda o corazón, e que non durme
por chegar sempre a tempo para todos.





VÍCTOR CAMPIO

Nadaliña (no Belén de Begonte)

(Segundo premio)

I

O vento da nordesía
espeta na carne agullas.
O ceo chora bagullas
de neve, na noite fría.
¡Noite de Santa María
en Begonte, con amor!
¡Noitiña nunca mellor
dun Rei nado sen coroa!
¡Noitiña da Noiteboa!
¡Noite do Noso Señor!

II

No Portal hai unha Estrela
e polas sendas do monte
xentes de todo Begonte
chegan aquí para vela.
Mulleres de Lousadela,
homes de Uriz e Carral,
de Gaibor, de Valdomar,
de Donalbai e Damil,
de Pacios e de Felmil,
cantan ó pé do Portal.



III

Onde berce de feno
tén quentura mol de colo
e o vento fixose arrollo
para arrolar ó Deus-Neno.
¡Deus tan alto e tan pequeno!
¡Dá ledicia e dá tristura!
¡Ouh divina arquitectura
deste belén, onde está
unha virxe temperá
recriando a Criatura!

IV - FALA A VIRXE

Terei de lle dar arrollo
neste covallo de palla.
Xosé, queridiño, espalla
ben a palla no brecolo.
¡Que o brecolo sexa colo
de palla e non de madeira!
¡A palla a pantrigo cheira
e a madeira cheira a cruz!
¡Non quero pra o meu Xesús
tan cedo a cruz verdadeira!

V - FALA SAN XOSÉ

Eu na madeira traballo
con amor de carpinteiro.
Fago serrín do piñeiro
e virutas do carballo.
Pero xa ves como espallo
sobor do brecolo o feno.
Tampouco eu quero pra o Neno
tan cedo o cheiro da cruz.
¡Non quero pra o meu Xesús
a cruz desde tan pequeno!



VI - OFRENDA DOS PASTORES

Nós traémosche pra Ti,
Deus-Neno, o amor de Begonte.
(Un anxo díxonos onte
que Ti naceras aquí).
Eu traio a flor do alhelí.
Eu, queixo e pan no zurrón.
Eu, as ramas do algodón
albeiras e garimosas.
Eu, este feixe de rosas
que che sirvan de xargón.


VII - CHEGAN OS REIS

Media noite. Na coviña
deste belén cheira a incenso.
O silencio faise tenso
con laude de ladaíña.
Por enriba unha estrellita
parece e desaparece.
Está nevando. Aterece
de frío o mundo. Os monarcas
baleiran as súas arcas.
Deus é louvado. ¡Amañece!

VIII - OFRENDA DO POETA

Señor: poeta nacín
como puiden nacer rei.
Veño de lonxe e non sei
facer ofrenda de min.
Traio no peito un xardín
de caraveles. Tamén
deito aquí neste belén
a ofrenda do meu amor:
¡Acada con ben, Señor,
estes meus versos. ¡Amén!







MARINA CILLERO RODRÍGUEZ

Soneto (ó Belén de Begonte)

(Accésit)


O peito meu encheuse de ternura,
de desexos de paz e de cariño,
cando ollei aquel berce dun neniño
que nos fala de amor e de dulzura.

El naceu entre pallas, e está ledo
que non é sempre o que máis ten máis rico,
ten máis aquel a quen lle dan un bico
e xamais de estar soio sinte medo.

Esto sintiu a alma deste pobo
doce, feliz, sinxelo, agarimoso,
que bebeu tanto amor daquela fonte,

que dese amor xurdiu un sentir novo
e acadoulle este homaxe tan fermoso
ofrecéndolle un trono, aquí, en Begonte.







MARICA CAMPO

*A noite e a estrela (Reflexións
e pregarías de Nadal)*

(Primeiro premio)

Lema: «Orballo nos acibros»

QUEN ESTO ESCRIBE PIDE UN CORAZÓN NOVO

Para falar contigo, meu Neniño,
dame a voz da fontela, branca e pura,
e un corazón sinxelo no camiño
de Belén, que é dos pobres a ventura.

Para falar contigo dáme a estrela
da Esperanza a brillar dentro do peito,
que eu levo a miña noite na fardela
para que a túa luz ma encha a feito.

Para falar contigo dos asuntos
deste mundo que agarda un tempo novo
no que o león e o año pazan xuntos,

en tanto que o home segue sendo un lobo
para o home, e o oficio de defuntos
afoga o meu cantar cando te trobo.

«MUNDA COR MEUM», E ENCHE A MIÑA BOCA
COA PALABRA DO AMOR QUE Ó AMOR INVOCA.



VEN, SEÑOR

Estamos sós e é noite, doce Amigo,
e a penedos de xelo aferrollados,
anda o medo bruando nos tellados
e anda a morte petando no poxigo.

Choramos sen cesar, sen apouvigo,
sentímonos na vida desherdados,
sen cariño, sen lar e sen coidados,
sen xustiza, sen pan e sen abrigo.

Ven, dinos outra vez que temos casa
e que Deus é un pai moi garimoso,
arromba o noso medo, encende a brasa

que esmorece na foz do peito noso.
Dinos que todo o deste mundo pasa
e fica só o feito xeneroso.

BELÉN

Se pasas ó meu lado e non te vexo
ten piedade de min, porque ceguei
e esquecín cal é a túa única lei
e confundín o ouro co reflexo.

Porque hai tempo andaba ó teu axexo
agardando polo corcel dun rei
e nunca nun cabalo te albisquei:
camiñabas a pé con paso rexo

ou cun andar moi feble polas rúas,
sen leares unha estrela na fronte
nin a chave das noces na alxibeira.

Belén está onde hai persoas núas,
no espacio que abrangue o horizonte
ou da propia morada na soleira.



CORTA, XESÚS, AS MAPOULAS VERMELIAS

Chegaron anxos e deron a nova
cando xa a noite estaba demediada,
que o Rei da Paz, durmindo nunha cova,
cinguía do amor a única espada.

Pero a fera no corazón se entoba
de toda a humanidade desvairada
e a guerra roe pola historia, loba
con furia de fatal fame atrasada.

Corta, Xesús, as mapoulas vermellas
que na terra se verten cada día,
coa túa espada de amor, e sexan rellas

as mans de cada home na porfía
de labrar a paz e enterrar as vellas
xenreiras deste mundo que agonía.

NON NOS DEIXES SER RICOS

Deitado nunhas pallas, meu Neniño,
da pobreza e a fame compañeiro,
arrenegas do ouro e do dineiro
porque fan este mundo máis mesquiño.

Que a ambición non nos colla en remuíño
e nos leve con ela ó seu lindeiro
onde reina a tristura e o baleiro,
porque alí o teu sol é velaíño.

Multiplica os pans e mais os peixes
dende as mans das persoas laboriosas
e que o ben lles florezza como as rosas.

Non digamos xamais «as cousas nosas»
mentres no mundo os pobres son a feixes:
non nos deixes ser ricos, non nos deixes.



FILLO DA TERRA

Foinos dada unha Terra ben vizosa,
estralante de forza e de beleza,
máis cravamos na pel da natureza
arreo a nosa pouta pezoñosa.

Xeme agora ferida e aínda amosa
un aquel de frescura e afouteza,
un pulo cara á vida, unha grandeza
frente ó escuro inimigo que a acosa.

Ouh, Neno de Belén, Fillo da Terra
e Irmán dos Homes que esta Terra cría,
detén a nosa man cando é que erra

e antepón a riqueza fuxidía
á saúde dun mundo que non berra,
pero sofre unha morte cada día.

NON PERMITAS QUE VOLVA DE BALEIRO

Busca traballo un home sen vagar
e cando chega a noite ten na meda
cal colleita madura todo o ar,
toda a rabia do mundo por moeda.

E matina que o seu valor é par
do que lle dá o mercado na almoeda
e daquela o vivir faise rodar
porque toda a esperanza estalle en veda.

Ouh, Fillo de Xosé o Carpinteiro,
o de berce cativo e proletario,
non permitas que volva de baleiro,

fai Ti que xurda un tempo solidario
para que cada home sexa herdeiro
do traballo das mans e dun salario.



OS QUE ERRARON O CAMIÑO

Puxeron toda a forza e a ansiedade
na procura do camiño da dita
e caeron na poza onde habita
un monstro que os azouta sen piedade.

Roemos coma serpe a liberdade
que deveu para sempre xa maldita,
a súa xuventude foi proscrita
e só a noite lles queda por herdade...

...e Ti, Xesús, nacendo nos que axudan
a que a alba renaza clarexada,
alumnando o camiño do regreso,

alentando a aqueles que se mudan
para unha nova vida esperanzada,
pero aínda non poden co seu peso.

EN GALEGO

Na nosa fala que moitos rexeitan
busco as palabras que son máis queridas,
para apousar coma pombas belidas
neses teus ollos que mil meles deitan.

E vexo ben canto te deleitan
cando eu as acho, ás veces perdidas,
polo desprezo e o tempo feridas,
que para Ti novamente se enfeitan.

Se Ti naceras galego, Rapaz,
teño seguro como falarías,
que en voz allea non foras capaz

de dirixirte á Virxe María.
Fala connosco, que o noso solaz
polos teus verbos de amor chegaría.



QUEN ESTO ESCRIBE
NON SE ATREVE A ANAINAR Ó NENO

¿Como che hei eu cantar se te abanea
nos seus brazos a Virxe gloriosa,
a da voz tan belida que florea,
a da voz máis suave e harmoniosa?

¿Como che hei dici: «ouh, ea, ea»,
irrompendo na fonte melodiosa
da túa nai, a quen Deus chamou graciosa
pola boca dun anxo en Galilea?

Durme, Neno Xesús, que xa che é hora;
durme, Neno Xesús, que eu non te arrolo
porque te ten a túa nai no colo.

Mais perdoa se nun anxeio tolo
a voz se me tornase soñadora
e xunguise o cantar ó da Señora.

QUE NON LEVEN O TREN

Arrorró, meu Neniño de Belén,
arrorró, meu Neniño de Begonte,
e que che chegue o chucuchú do tren
mesturado coa cantiga da fonte.

Tenche un vaivén o tren, ten tal vaivén
para arrolar ós nenos que, consonte
vai camiñando pola via, vén
Pedro Chosco baixando pola fronte.

Ó Belén de Begonte presuroso,
arrorró, fofofó, pi, chucuchús,
arrorró, fofofó, durme, Xesús.

Arrorró, fofofó, pi, chucuchús,
que non leven o tren, que o tren é noso,
para ir ver ó Neniño máis fermoso.



PRECISAMOS A VOZ DOS BELENISTAS
QUE XA ESTÁN NA OUTRA BANDA
PARA O CONCERTO DO NADAL


Con Francisco de Asís ides á liza
da ternura por altos corredores,
artellando mil xogos de cores
para enfeitar as casas de cortiza.

E abaixo o voso nome aromatiza
o Belén de Begonte coma flores
orballadas de alba, poboadores
xa do reino da Paz e da Xustiza.

Cantaredes connosco porque é a hora
de entoar o concerto da alegría
e a nosa voz é feble e cadora.

Esquecemos a música que guía
esta onda harmónica e sonora
á perfección total da melodía.








BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Neva

(Segundo premio)

Neva e neva floriñas brancas
caen trapiños de neve.
Mainamente apousan cal follas nos campos,
e a súa máxica cor que todo vai trocando
en tonos máis claros, brillantes e albos.
Eu non estou afeito, necesito mudar
e saír deste pan de centeo
que quero atopar esas sabas suaves
que na noite se agochan caladas
e algodónan os teitos das casas,
os balos, os prados.
E coa neve facer labradíos, bonecos,
pastores, fogares, as pontes, camiños,
na lagoa os parrulos, a prata no río,
...quediñamente, ata que canso
de xogar e gozar entre o xelo,
unha a unha leva-las figuras
pra poñer no Belén de Begonte,
e bota-lo pan trigo en farina miúda,
como adrezo, en tellados e montes.
Neva e neva, que eu quero que neve
e que cubra todo, cal leite xeadó,
...que gusto de ve-las folerpas lenemente apaisadas
callando e facendo mil formas,
unhas novas paisaxes ¡Nesta Terra, non noutras!
con brancura que os meus ollos cegue,
caen pouco a pouco trapiños de neve.







MARÍA GORETTI FARIÑA CAAMAÑO

Meniño de máis luz

(Primeiro premio)

Meniño de máis luz feita moreza,
milagre que alumou a noite escura,
que ese berce onda nós faga que queza

o mundo baixo a túa fermosura;
e que ese pranto teu, que ese sorriso
no que antigas feridas topan cura

sexa a porta do día, que é preciso
espertar cara ó norte doutra xeira,
doutra estrela de soños onde iso

de andar tras dunha luz chegue á túa beira,
a ese portal, meniño, que buscamos
bébedos de non ser na noite enteira,

tronzados polas tebras onde andamos
sen sorrisos que veñan da túa rente,
dese berce de luz que procuramos

pra ser de ti e estar sereamente
na pel dalgún pastor que alí chegara.
Daquela somos barro ben presente

feito figura que representara
iso de ser o que aínda chaman pobo,
é dicir, vida na que se afondara



a luz do día feita desafogo
no que volver ó berce mesmo, ó punto
que nos levou a ti para que logo

todo voltase a ser e todo xunto
nos falase de ti coma daquela,
cando fomos pastores neste asunto,

onde vimos a luz e foi por vela
que sentimos cumprida a túa promesa
ó cabo da esperanza e máis da estrela.

Meniño de máis luz e sempre acesa,
o mundo deixa aquí as retesías,
polo Belén mainiño e por esa

estrela á que seguir que nos envías,
que polo ceo escintila e fende
a noite das humanas teimosías,

o aire que se achega e que se acende
de inmensa catívez ventando a vida,
o minúsculo pranto no que prende

a inmensidade mesma presentida
onde fundir milagre e máis memoria
cando se pecha a tebra e a ferida.

Aquí calquer frousada é accesoria,
meniño de máis luz no berce breve.
Aquí se non principia toda a historia,

escomenza este tempo que se atreve
a principiar o mundo nesta aldea,
esa mesma que chea de falsa neve

dá nome a tanto mofo que recrea
aquel Belén nun día luminoso
no que dicir, mentras o berce estea:
Meniño de máis luz: sé sempre noso.





MARÍA GORETTI FARIÑA CAAMAÑO

Un arrorró en portada

(Primeiro premio)

Quen quere deste berce
facer unha portada,
dicir «chegou o día»
contar que a noite estaba
mainiña coma o sono
dun anxo nunhas pallas.

Quen lle pon pé de foto
a esta vida anunciada,
resumindo en tres liñas
con urxente palabra
que a crónica é un berce
cun neno a toda páxina.

Quen dirá máis adiante
que, se desto se trata,
non hai máis nome propio
nin nova que lle engada
outra luz a este mundo,
outra cor a esta data.

E quen lle dirá á xente
perdida noutra andaina
que unha estrela morniña
que desta noite baixa
foi quedarse onde o neno
e a vida foi chegada.



Quizáis a mesma xente
xa non vai crer en nada,
gastada nos enganos,
sensible ás propias mágoas,
afeita ós mesmos contos
que por mentir xa cansan.

É posible que o día
teña outras novas. Basta
con mirar os sucesos
empredrados de balas
e sangue por morcas,
e morte destacada.

É seguro que a xente
fai cola nunha caixa
dalgún Híper moderno
e nen sequera saiba
que hai un neno que nace,
que hai un berce que agarda.

E máis seguro aínda
que a penas faga gracia
ese boi posto á esquerda,
esa mula deitada
que na foto da axencia
ó berce lle dan garda.

E que dicir dos tres
que polo lonxe avanza
que din ser reis e magos
e, segundo se aclara,
un resulta máis negro
que a cinsa dunha achas.

Tamén resulta certo
que alá nunha montaña,
un castelo se ergue



e un río faise prata
chegado pola terra
onde as ovellas pastan.

E ben pode dicirse
que seguindo as pegadas
de gando e mais pastores
que cara ó berce pasan,
chegamos a un cortello
que é cova máis que casa.


E neste a reportaxe
que o suceso relata
algo conta dun anxo,
de xente axionllada
e dunha luz na noite
tendo conta da calma.

Pero aínda é máis certo
que no lugar soaba
un arrorró mainiño
que ó neno adormiñaba
segundo di a crónica
acompañando un mapa.

E por poñer o título
dun feito sen errata,
diremos: Xa naceu,
velaí a esperanza,
a promesa cumprida
nun portal principiada.

E no portal veremos
que a reportaxe acaba
co arrorró máis tenro
para unha vida náda,
para que así teñamos
máis que portal, portada.







BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Falta unha figura, madre

(Segundo premio)

I

Falta unha figura, madre,
o nacemento
onda o río.

Falta, madre,
unha figura
onda a ponte, no muíño.

Falta
unha figura, madre,
naquel val vir de camino.

Falta,
madre, unha figura
¡que non vexo ó Louzariño!

Falta,
nas figuras todas,
un poeta, o noso amigo.

Falta,
entre os pastores, madre
a daquel home impedido.

Falta
señor da palabra
con fonda mágoa, doído.



¡Falta!
En falta o boto,
madre,
coa pastora de sorrisos.

II

—Cala meu filliño, cala,
que agora está durmidoño.
Agarda un pouco e imos ver,
que el anda de vagariño
e maná pola maná
no abrir do sol, moi cediño
chegará coa súa pastora
botarlle Ó Neno un sorriso
para cantar no pesebre
panxolas e vilancicos.

III

En Begonte han facer
un trobador desta terra,
que recite no belén
unha panxola moi feita.
Deste xeito alí veremos
a un bo poeta-cantor
que cada ano, no Nadal,
cante ó Neno unha canción
en verbas de doce amor,
versos de grande beleza
tecidos no corazón,
que ó Picarino adormezan.





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Buscando luz na lembranza

(Primeiro premio)

Cando na noite do ano veñen fríos e xeadas
o Nadal dos curtos días onda o lume se resgarda,
cando o Sol é tan pequeno que nos valados se agacha
coma unha luz preguiceira que non levanta os nubrados,
nun taboleiro xa vello e nun recuncho apartado
todos xuntos, en familia, polo frío arremuiñados,
no fogar de longas horas, moitas cousas cavilamos:
para uns son anos curtos; para outros,
longos anos.

*Por fóra frío e folerpas,
por dentro calor humana no arrecendo adormecido da xustiza
inalcanzada,
no arrecendo adormecido dun soño reparador,
na ansia dunha lembranza...
Por dentro anhelo de luz, por fóra neve callada.*

Por iso a ninguén lle esquence que agora un belén poñamos:
¡facendo un Nacemento con figuriñas de barro!
...E na cima do pesebre, o mellor tenor cantando
—para que todos o sintan ¡ben arriba no máis alto!—
cantigas doces de amor, de ilusión ...coa voz dun anxo
que chama polo albor e esperta os primeiros raios,
pícaro e seductor, no curuto, estará o galo.
É a satisfacción modela a todos na veciñanza.
Cada peza ten seu sitio naquela chaira nevada,
...escultores de siluetas a imaxe e semellanza.
Mais nun lugar preferente, como cómpre no escenario,
¡O Meniño no seu berce!



Mentres ó seu fillo mira, a Virxe está sentada;
a mula, o boi e os pastores ...San Xosé coa súa vara
—de alta e retorta xostra de azucena floreada—
coidan o soño do Neno que dorme en leito de pallas.
Chamados pola súa luz que libera e dá confianza
para acabar neste mundo coa humillación tirana.

*Vento do Nordés que zoas e brúas con rouca voz
jaínda no mar hai estrelas e as súas augas bágoas son!
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.
Tanta soedade e silencio, tantas sombras, tanta dor...
Contéstame ti se sabes ¿quen o amor nos conxelou?
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Queda en vixía o galo que desde o alto nos chama
e nos amosa o mencer, que para iso os galos cantan.

*Todos ó redor do lume e coa tenrura na ialma.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Cortizas, carriza e terra, fontes da Moura e da Lama.
Montes coma o Cadramón, O Xistral ou os da Carba.
...E adornan o nacemento casas como as nosas casas.

*Vaise debullando a vida e así vai collendo traza.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Camiñan para Belén, que está no medio da Chaira.
Vai Xacobe e O Manuel, vai Leonor e mais Xoana.

*Estrelas no azul do ceo, pontigos de pedra e táboa.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*


Imos camiñando xuntos que está a noite estrelada,
falando nas nosas cousas, ...e o río en papel de prata.
Algodón e máis fariña
arremedan a nevada,
van arroupando un pesebre
que lles sirva de morada, nestas noites de invernia,
a unha familia sen casa.



*Vento do Nordés que zoas e britas con rouca voz
a aqueles que tan só teñen camiño na noite escura
neste tempo dá mornura, dá agarimo e dá amor.
Levan o alento xeadó, a alma xeadá e núa.*

*Por fóra frío e folerpas,
por dentro calor humana no arrecendo adormecido da xustiza
inalcanzada,
...dun soño reparador,
na ansia dunha lembranza...
Por dentro anhelos de luz, por fóra neve callada.
No arrecendo adormecido da neve fría nos tentos,
...por fóra frío e folerpas
coa calorina no corpo e coa ternura nos beizos.
Por dentro soños de luz,
...fóra, fría neve en carambelos.*







BALDOMERO IGLESIAS DOBARRÍO

A lúa tecelán

(Primeiro premio)

É Nadal e o frío intenso
as regalías nos nega
sen descubrir no horizonte
a Luz do Sol
que non chega.

Son as noites tan enormes
que o día os postigos torna
cando xorde e alborexa
coa lene luz da raiola
volve para a cama e deita,
covarde mencer na alcoba.

Lúa fría de cristal
que nos miras peneireira
desde o ceo das estrelas
¿onde se agachou o Sol?,
¿apagárono as folerpas?

Os altos do Cadramón esconden a Lúa espida
coa aura que sempre leva,
en Begonte se detiña
alumando
a cantos viñan
cun resplandor cheo de luz
garimoso e atrevido
desde o seu berce azul.



Son rueiros de apego á vida ¡nun Sol Meniño, pequeno!
que convoca ós veciños
festexar seu nacemento.


Na Terra Cha xea ás présas
e o lazo e os carambelos
levan pastos e arboredas.
Uns farrapos de pobreza
quédanos para sustento.
...Pouco para tanto tempo
namentras O Sol non chega
anovando as esperanzas,
fecundando as nosas terras.
Cómpre que volva lucir ¡regalo de primavera!

Lúa fría mareliña
dos ensoños de cristal
mentres teces, dille ó Sol
que o agardamos a que veña
regalarnos a calor
moi ó preto,
¡tan ó cerca
que o seu alento de amor
nos saque desta cegueira!
A Lúa, anque chea e grande
esclarece e non mitiga
os fríos da noite escura
e os fríos da noite fría,
os fríos ventos de neve
das tan longas invernías,
se á tardíña, a Lúa Chea,
levanta grande e vermella
como noiva namorada
e alumea como unha estrela
mais, en erguéndose o día,
fuxe do Sol no horizonte,
¡...ignoramos se durmida
queda pousada na noite!



Namorada Lúa que guías
ó Neniño Sol que nos cuenta
dille que de noite durma
mentres ti os soños velas.
Lúa fría que nos teces
as ilusións e os desexos
como espello solitario
mándanos os teus reflexos.
E chama ó Sol cando nace,
dille —eu sei que che ten aprecio—
que cos brillos do diamante
escintílee máis tempo.
Lúa fría, se porfías trenzando a ternura en fibras
e os anhelos de veludo
cos medos en sedas finas,
alumaránsno na noite as tantas paixóns que inspiras,
dando consolo de amor
ó Sol que nos cuenta os días.
Lúa fría e amarela
dos ensoños, tecelán;
que tan só luz nos reflexas
¿cando O Sol Neno virá
acariñarnos as penas?







CATUXA CELEIRO MUÑOZ

Hai panxoliñas

(Segundo premio)

Lema: «Lóuzara-Loureira»

Hai panxoliñas rexas, feitas ferro
no afouto negrume dalgún berro
pola dor.

E hainas brancas, de moles letanías,
neitegadas de notas manantías
sen máis cor.

Hainas finchadas, sabidas e tolas,
máis patrañas finxidas que panxolas
no escoitar.

Pero tamén as hai que din de certo
que algún ceo por fin ficou aberto
nun luar.

Mesmo hainas que soan á falsía
dalgún ouro que renxe e arrepía
no Belén.

Ou dun incenso mesto e agrisado,
bretemoso nas vidas e arrotado
sen querer.



Case todas nos falan dese neno
ateigado de luz no seu aceno
de bulir.

Pero hainas con todo xa falado,
con folerpas dun negro immaculado
no dicir.

Hainas de pan, de codia e máis de relo,
reflectidas de prata e amarelo
resoar.

E ata xurden do viño excedentario
como borras do carto no eseario
de comprar.

Porque hainas de cantos de sereas
coma rezos directamente ás veas
ó chamar

polos novos siareiros desta feira
que trabucan portais nesa lideira
de gastar.

Hai algunha que nin é panxolina
e semella unha lousa, outra espiña
pra ferir.

E hainas quedas, de versos azulados
de pandeiros rinchóns, domesticados:
é pra rir.

Unha ten o sabor do catecismo
e non falta algún vello amarelismo
no seu son.

Pero hai outra de berce que arrechega
o agarimo vivo que se entrega
á canción.



Hai reclamamos que baten nas fazulas,
que utilizan pandeiros, bois e mulas
pra chamar.

Pero hai verbas de ben na boa xente
sen celofán nin ouro polo abrente
de espertar.

Hai figuras que son falsos pastores
polos berces virtuais de falsas cores,
ben sei eu.

Pero outras son puro sentimento
e dan cada un dese contento
candanseu.


Hai panxoliñas doces, de adovío,
brancas de voces dadas ó enfastio
de finxir.

Pero algunhas non han ser mintireiras,
proletarias da fe e xornaleiras
do sentir.

E hai, por fin, algunha coma esta
escabardada entre tanta festa
sen por qué.

É só unha panxoliña que se espiga
e se quere facer bola pantriga,
abofé.







BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Panxoliña humilde

(Primeiro premio)

...No alto da Terra Chá están brillando as estrelas
xuntas miran de lonxe quen aluma máis ca elas.
Héspero é a Estrela da Tarde, nós chamámoslle Luceiro.
Préiades, as sete fillas, todas fan O Setestrelo.
O Carro e As Tres Marías cando apretan a Orión
miran de lonxe pra Ti, Noso Neno Salvador,
que naciches entre espinas relucinte, ¡máis có Sol!

De humilde leito naciches, de humilde berce de pallas.
Humildes, ...de carne e óso é a condición humana.
Todos nacemos espidos, ...quen máis, quen menos, tapados.
Templa trebón pois naceu, a Luz para os máis coitados.
E acochados nesta orixe que moitos temos a gala
Meu queridiño, meu sol, nosa preñiña da ialma
lembraremos a quen veu a este mundo liberarnos.
Seguimos presos de nós e non podemos soltarnos
e así cando o xeo roe e os coitelos se nos cravan,
carambelos tronzadores, nas carnes moles e brandas,
espetan gumes de ferro perfectamente afiados,
sen darnos conta que somos fráxiles e limitados.
E adentrándose na cerna, chegándonos ás entrañas,
conxélasenos o sangue, o alento e as palabras.
E, cecais, nos veña á mente que aquí estamos alugados,
sabendo que a vida é breve e pouco o camiño andado.

Templa trebón pois naceu, a Luz para os máis coitados.
Naceu e viviu humilde e ós máis humildes pegado
sen esquencer as raíces, nin escravo da abundancia,



...lección pra termos presente se ousamos ir á súa casa.
Desde o berce tomou folgos pra loitar cos marxinados
anunciándonos o amor por todo o que foi creado.
Miña prenda, meu ben, ¡quen o rolo che arrolara!
es a esperanza que temos —miña xoia, prenda amada—
nun manán descoñecido que nos ten tan alarmados,
soio aluma a túa Luz e con ela, en Ti agardamos.

Do alto ceo baixaron catro anxiños ó Belén
levan a nova pró mundo e melodías pró recén.
Foron cantarile ó Neno e, pra que durmira ben,
botaron unha panxola, que é moi feitiña, abofé.
A súa mai acaroando, cantaba ela tamén
dicindo, chea de tenrura: ...ea, ...ea, ...ea, eh.

Nosa Santiña, a súa mai, a calor lle procuraba
pra durmilo en doces soños mentres máis arrefriaba
nun leito ruín, de fame, no colo pra adormentalo.
E seu pai que é carpinteiro, nun pesebre derrubado
dunha táboas pra un barrelo, fixolle a cativa cama.
Que pra aquel que nace pobre todo son portas pechadas.

Quen, nestas noites tan crúas, ¡quen o sono che velara!
pasando xuntos o frío, soñando na manán clara.
E pra che cantar mainiñas cantigas nosas de anaina
con palabriñas de azucre e na voz propia cantadas,
en Begonte, hoxe e sempre, verbas galegas da Chaira
pra che dicir con amor ¡palabras, ...soio palabras!,
...melodías feiticeiras, muiñeiras e foliadas.

Non temos máis que che dar,
que estamos cheos de mágoas.
Bicos mornos, beizos fríos.
Na túa cara colorada
pra quen naceu, sendo Deus,
en cama estrada de pallas.





LUÍS CELEIRO ÁLVAREZ

Lembranza

(Primeiro premio)

EN MEMORIA

*¿Por que non mandas cortar
tanta guerra, tanto sangue
se ós humildes nos abrangue
a vontade de soñar?*

*Fiz Vergara Vilarino
«Cantiga de Nadal»*

I

Cravado na mancada intimidade,
cantábaslle a un Belén rexo e labrego
e soñabas gaivotas co apego
da vida pola inútil crueldade.

Muñeiro á deriva con vontade
de descubrir e non volver ó rego,
fuches antes que nada bo galego,
artesán de bremanzas sen idade.

E cantábaslle a un berce luminoso
cando a morte inzaba a súa gadoupa
en ti de tan inxel tan namorado.
¡Que cravo fondo aquel en carne e óso
e que silencio frío nos estoupa
desque o Fiz se fixo aínda máis noso!



II

Amor desesperado, terra brava,
ferro candente, íntimo espanto,
singular tremecer e desencanto
nas louzariñas verbas que envorcabas.

A ese Deus a penas preguntabas;
primeiro era o amor contra o espanto,
a tenrura de costas ó quebranto
que bretemosas mágoas descravaba.

No portal, disconforme, invocabas
a imposible luzada doutro abrete
na deriva dun sono muiñeiro.
E xunto do Belén ben que pensabas
que se é dura a arte de ser xente,
¡canto máis o oficio de cordeiro!

III

Haiche intifada, Fiz, onde querías
pastoras de sorrisos cara á vida;
falcóns e tiburóns feitos ferida
axexan pola dor que ben sabías.

No berce as palabras labradías
cederon á bremanza adoecida,
a mesma zafanada destemida
que mancou a congostra dos teus días.

E faltas, Fiz, igual que abonda o fume
agromado nos eidos das espiñas;
e precisa o Cortello doutro estrume
e reclama o Nadal as túas línas
namoradas nun peito sen negrume
da Lóuzara Xabreira de onde viñas.



IV


Chamabas ó amor desde o soneto
que encetaran Petrarca e Garcilaso,
e cantabas porque viña ó caso
a un mártir máis ca un neno, moi de preto.

Sentías derrubado o esqueleto
eivado sen un chíó paso a paso;
seguro que triunfache no fracaso
igual que este meniño tan concreto.

A ti agarimoute unha cadela
belida, lambedora, louzarella
que, sen fel,
commoveu a túa raíz.
E ó neno, con restrebas por casula,
é sabido que un boi e unha mula
lle deron garda, benquerido Fiz.

*En memoria de Fiz Vergara Vilarino, o
labrador dalguns dos mellores sonetos na
nosa lingua, que acadou en varias ocasións
premios deste Certame e que agora,
enseguida, cumpriría medio século de vida.*







MARÍA GORETTI FARIÑA CAAMAÑO

Trinta anos en belén

(Segundo premio)

Foi a man artesá na sinxeleza,
a mecánica roza da enerxía,
a arte diminuta, a teimosía
quen te soñou paisaxe peza a peza.

Quizais a tradición feita afouteza,
a arquitectura, mesmo a enxeñería
quixeronte Belén coa harmonía
de conta-las escalas da beleza.

Mais sonche trinta os Nadais, Begonte,
dabondo pra compó-lo santo e seña
de ti mesmo aquí ata o que veña
con moitos máis de trinta no horizonte.

Quizais os trinta sonvos cousa de onte,
mais son un mundo pra quen mal se empeña
e non existe ovella que os teña
¡trinta invernías, a quen se lle conte!

Trinta anos á fin e ben mereces
na trixésima mostra unha homenaxe
polas trinta tempadas na paraxe
de trescentos mil ollos trinta veces.

Trinta inxenios que abraian e aínda creces,
trinta anos, Begonte, ¡que montaxel,
que anada de lecer contra a friaxe
con trinta mil traballos nos ofreces.



Trinta veces mostra-la Trínidade
completada e trixésimos labores
e trinta delicados esplendores
con mecánica e fiel complexidade.

Trinta Beléns, verán que é boa idade
pra olla-lo remenxer destes actores
e aínda que non se vexan de pastores,
¡contemplan como bulen de verdade!

Por trinta orografía, trinta oficios
coas trinta lideiras das figuras,
trinta anos de xeitos e feitura
logradas en trescentos exercicios.

Seis lustros de lidar sen estronicios
cando a lideira enche e ten farturas,
e tres mil panxoliñas ben seguras
con eses dez trienios de servicios.

Trinta anos, Begonte, canta xente,
que teima, que tarefa, que presenza,
foi boa a ousadía, a ocorrencia
para, en trinta Nadais, seguir presente.

Trinta quendas de ti é boa enchente
se calculamos iso da nacencia,
cando o censo decrece coa ausencia
e a procura dun berce decrecente.

Trinta anos, Begonte, longa vida
que o esforzo xa está consolidado
na mellor realidade, bacelado
como o mofo na pedra verdecida.

Trinta anos de andar lida que lida
e outros tantos de afán ben aquelado;
trinta mil parabéns, ¡hai moito andado
e moita máis andaina garantida!





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Lúa chea trezada en fume

(Segundo premio)

É Nadal
na noite pecha de decembro.
No ceo
a Lúa se perfuma
de brillos e de arrecendos
soltando ó aire ós seus rizos
ceibando os loiros cabelos
que douran a neve branca
e aluman polos carreiros
da Terra Chá dos meus soños
longa como os meus anxeios.

Está redonda no alto
enchida da luz do inverno,
para alumar en Begonte
as ansias do Nacemento
coa más fermosa paisaxe
que perfile os brancos teitos
de casas botando fume
desafiantes, no ceo,
desa lei da gravidade,
simbiose do firmamento,
que tece os fios de néboas
para a Virxe ir tecendo
e facefile unha manta
que torne do frío ó Neno.



É Nadal
na noite pecha de decembro.
No ceo
a Lúa se perfuma
de memorias e momentos
que evocan ir coas estrelas
e perderse entre os luceiros
que de lonxe só reflexan,
coma se fosen espellos,
o fume das chemineas
desde os fogares chairegos.

A luz incalculable da lúa inspira ó fume.
A poucos vai saíndo
e xunto ela suben
por riba dos tellados facendo novas nubes,
xuntando fios desfeitos
de pálido peluxe.
Vai pedir ás estrelas: ¡coa luz, á Lúa axuden!
pois compre o seu reflexo.





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Poeira de luz

(Primeiro premio)

Contan que en noite de estrelas unha cometa do ceo
guiou nas sombras ás xentes que viñan de ver ó pequeno.

Musgos, liques e carriza, prados fermosos semellan
e as pólas dalgún piñeiro forman, no monte, arboreda.

Debuxan unha paisaxe feita de engado e misterio
e van enchendo aquel sitio que hai pouco estaba baleiro.

Polo medio pasa un río cheo de auga limpa e fresca,
feito con papel de prata ¡cantos anceios espella!

Ten parrulos e muíño e tamén un muñeiro,
e ten peixes e abidueiras pois é un río chairego.

E alí, lavando as súas roupas, quedan dúas lavadeiras
e algún pescador que lanza contando encher ben a cesta.

*Que non se oculte o amor debaixo das frías pedras
que non se esqueza o perdón por detrás dalgún silencio.*

Das casas saen carreiros con labras de serradelas
van ó Portal onde o Neno dorme un sono na barrela.

Figuras do pai e mai, a mula e o boi marela,
pastores que fan camiño, papel que arremeda o ceo.

Naceu naquel berce a estirpe que ós humanos se revela
fomentando os afectos, o perdón e a indulxencia.

Principio, orixe da crenza que vai alén do dereito
porque pregoa o amor e fai del o fundamento
e busca a liberación na paz e nunca nas guerras,
cando, se son ofendidos, poñen a outra meixela.

*Que non se oculte o amor debaixo das frías pedras
que non se esqueza o perdón por detrás dalgún silencio.*



Todo cuberto de neve, que é de fariña moi branca,
pon o adobio final a aquel Nadal da lembranza.

Folerpas de trapos brancos choven do alto cincento,
foulas moídas na pedra, branda, do muíño albeiro.

Aquela fariña triga cobre os cumios das montañas
mesmo ás árbores e arrimos, mesmo os tellados das casas.

Xa está feito o Nacemento riba dunha porta vella
naquel recanto do cuarto onde a niguén lle molesta.

¿Que cara pondrá o Neno cando do sono esperte
e os seus ollos de luz vexan alí tanta xente?

No medio, da enorme noite, ten o Belén unha poeira
de brillos e de esperanzas, de coloridos e alentós.

¡Que non se apague o amor debaixo das frías pedras!,

¡que non se oculte o perdón por detrás dalgún silencio!

... Que esa poeira de luz foi o agasallo do Neno.





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO
Bieita a memoria que lembra

(Primeiro premio)

*Bieita a memoria que lembra! Don divino
creado para humanos para achegárense á Terra,
facendo do acordo un acto que nos obriga coa Historia,
que nos obriga a querernos, que nos obriga a querela.
É así rescatar momentos que nola descubren fráxil,
anque querendo é eterna!*

Poñede no Nacemento unha luz máis nos outeiros
que acenda na Terra Chá agradecidos relembrós
para os que, nomeando as cousas, espertaron sentimentos;
os que nos teceron soños cando connosco estiveron,
nesta nosa voz chairega que mesmo musica os ventos.

Bieita a memoria que lembra!

Cantaron con grave voz, coa verba luída e acesa
para sacar do silencio palabras de gran beleza.
Poñede unha luz que brille do de Lóuzara a Noriega,
xunto a Iglesia Alvariño poñede a Crecente Vega,
a Díaz Castro, a Chao Ledo... Canto amor nas súas verbas!

Bieita a memoria que lembra!

Xunto aos poetas da casa que figuren noite e día
tamén os sentidos versos do noso Manuel María.
Aquel *muñeiro de brétemas* e escritor de panxoliñas,
que descifrou a Chá inmensa en miles de poesías.
A figura do poeta non falte no Nacemento!



É unha forma de amor, é o noso agradecemento
aos que espallaron aromas dos máis sublimes recendos.
Debullaron melodías cos seus máis fermosos metros.
Para agrandar o futuro están os nosos poetas,
...deixan luz para a esperanza e calor para unha arela!

Bieita a memoria que os lembra!





ALICIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Cinco postais de Nadal

(Accésit)

primeira

e de ser unha árbore
—acibro transplantado—,
veñan as túas mans
para acicalarme.

de vagar,
segundo a segundo,

doce enfeites delicados.

segunda (visual)

unha follerpa pequena
en cada p | e | s | t | a | n | a.

demoro o salferir
con xeito tenro,
e non, non choro.

a derradeira estrela:
suplico o voso desexo.



terceira

levo nas unllas as panxolinas,
as luces no mirar.

eu, doce-típico
ao ollarme,
pénsome no troco do meu pai
(unha cantiga por unha filoa);

*cantámoslle os reises do kikiriki
se non nos dan nada marchamos de aquí...*

e durmo, d e s p a c i o ,
logo da nevarada.

cuarta

non aprendín (soa) que
o tacto
leva, —tamén—, escintileo

(véxase: sinestesia).

non souben situar as
figuras, xeroglíficos, pinturas*,

nin expliquei,
—tampouco—, siluetas nun pallote:
sentindo
sendo.

e hoxe, no embigo do brión
regáloche un Belén enteriño.

para ti, Begonte;
para min, carmen, *carminis*.
un sí poema.

*enténdanse como sinónimos nunha arte miña



quinta (ou canto)

adeste fideles laeti triumphantes
venite, venite in Betlehem...

das últimas noites do ano
recordo a cor verde:


cariza,


acivro,

ceba

esperanza.







XOÁN XOSÉ PIÑEIRO COCHÓN

Este ano, o zoqueiro

(Segundo premio)

Lema: «Tintín por Tintín»

Velaí entre as luces,
carqueixas e uces
desta Terra Chá
onde os muiñeiros
maillos carpinteiros
andan a lidar,
velaí que chega
disposto e colega
un novo artesán.
Faltaban os zocos
de cachotes ocos
de tanto furar.
E xa hai zoqueiro
mostrando o certoiro
da arte manual.

De achas e toradas
as zocas furadas
¡que lideira dan!
Pra que algún labrego
as leve a ese rego
do antigo labrar.
Namentres o Neno
mostra o seu aceno
con moito alegrar,



no pau do ameneiro
a man do zoqueiro
é un puro furar.

A man fura e fura
lida na procura
da zoca artesá.
E acó unha casula
entre o boi e a mula
tamén mostra as mans.

No berce pequeno,
velaí ese Neno
tan feito pra nós,
e a xente zoqueira
ven velo en fileira
tentando arrorrós.
Tamén os ferreiros
xunto dos canteiros
ben terman do seu,
e as lavandeiras,
dispostas e obreiras,
laboran a treu.
Tan só son figuras,
cativas feitura
de moito lidar.
Á sua maneira
seguen na lideira
coma anos atrás,
e ben que merecen
ser o que parecen
no seu traballar.

Ó fondo, un castelo;
ben custou facelo
ata velo real,
e xa doutra banda,
o gando que anda
na noite a pastar.



Saben de invernía,
agro e gandería
as xentes de acá.
Velaí que veñen
e ó neno que teñen
queren arrandear.
Latrican as vellas,
pacen as ovellas
e a terra está en paz,
e onde os labradores
suspéndense as dores
e cadra outro andar.
Un pesca no río,
outro anda no fío
coma un tecelán.
E alá pola aldea,
corticeira e tea
ben se dan a man.

O gando na leira,
uns reis pola beira
dun río pousón,
e a escena que se abre
cuns anxos de xabre
e un Deus valedor.
Non será labrego,
pra volver ó rego,
mellor ser pastor,
ou un neno oleiro
constante e obreiro
nesta construción.

Acaso algún día
da carpintería
algo saberá.
Freixos e piñeiros
cerchas ou bidueiros
aínda tallará.



Así, dunha acha
se fura e non racha
un zoco terá.
Dese xeito, malia
dalgunha sandalia,
ben ha de calzar.

Mais no berce agora
xa nin ri nin chora
co sonó que ten.
Non cómpre a madeira,
a terra xabreira
no portal se ve.
E non hai sobrado
nin outro amoblado
có o berce que te ten.
Nin banzo nin piso
nin nada é preciso
pra termar dos pés.
Cortiza e area,
cartón, mofo e tea
dan moito para ver.
¡E a quen se lle conte:
de novo en Begonte
armouse o Belén!





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Sempre será Nadal

(Primeiro premio)

Nadal de pobrezaas duras onde envexas e demoras
queren roubar as auroras do amor coas súas tenruras.
Marcarán os prazos lentos e mirarán con cuidado
as imaxes do pasado evitando esquecementos.
Cómpre lembrar os afectos para acadar un futuro
que simbolice os traxectos pois traza un fin seguro:
somos pequenos proxectos, charamuscas no escuro!

Nadal aquel de antigas fames crúas
perverso, cravuñaba ata as entrañas,
traspasando as esencias e as raigañas,
desgarrando por dentro as carnes núas.
Nadal de horas grises que eu só lembro
nos relatos que axitan a amargura;
rexeitaban con valor tanta tristura
no aloumiño dos lumes de decembro.
Coa calor e a quentura da lareira
calmaban entre todos a invernía,
pasmados coas faíscas da fumeira.
Gardaban confianza en que viría
a Luz dun Sol pousar á súa beira
no amencer dun mañá, a cada día.

Nadal dos tres reis magos e panxolas,
de gaitas rituais e de pandeiras,
de cultos e aninovos e xaneiras,
deseos, aguinaldos e de esmolos.
Nadal de escuras cinzas e restrollos



que agachan os saloucos dun inverno
co enigma da orixe sobre o eterno,
co misterio que anubra os nosos ollos.
A memoria gardou con humildade
arrolos de ilusión para un instante,
aromas das nostalxias dunha idade.
Perfumes daquel intre tan distante
que volven cada ano entre a frialdade
pousar no alto confín un Sol radiante.


Nadal de estrelas que ollan desde o ceo,
que sinalan e guían o camino
e na Chaira, na flor da auga do Miño,
fan reflexos de luz nun río cheo.
Nadal de fumes, silencio e retiro,
no elixir que me envolve en néboas mestas
e pon, dentro de min, aire de festas
nas pucharcas, espello en que me eu miro.
Nadal de neve, ventos e xeadas
que descubren, nos ecos dos rumores,
os recantos da nosa xente amada!
Achéganos así os sons fascinadores
da calor, do corazón e da ollada:
...da man do amor, que se nos abre amores!

Nadal que nos comprace e nos sitúa
cos que non sentan xa na nosa mesa
e co moito que o noso sangue pesa,
mentres medra o acordo e perpetúa.
Chegarán con teima ou repentinos,
debullando as xeiras dun pasado
quizais baixando os estreitos destinos.
Tempo que sempre semella esquecido,
lendas moi vellas que saben de certo
aquilo de antes, nun libro esculpido:
...fala dun Neno, nun portal nacido,
a Luz de ilusión desde un ceo aberto,
...vén liberar ao que anda perdido.



Nadal de loitas e aceiros atan o mundo en xenreiras.
As guerras, sempre incapaces, son as que deixan baleiros.
Nadal de fame e miserias, ...esqueceron aquel Neno
que en verbas de Amor sinxelo calmaba as nosas angueiras,
abría a Luz e a esperanza
sobre o amencer no horizonte
restituindo a confianza. Nadal de hoxe e de onte
que mira adiante e avanza nun eido humilde, en Begonte!







MARTIÑO MASEDA LOZANO

O belén da esperanza

(Segundo premio)

Lema: «Na lingua dos corazóns puros»

O meu espírito vive en desacougo,
porque abomina deste mundo de baleiros seres
que reinan na cidade das sombras,
onde ninguén é quen aparenta,
onde todos levan cadeas nas mans e no pensamento.
Daquela, eu camiño igual ca un vagabundo polo verxel da Chaira
na procura dun fío de luz que me inunde
como manancial de auga bautismal.
E nunha etapa do camiño, esgotados os folgos,
é cando chego a ti, lugar de Begonte,
pequeno edén no medio da néboa,
e busco nas túas entrañas o recuncho do silencio,
ese no que só fala a lingua das emocións,
no que as palabras incendian os ollos da alma
e as inqedanzas fican fóra, como frías pedras.
Veño a dialogar co neno do Belén,
para pedirlle que me permita recuar no elo do tempo
e tamén me volva neno,
para sentir en min o rexurdimento da abatida esperanza.
Veño para que me amose a beleza das esencias
reflectida nos seus ollos de anxo,
porque nos meus só vexo a negrume dos corazóns
feitos de ferro, enxertados no peito dos homes modernos,
eses que cren no poder omnímodo da súa fachenda,
os mesmos que esvaeceron baixo os pés da indiferenza



o ronsel do pasado que tracexaron os seus devanceiros
con pincéis de suor bágoas.
Por iso me abeiro, Belén de Begonte, ao teu recendo de paz,
cos brazos abertos, espido de materia,
para que me deixes entrar no teu paraíso das anónimas almas
e ser veciño da túa aldea universal.
De ferreiros, carpinteiros e oleiros,
de panadeiros, troiteiros e viñateiros,
de pegureiros, teceláns e lavandeiras.
De reis humildes e ergueitos vasalos,
de homes libres que avanza ceibes,
guiados pola estrela da esperanza,
por ese sendeiro que leva ata o berce no que descansa o Mesías.
E cando estea fronte a el, vou fitar os seus ollos de suave lume
e esculcarei neles o lóstrego da inocencia
que aloumiñe a mina alma de animal ferido.
En silencio, sen dicir nada,
deixando que se exprese o idioma dos corazóns puros,
no código dos seres de boa vontade.





XOSÉ OTERO CANTO

*Chegou na luz da xeometría
tenra da noite*

(Primeiro premio)

XESÚS segundo os doutores:

Chegou cando a perpendicularidade calma dos carballos
choutaran as puchas das súas landras.
Chegou na xeometría tenra da noite
dende os triángulos de luz,
cando as faíscas dos soños engolen distancias,
cando os alustros de Mitra queimaban as velas do mal,
cando os relampos de ben pechaban séculos escuros.
Veu nun lóstrego escintilante de virtude.
Veu nunha nube de desexos esponxados de luz.
Veu nunha volainiña serodia á luz do amencer
e quedouse en Begonte baduando desexos,
e quedouse en Begonte lembrando o seu ser.

XESÚS segundo os chairegos (a modo de panxolita)

«Capizos de estopa.
Risas de mel.
Nimbos de santos.
Dondura e pracer».

Homes da Chaira, mulleres do chan,
pequenos e mozos, todos... vide espreitar:

Cabelos louros de amorións de altar,
Coxas de lúa, brazos de amorodos.
Mans de nácara de doce apaxar.



Pés de seda, labios de cristal.
Olliños azuis, de celta mirar.
Conforto e amparo,
verdade e sinal.

«Capitos de estopa.
Risas de mel.
Nimbos de soños.
Ventura e lecer».

Din que pousou en Begonte unha estrela.
Din que esta noite a viron pasar.
Faíscas de soños, alustros de vela,
relampos de ben, lóstregos no lar.

«Capitos de estopa.
Risas de mel.
Luces de santos.
Excelso ser».

BELÉN

Trinta e sete anos na oxiva da carroucha do portal
trato fixeron San Gabriel e uns arteiros begontinos
transmutar a Galilea pola freguesía da Chá
dando vida en movementos ás figuras do Belén
e convertendo a Begonte en capital do Nadal.
Peregrinos que abesullan de Galicia a Portugal.

«Un Belén a todo pano
move figuras de antano
en Begonte que hogano
hai que visitar»


Labregos de asida rabela.
Muñeiros de trigo albeiro.
Ferreiros de ingre peteiro.
Pegureiros sen cancela.



Carreiros de boa xugada.
Pescadores de lenzo e sinal.
Canteiros coa pedra picada.
Zoqueiros de legra afiada.
Costureiras de agulla e dedal.

«Un Belén a todo pano
move figuras de antano
en Begonte que hogano
hai que ir a visitar».







XOSÉ OTERO CANTO

*Cometa branca na singradura
dun branco ronsel*

(Primeiro premio)

POETIZADOR

Entre as casulas abertas dos soños perdidos na distancia
résbase o mouro da noite nun amor inxente de luz
e albíscase a cabalo dunha estrela que leva xácomas de prata
nas bocas abertas dos ángulos aboucados de ben.
Pousado entre os nimbos das nubes, nas escumas dos algodóns
da noite,
percorrendo as enerxías que relustran nas bibliotecas do saber
do ceo,
e tráenos parágrafos de pensamentos para as librarías da terra
facendo nunha cometa branca a singradura dun branco ronsel.

TODOS

«Nun pobre alboio en Begonte
de pedra xunta ao camiño,
entre a rubia e a cachena
veu a nascer o meniño
encoiro coma os carballos
que están á beira do río.
Ladran os cans e O Ladra
é testemuña e vestixio”.

POETIZADOR

Pallas pousadas no xergón fornecido das frías pedras.
Atlante espido que sostén a idea do portal á luz de Venus.



Semellanza do home arroubado en neno que enxerga a Deus.
Picariño saudoso no cadrante morfolóxico dunha Gallaecia
que morre,
mais el nace afouto para falar a lingua que dos celtas os homes
aledan,
para dicir as verdades que fan tremer as bóvedas celestiais,
para defender aos pobres do global e a xustiza tiránica do mal.

TODOS

«Belén resoa en Begonte
onde queira que se escoite,
dende o fondo da noite
e tan cerquiña do tren».

POETIZADOR

Queceron alentos das vacas no portal aberto á liberdade do ser
e aburan as mechas das ideas no portalón da igualdade,
na cova do sentimento que se ata en lazadas de amor,
no tobo da caridade que fai aterrar os ídolos egoístas do existir.

OS BEGONTINOS

«Nabizas nas leiras
á beira do río
cuberto de frío.
A este neno do alén
darémoslle o caldo
con unto e rustrido
para quentarlle o corpo,
as mans e o sentido».

POETIZADOR

Choven silencios de eternas verdades e as falopas
cravuñan as horas.
Brema nos corazóns por ver o Belén moverse:



Xosé Domínguez... creador dunha quimera na ilusión das horas.
Xosé Rodríguez... trinta e oito anos artellando tornecelos.
Electrónica e idea na inocencia da fe e da técnica.
Dous meses de delirio e fantasía no percorrer dos días,
no Begonte que aluma certas figuras no retrato das metáforas,
no buligar cadencioso de máis de trinta e oito anos,
e de preto corentón,
no sentir desde museo onde aluma a estrela,
onde a noite é misterio,
onde a luz é o ser


BEGONTINOS

«É un Chairego de soños
e teremos que inscribilo
de Begonte no Concello.
Por nome será Xesús
e Deus tamén de apelido».

TODOS

«Nun pobre alboio en Begonte
de pedra xunta ao camiño,
entre a rubia e a cachena
veu a nascer o meniño
encoiro coma os carballos
que están á beira do río.
Ladran os cans e O Ladra
é testemuña e vestixio;
vindo a traelo a cegoña,
peza nova do destino».







BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Agora

(Segundo premio)

Agora que xa temos abrigo para os fríos
deixamos aos irmáns na noite escura espidos.
Agora que xa temos enchidas as lareiras
quedóusenos o amor carpindo nas fumeiras.
Agora que xa temos colmadas as alforxas
non veñan amolarnos pedíndonos esmola.
Agora que xa temos na cara un gran sorriso
miremos a outro lado finxindo distraídos.
Agora que xa temos repletas as despensas
deixemos que un salouco nos dispense as conciencias.
Agora que xa temos un teito para a noite
pechémonos por dentro sen que ninguén escoite.
Agora que xa temos cubertas en exceso as ansias de poder,
agora carecemos daquela irmandade que tende a man e axuda
con bicos doces, tenros.
Agora que xa temos colmadas abundancias de bens e de diñeiros,
imos quedando cegos nos usos xenerosos, de afagos e namoros,
de cántigas nos beizos, ...desas que abren os ollos,
atentos en tenruras e en nobres sentimentos.
E levan o sentir cargado de indulxencias
e poñen a esperanza sobre os fillos e os netos.

Agora que tanto temos, ... cremos que somos donos.
Ai, pobres ignoramos de canto carecemos!
E agora que tanto temos, ...cremos sabelo todo.
Pobres de nós pois quedamos no pouco que coñecemos!
Propietarios dos instantes, perdedores dos momentos
somos xuíces dos outros e avogados de nós mesmos



coñecedores por fóra do que ignoramos por dentro:
quedamos abrindo os ollos, poñéndolle a todo un prezo.
Perdidos nesta obsesión de ter moito e de non sermos
pensamos que ter valor é aumentar canto temos.
Quedamos arruinados desa humana condición, sublime do
entendemento,
que acode aos nosos irmáns e alivia os seus sufrimentos.
Caemos nese baleiro onde un peca de omisión, tan altivos e
soberbios,
que ignoramos aos vencidos e, sen causa nin razón,
sen sabermos nada deles, profanamos a súa dor, desoíndo os
seus xemidos.
Non nos fagamos os xordos, tampouco mudos e cegos
pisando a verdade mesma e humillando os seus dereitos.
Pois vivir é compartir, na lei que escribe silencios
—desde que o mundo é mundo, antes dos tempos ser tempos—
sen abater aos caídos que sofren padecementos.

Ide a Begonte e lembrade a Luz daquel Sol pequeno
que abriu desde o amor anceios. Foi nun solsticio de inverno.
E aquel lume en resplandor, ...din que xurdiu en Belén,
redime desde o perdón os males propios e alleos,
repartindo Paz e Ben, ...e predicando co exemplo!





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Begonte, lembranza agradecida

(Segundo premio)

Terá o seu sitio Varela entre todos,
no seu taller, construíndo pra nós
aquelas tenras escenas chairegas
sobre un misterio de eterno guión
que mostra a todos o culto do pobo
—pois sendo humilde nunca se humillou—
e quer ceibarse das tantas miserias,
e quer erguer desde a súa propia voz.

Poden cos anos cambiar as figuras.
Poden, as pezas, moverse a motor.
Poden pastar polo monte as ovellas.
Pode lucir, no Portal, alto o Sol.
Poden, no escuro do ceo, as estrelas
deitar muxicas do Carro Maior,
pode ir correndo unha delas, fugaz,
deixar ronscis pendurando o fulgor.
Poden as casas, por dentro, ter luz;
pestanexar, nas lareiras, tizóns
e botar fume polas chemineas
e desprender mesmamente calor.
Poden os Reis vir montando cabalos,
poden traer de primeiro a Melchor
e os dromedarios altivos e fortes
poden cumprir no relembro mellor.
Poden ser brancas ou negras as nubes
feitas de fíos, tramas de algodón.
Poden as augas do río ser de auga



ou simplemente espellar ilusións.
Pode que a neve pousada nos prados
sexa fariña miúda ou relón.
Pero non pode, en Begonte, o Belén
no esquecemento deixar sen autor
un Soldeluz que se envolve en farrapos,
nado nas pallas de escaso xergón.
Non poderemos deixar, entre sombras,
aquela orixe de humilde nación
e os desherdados, coitados e pobres
cos desterrados cheos de terror
detrás de alfaias, consumo e luxos
nunha vergoña de escaso pregón.

Non poderemos deixar que se perda
no esquecemento, a nosa tradición.
Desde o solsticio do inverno agardamos
un amencer cheo de luz e esplendor.
... Moito debemos aos que antes viviron,
ás mais e pais, aos velliños, avós,
aos que sacaron pedras dos camiños
dándonos azos, relanzos de amor.
Que son lembranza, semente e futuro,
son devanceiros, fixeron doazón;
eles deixaron, a Chá innumerable,
aberta en fiestras de cara ao albor.
E aos que, quizais, só vemos desde os ollos
—cegos na néboa que oculta o perdón,
cegos de fe, confianza e vontade—
de compartir cos irmáns a súa dor...
cómpre quitarnos dos ollos as bágoas
para ver ben e advertir que na flor,
hai un recendo que anuncia esperanzas
e hai algo máis que unha imaxe, unha cor,
hai melodías que enchen espazos
e hai tenruras de fonda impresión
están aí, e nas cousas pequenas;
están aí... para a liberación.





NOELIA MARTÍNEZ REY

En Begonte, nace

(Mención de honra)

E apareces, así, desdebuxada,
trazando ausencias no meu peito,
mentres eu
que por sentir non sinto nada,
buscas morrer entre o fol dun intento...
... esquecido e case sen vida, o gaiteiro.

Como notas que se suceden,
como airiños frotantes no misterio das cores,
enreda o raizame do poeta,
enreda auspiciando compañía, auspiciando
amores
nun voar de bolboreta;
Paxoliña de inverno
difusa, doce.

Sexa o tempo, decorador de soños,
sexa o frío latente, morno espertar,
que o folclore rexurda,
que o Nadal, Nadal.
Ensálcese a vella patria,
camiño de Begonte,
de inocente melancolía,
que no crepúsculo da túa noite
nace un neno
nace o adaíl do veceiro,
nace a paz e nace a vida.



E é nesa parte imperecedeira e tenra
dos versos dos antergos,
onde nas fiestras medran luces
e nas árbores, invernos.

Ao lonxe volve o son cascabeleiro,
ao lonxe,
convertido na tradición roída
que un crego soñou un día
nunha estrela e lúas escintiladas
inventei un cantar de Reis. Son gaitas.

No primeiro plano o misterio;
e un pouco máis alá, (entre o fol dun intento)
cantando as panxoliñas a carón dos nenos...
está O Gaiteiro.

II

Esperanza de Nadal,
utopía
que medra nalgures...

Miro pola fiestra
e non vexo nada,
será que escoito a terra apagada,
e un corazón latexante de vida
respira,
sinte,
regresa,
bule.

É o home que volve,
beliscando os meus adentros,
sentíndo todo,
soñando esperto,
suspiro esquecido, ilusionado, e efémero



que xorde
aquí... onde?
Volve á aldea que o viu nacer.

Sinxela panxoliña escumeante
de ser,
que vira entre verbas,
balbordo, silencio,
durme.

Mentres, o anhelos pelexante de ver
que o envolve,
as estrelas caen entre pálpebras
num soño.

Un neno que chora nese inevitable querer,
morno,
tinxido de luces, de tebras,
de bágoas de cores;
e nace, arroupado coa lúa,
con todo Begonte, coa escuridade máis núa,
sentindo asubíos que cantan galegos,
que espertan a chama da imberbe alma súa.

Miro pola fiestra
e non vexo nada,
será que escoito a terra apagada,
desexos inquedaos de dozura amarga,
amarga.

Neste durmir berran ledicia,
e sigo a soñar...
utopía,
utopía.



III

Entre escurecidos resplandores,
entre embelecidas lembranzas,
entre alleos visitantes
coas máis sinxelas grazas...

Inventadas figuras tararean
cancións de berce,
que asubían paseniño
alí, onde as estrelas obedecen.

Imos a Begonte
coa perenne faciana,
sen saber máis nada,
que tanto pecha é a noite
coma poderosa é a esperanza.

Alí, en Begonte,
nace.
É pequecho e dorme.





XOSÉ OTERO CANTO

Na carabela dos desexos
-Cantata-

(Segundo premio)

RELATOR (Tenor):

Entre as parábolas dos astros
e a lumieira que a lúa abriga.
Entre a neve abenzoado
remuíña A SABEDORÍA.

Coas pedriñas de sarabia
fixo berce noso Señor,
cos pelouriños de neve
almofada e cobertor,
e pillou cara a BEGONTE
sobre o furacán virador.

.....

Pasaron as brancas cegoñas de nimbos e surada
acariñando as falopas de neve vestida
e as ás esponxosas das nubes estiradas
co pico atravesado bambeando o fardelo,
troupeleando sons inintelixibles de peteiro acaroado.

Loamiñeiras pousantes do neno.
Adobíos do calado no descendemento.
Charramandeiros capizos nas feitucas tempos.
Caramuxos nas orellas, bígaros os ollos,
caletre egrexio o pensamento.



O altor do eco, a ancheza da terra
non o arredou.
A cova do abismo, o vento galgueiro
non o atordou
porque traía risoños de resol,
doas de luz, corrullos de primor,
grilandas de marmelo, niscalos en flor...

Ao chegar ao Centro Cultural
das searas de Begonte sente aneiro
e por pallas secas caneta trocou
facendo mudanza do barrelo de xeo.

Convocou a toda A CHAIRA,
ben oiredes o que clamou:

XESÚS (Mezzosoprano):

«Chairegos todos, dun a outro confín,
dende Meira ata Guitiriz,
desde Begonte até Abadín.
Vinde saber a verdade.
Vinde ao NENO adorar».

«Pegureiros de Romariz,
zapateiros de Muimenta
e de Outeiro pescantíns.
De Bonxe os pucareiros
e as trapeiras do Buriz.

Dende Ramil os zoqueiros
e os canteiros de Goiriz.
Leiteiros da Pastoriza,
cordeleiros de Sanfiz.

De San Simón os queixeiros
e zoqueiros de Ramil,
de Xermade cazadores,
carreteiros de Mondriz».



«Vinde todos axiña e quedádevos aquí
con esta luz temesiña de decembro feridor
nestes días malpocados pola laceira do sol
e fagamos un coro para laudar ao SEÑOR
repenicando pandeiros
e tañendo os punteiros
da nosa gaita de fol».


CORO:

«Señor Principal, Meniño do ceo.
Dende o BELÉN DE BECONTE sírvete dicirnos:
se hai salmos apocalípticos,
ou vagallóns na tempestade deste mar».

XESÚS (Mezzosoprano):

«As buguinas dos abrentes serán azuis,
e a temperanza dos desexos verase colmada
cando a roibén do crepúsculo aboie verdades,
e a ardora fosforeza nos corazóns a miña luz
embarcada na carabela dos desexos,
e escache nas escumas da bondade
que se rizan nas ondas mergulladas no alén».







MARTIÑO MASEDA LOZANO

O Belén da Chaira

(Mención de honra)

Belén de Begonte,
eterno belén da Chaira,
corenta anos alumnado
as paredes da nosa alma.
Outro inverno me achego a ti
entre sorrisos e cántigas,
para que me biques as meixelas
cos teus beizos de esperanza
e debuxes o fulgor da ledicia
no lenzo da miña cara.
Vou co paso decidido
por eses camiños da Chaira
na procura do teu berce,
sublime paraíso da calma,
para atoparme contigo, e
brindarche as miñas palabras,
de amor e agarimo
que con gusto hei pronuncialas.
Tamén levarei comigo:
un desexo e unha ansia.
O desexo agochado no corazón,
a ansia no pensamento gardada.
O primeiro, ter outro ano saúde
para camiñar deica á túa casa,
no máxico lugar de Begonte,
da Terra Chá encantada.
E por ansia, ser un bo poeta
creador de versos a esgalla,



para ir cada Nadal onda ti
e louvarte coa miña palabra.
Co corpo tremendo co frío
e o rostro abumiñado pola xeadada
apuro a gastar o camiño
que me afasta da túa morada,
tendo de compañeira na viaxe
a estrela cuxa luz nunca se apaga.
Xa me restan poucos pasos,
está pronta a miña chegada,
medra no meu interior a alegría
e teño a alma incendiada
da paixón que en min prende
ao saber que me agardas
coas túas portas abertas
e a soleira engalanada
para recibir os meus pés cansos
e alimentar o alento que me falta.
Ai, Belén de Begonte!,
símbolo desta vila enfeitizada,
no cerne doutro Nadal máis
busco a túa candorosa compañía
para admirarte coa ilusión
nos meus ollos impregnada
e coa sede do meu corazón
necesitando ser saciada
co líquido do teu amor,
ese que nunca remata.





XOSÉ OTERO CANTO

Madrigais ao Neno. Reino da terra

(Primeiro premio)

I

Polo Ladra abaixo en batuxo chegou
cando os prados estaban sulagados
e a ametencia os tapou.
Abeirou ao peirao de Begonte
denantes ca Santiago «O Maior».
Correron os pastores abraiaidos
recibir a impronta do Deus Salvador,
metéronse no río ata os queixados
e véndose das roupas enxugados
comprenderon que era O Noso Señor.

II

Levárono ao Centro Cultural,
que por riba da estrada ten a estadía,
nun alboio principal
onde mora a concordia e a armonía.
Solidariedade pediu en Begonte
e madrigais para o pícaro loubar.
Todo isto ocorreu trasantonte:
Oito ou dez versos para o neno,
once e sete sílabas o pequeno
mais que ningún quede sen rimar.



III

Madrigais para ti picariño,
ben rimados e de fonda verdade...
San Xosé fixo o lume para o Meniño
e a Virxe de bondade
acalenta as súas mans solermiño.
As trapelas dos ollos van caendo
e o sono vai chegando
cunha tenra sorriso
dos beizos indecisa
brandoeira de amor coruscando.

IV

Para non espertalo,
xa non cantan os paxaros o seu chíó;
tampouco canta o galo
anque se empolique no poleiro...
San Xosé deixa a garlopa no ripeiro
e a Virxe amodiño
colle as espitas do agulleiro
e calceta unha branca carapucha
mesturando la e liño
que ten en madeixas encima da ucha.

V

O boi e a mula acanean a testa
e bótanlle ao neno ispidiño
seu bafo mol e quentiño;
entrementres na cesta
dorme o malpocadíño.
Arriba na aldea
andan labregos con feixes de leña,
tres reis sabios seguindo unha estrela,
e unhos pastores por unha vereia
tráenlle ao lombo cada un súa ovella.




VI

A Xesús sáltanlle as bágoas dos ollos
e ninguén sabe a razón...

Dádelle torta de ovos,
mel, queixo fresco e turrón,
manteiga da nosa terra
e de leite con castañas a ración.
Non quere manxares o Deus fillo,
non quere lamboadas nesta ocasión,
arela para todos acubillo
e para os desafiunzados, bendición.







PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ

Naturaleza galega, berce chairego

(Segundo premio)

I. María

Chorabas meu rei, con bágoas de amor,
viñeches coa neve naquel feliz día,
mollados meus ollos e o meu corazón.
Choraba a túa nai ao vires, choraba María.
Son de ledicia, non son de tristura,
bágoas en Belén, máis delas chairegas.

Ducias de rosas mereces, María,
a flor da roseira che dou.
Non canto verbas sen senso,
bailo cantigas de amor.
Ducias de rosas no teu nacemento,
a flor da roseira, meu rei.

Vida agarimosa.
E ti, dona da ledicia,
que lugar tan fermoso!
Raíña de corazóns, nai de Deus.
Miña dona e nai, ducias de rosas recibes,
non nun ramo calquera,
douchas nas mans que me ofreces,
póusoas nas mans que nos queiran.

Fermoso lugar que reinar,
Begonte de estrela infinita,
mundo de maxia no que descansar,
alí é raíña María.



II. Onde habita a maxia

Nos misterios do Nadal
regatos de prata e troitas,
o veciño que nó-las pesca,
outros dous a serrar.
Muñeiros que moen cedo,
lexionarios no castelo,
todos eles cara a ti,
e ti entre palliñas quentes.

O carpinteiro no labor, asubía,
mestre coma Xosé,
señores de Oriente cabalgan, cantan,
seguindo unha estrela bailar.
Tecedeiras tecen la
e zoqueiros zapatiños,
de madeira e de la virxe
para o neno nado rei.

Están a chegar os magos,
estalou a treboada,
o vento treme con forza
e o lóstrego faino calar,
chuvia nos outeiros, chuvia begontina,
neve nos tellados, neve galega.
Os tronos non te espertan,
a neve vaite mimar,
tres coroas douradas, meu rei,
tres coroas xa no teu lar.
O abreinte da chaira,
primeiras luces, branca paisaxe,
ferreiros suando á beira do lume,
E aquela árbore,
serán quen de derrubala?



III. Natureza galega, berce chairego


Alguén dixo que as árbores non falan?
Eu oín o cantar triste dos piñeiros,
ninguén dixo que os carballos cantan?
Eu escoltei as súas cantigas nos outeiros.
Nun belén na ribeira do Ladra
dous labregos non son quen de derrubalas.

Falei cos carballos e chorei cos pradairos,
coñezo o seu son,
chorei cos castiñeiros e falei cos bidueiros,
coñezo as súas bágoas.
Aos pés de Xesús Rei,
elas brincan, rin e bailan.
Aos pés do neno rei, agasallos,
dende o adarve das murallas, ameazas.

O romano era forte,
a espada asasina.
Vellos druidas falaban da terra dos bosques,
do país das augas,
vellos bardos cantaban do país das meigas,
da terra das fadas.
O invasor chamoute terra de lobos,
Gallaccia, fogar dos bárbaros,
Sabían o que facían?
Sabían,
chegaron e quedaron.

Mais a espada non vence unha ilusión,
e a ilusión ten o berce do neno,
leva a maxia da chaira,
respira arumes chairegos.
Dende as ribeiras do Ladra cara o ceo
un neno chegou, e quedou.







ISOLINA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ

Nadal

(Mención de honra)

Agarimo, noite tépeda de frío inverno
Aloumeo inqueda con ollares de medo, de tenrura sinxela
Quebrar de bágoas sinceiras de noite silente,
Lamento ferinte de corazón silandeiro.
Alumar de esperanza
Sen outra inquedanza.

Arremedo invisible outea no cumio do coto da serra
Semella fantasma que ben non quixera
Chega inverno sen case prebenda
Torna o frío e sen case querer achega arrepíos
Rexeita praceres por néboas e choivas que caen frentes.
Entra lenemente.

Brancura inqueda de crúa nevada
Entra en Begonte o rei da foliada.

Pranta Begonte o nacemento boneco de pel, velaíño enxebre
Nadal de viveza, doce pesebre de palla seca
De grande nobreza
Soñan os homes, soñan os nenos os mozos e vellos
Amor e duzura abren camiño.
Entra lenemente
O ar de Begonte arrezuma a quente
A calor navideño de boa xente.



TINTRINTÍN (Canto)

Tintirintín, tantarantán,
Nace Xesús en Navidá
Tintirintín, tantarantán
Ispe alma de soedá
Cúbrese o mundo
De son de paz.
Tantarantán...
De son e paz.
Tintirintín, tantarantán
Chove no pobo pola mañá
Tintirintín, tantarantán
Regos de amor
Chegan acá
Polo aceno deste nadal
Tantarantán...

Deste Nadal.
Tintirintín, tantarantán
Sorri Xesús que lacazán
Tintirintín, tantarantán
Sorri Xesús que lacazán
Tintirintín, tantarantán
Que xeitosiño,
Que folgazán
Tan pequeniño, tan pillabán
Tantarantán,
Que pillabán.

Tintirintín, tantarantán
Pequerrechiño ven para acá
Tintirintín, tantarantán
Ponte quedíño
Meu pequechiño
Fica amodiño
Tantarantán...
E acougadiño.



Tintirintín, tantarantán
Cantos de ceo son para ti
Tintirintín, tantarantán
Agasallinos que bendecir
Begonte enteiro
Clama por ti
Tantarantán...
Clama por ti.

Tantarantáaan
Nace Xesús neste Belén...
Tantarantáaan
Naceu Xesús neste Nadaaal.







CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ

Romance dos dous Xosés

(Primeiro premio)

Entraron os tres Reis Magos
polos portos de Galicia,
atrás deixaban Castela
despois dunha longa vía.
Cando ao Cebreiro chegaron
o día enfuscando ía
e dispuxeron quedar
na pousada do Elías.
Descansaron toda a noite
en leitos de sabas finas,
e de novo cabalgaron
ao riscar o novo día.
Por engrobas e vagantas
alancaban e corrían
pensando chegar a Sarria
mellor canto máis axiña.
Aló a medio camiño,
cando non o presentían,
mestos nubeiros no ceo
taparon as boas vistas.
Entraron na vila muchos
pois perderan a estrelliña
que cada noite marcaba
unha rota clara e nidia
cara o berce do Meniño.
Cando arrinca o novo día,
desnortados preguntaban
ónde o bon Deus nacería;



ninguén lles daba resposta,
porque ningúen o sabía.
A Samos razón mandaron
ata os monxes da abadía
por se alguén alí soubera
iso que saber querían.
Entón falou o abade,
que todos por sabio tiñan,
e dixo que só Santiago
digna do evento sería.
Tanta realeza xunta
endexamais ningúen vira,
que ben cabalgan os tres
cando a Compostela ían.
Moito agasallo levaban,
mais mouro o ceo seguía
mentres eles avanzaban
tan mouro máis non podía.
Despois de dúas xornadas
a gran capital xa vían
e ao fin os seus pés pisaron
as rúas que os marabillan.
Cara o Hostal raudos marchan
pois coidaban que María
en pazo tan principal
apousento tomaría.
Grande sorpresa houberon
ao ver que ningúen había
dos que eles contaban ver.
Norearon pola vila
na procura do misterio,
mais ningúen resposta tiña.
Acudiron aos máis doctos
entre toda a burguesía,
maxistrados e prelados,
doutores de gran valía.
Desvelos foron en van,
pois nin un deles ouvira,



nin de seu nin de segundos,
tamaña nova na vida.
Coa vista fita no chan,
magoados os reis platican
en busca de solución
para a súa travesía.
O que chaman Baltasar
propón tentar outra vila
e sentenciaron Coruña,
por ser a máis distinguida.
Unha vez foron chegados
buscaron con gran porfía,
pero tampouco atoparon
o tesouro que querían.
Vencidos por tanto entorto,
xa pensan deixar Galicia
para mirar noutras terras
a quen render pleitesía.
Cara as Asturias cabalgan
deixando atrás freguesías
que un comiño lles importan.
De pronto os cabalos rinchan
e senten augas soar
baixo unha ponte belida
a dous palmos do camiño.
Alí mesmo nunha ermida
o Santo Alberte sonado
reparte a todos ledicia,
á beira do río Parga.
Aínda que a noite arrepía
e o lobo oubea ao lonxe,
do fervor coa ousadía,
acceden ao templo sacro
e alí unha oración dicían:
«Santo Alberte nomeado,
escóitanos unha miga
e axúdanos nesta hora
de coita e de lacería,



pois perdemos o camiño,
pois quedámonos sen guía».
Tan axiña como saen,
vede qué gran marabilla,
ábrese un claro no ceo,
e a súa estrela escintila.
Ceibaban as tres coroas
polo aire coa alegría
de sabérense escoitados
dun santo de tal valía,
e agora xa todos senten
estar moi preto o gran día.
Un abeiradoiro atopan
alí ao rente da ermida
para pasar toda a noite
cercados de mestas silvas.
A estrela dálles calor
e o santo fai de vixía
naquelas horas de lobos,
naquela noite tan fría.
Dende os rueiros de Roca
pola mañá na hora prima,
resoa o canto do galo
para erguerse a comitiva.
Ollan o ceo sereno
en busca da súa guía,
que loce tan grande e clara
como nunca antes a viran.
Estaba agora tan baixa
que as árbores tocar quería.
Cando os Magos están prestos
a estrela máis relocía
e alumeaba o camiño,
senalando a travesía
sempre á beira daquel río.
Atrás van quedando en liña
Baamonde, Bóveda, Pacios
e dende as Pontes de Arriba
Illán, Castro e máis Viris.



Aló cara o mediodía
entrados son en Begonte:
que ledicia para a vista
as verdes veigas do Ladra
e as arboredas que as inzan
todo ao seu arrededor!
Ao pouco de estar alí
senten voces que os chaman
con musical harmonía.
Enfeitizados acoden
os tres Reis con cortesía
e atopan ao pé dun freixo
dous pastores que os vixían.
—Quen sodes vós, meu señor?
o rei Melchor inquiría.
—Un servo de Deus eu son
para vos servir neste día.
—Se andiveras con ovellas,
pastor ser ben poderías.
—Pastor abofé que son,
mais non dos que o gando guían.
—Se o enigma non me clarexas,
matinarei todo o día.
—Para abreviar, Maxestades,
o meu nome vos diría,
se escoltar a ben o tedes.
Todos Xosé me dicían,
Xosé Domínguez Guizán;
desta nobre freguesía
pastor hai un tempo fun.
Cando tales verbas ouvían,
axeonllábanse os Reis,
e as mans de Xosé pedían
para aos seus beizos levar.
Bágoas de emoción corrían
polas meixelas reais,
en tanto o outro pastor
con beatitude sorría.
Aquí falou Baltasar,



escoitade o que dicía:
—Ti que aí estás agachado,
achégate axiña aquí
pois es un ser singular
que en todo Oriente se admira.
Xosé Rodríguez Varela,
o teu nome eu xa sabía
pola sona dese arte,
con que ao belén deches vida.
Aquí calou o Rei Mago
e, aínda que en claro día,
de novo a estrela baixou
pousándose na herba fría.
Diante dos tres, abraiados,
a súa forma perdía
e en carro se transformaba:
carro de luz que lucía
con máis esplendor que o sol.
A el os Xosés subían
de regreso á súa morada
no máis alto construída
para non morrer xamais.
Ao cabo dunha miguiña,
xa da visión recobrados,
isto os tres Reis dicían:
—Finaron as nosas coitas,
as desventuras son idas,
xa chegamos a Begonte,
xa chegou o gran día,
de agasallar a Xesús
e renderlle pleitesía
no seu belén celebrado,
que é do orbe marabilla.
Grazas aos dous Xosés,
e a toda esa gran familia
dos begontinos que soñan,
dos begontinos que miran
por enriba das fronteiras
cantando á paz neste día.





XOSÉ OTERO CANTO

Chora, meu neno

(Segundo premio)

Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.

Ai que noite tan escura,
canto vento e choiva fera,
sen ter quen te acalente
nesta noite de faena!

Dende o Belén ata o río
a Virxe no Ladra espera
que lle poñan a fornada
na cabeza coa rodela,
e Xosé anda pedindo
ao frío da neve e con pena,
palla seca por Begonte
pra xuntar unha gavela.

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Ai, meu neno, ben querido,
miña soidade incerta!
Xulio anda envisado
e por ver se o neno berra



sobe ao alto do lousado
e polo oco dunha tella
exponlle a toda a xente
o que segue na cuarteta:

«Cómpre louvar ao meniño
aínda que teña rabecha,
facerlle un bo certame
de poesía navideña...
e avisar aos seus pais
que lle dean a maicena»

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Domínguez atarefado
anda buscando outra peza
para poñerlle ao Belén,
acaída e con presteza.

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

De noite segue nevando,
as folerpas xa se encrechan
e a parroquia de Begonte
non se sabe onde empeza.

A Virxe está perdida
coa fornada na cabeza,
descoñece onde está o neno
e por iso desespera.



*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Xosé chegou de primeiro
e púxolle a chupeta
para que o neno cale
e non sinta estrañeza.

Estrou as pallas no chan
con moito mimo e tenreza,
outras botounas ao lume
para acalorar a peza.

Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.
A Virxe está perdida
mais chea de afouteza,
entre a neve, coitadiña,
segue o resplandor da estrela
que chora no firmamento
causando grande estrañeza
a todos os chairegos.
Nunca viran tal grandeza!

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Xa vén pola corredoira
alancando a noite espesa,
toda chea de presura
desferrollou a cancela.
A pobre nai como corre!,



a pobre nai desespera,
mais chegando ao Belén
durmediño o contempla
e cos labios de azucena
sóltalle un bico á mantenta.





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

Pregaria ao neno-luz

(Mención de honra)

*En memoria de
Marcial González Vigo...
Nosas serán as súas verbas*

A Ti, Neno de Luz, que habitas a Chá, nado en Begonte,
nunhas pallas,
perdido entre silencios da xente que traballa, coa suor na fronte,
esta terra longa, inmensa de corazón en lenta ollada.
A Ti, Neno de Luz, vai este pranto en verbas e derrotado en bágoas;
que esta pregaría busca, entre soños compracidos,
a Luz da túa alborada.

En Ti, Neno, confío recendos de amenceres, sabéndome no orgullo
da orixe de chairego. E está chegando o frío no medio deste
inverno,
e vén cheo de fame. Eu véñoche dicir, Neno de Luz, que cómpre
saber desa Luz Túa, para que xordan ternuras, calor que amor
debulla
e o pan que non nos falte, nin abrigo e sustento con algo de
sosego.

Que andan as tebras a sucар a noite,
a romper o día en sombras de destino incerto.
Andan as fondas, negras de escuras noites a ser máis noite
para abondar na nosa pertinaz cegueira.
Porque non vemos a Luz que Ti prodigas,
a túa Luz de esperanza, na memoria que subsiste,



nesta ruína enorme que precipita o mundo
a vagar nas soldades do silencio
e do medo, nesa obstinada tristura
do que compra e do que vende,
comerciantes da existencia, escépticos
do brillo das estrelas, da razón, do entendemento.
Veñen da dureza —en corazón— dos poderosos,
dos graciosos potentados de diñeiro,
na crueldade soberana, intransixencia,
e na inxustia das leis que os homes tecen.
Chegará por fin ese acto responsable,
rebelde da última prostración, cos pobres e os humildes,
cos negados, marxinais ...xente sen teito,
proclamar dunha vez esa Túa Luz,
na defensa desconforme que reflecta o teu mandado,
o do Amor, única patria para rexeitar tanta xente
e tanta Terra, toda a Terra e os seus pobos,
combatendo estas sombras
que nós mesmos cargamos de miserias,
e no frío da pedra, baixo esta lousa
que nos trae asoballados, sumidos en tanta dor,
na máis profunda tristeza!





XOSÉ OTERO CANTO

Dende Valverde a Begonte (Cuartetas
en asonante para o Belén de Begonte)

(Primeiro premio)

Quen pode facer camiño
nesta noite branca e fera!
Coma mantos de armiño
as falopas baixan quedas,
e a auga-neve amodiño
salfire o corpo e as veas,
causando gran remuíño
a nordesía atravesa
e na cara o polvoriño
entra nos ollos e cega.

Quen pode facer camiño
nesta noite branca e fera!

XOSÉ

—Son Xosé, un pobre vello,
veño de longa xornada
e colleunos no traxecto
esta grande nevarada.
Traio doncela, vilego.
Traio doncela preñada
que á luz do evanxeo
é Virxe moi sinalada.
Dádenos cobixo, prego,
nesta noite asañada,
así volo pague o ceo,



franquea a porta pechada,
desferrolla o tarabelo
e saca a tranca tabasa
para darnos sen receo
leito, cobixo e brasa.

Quen pode facer paseo
nesta noite de xeadá!

VILEGO DE VALVERDE

—Larga de aí, moinante,
baluro de malas trazas,
colle o saco e denantes
pecha da boca a alburgada.
Non queremos condoitantes
que veñan roubar a anada.
En Valverde, na cidade,
somos ricos de eiradas,
alfaias, diñeiro e herdades.
Váianse, pois, noramala,
que non queremos galdrachas,
larpeiro, babiión, renarte.
Nesta noite avergoñada,
quen pode ser camiñante!

Seguen petando aos poxigos,
seguen as portas pechadas.
Non hai quen lles dea auxilio
en todas as casaradas.
Buscan tan só un abrigo;
ninguén quere dar pousada.

Quen pode buscar acubillo
nesta noite atormentada!

Aínda ben non se marcharon
e guichan pola outeirada



ensumirse de contado
a Valverde na lamada.
O desamparo en pago,
a calumnia envorcada
coa soberbia e o arroallo,
a caridade aldraxada.

Quen pode ser andador
nesta noite apesarada!

Axiña enceta a Virxe
con estas novas palabras:

VIRXE

—«Por que Xosé te aflixes
por esta xente mundana?»
—«Non ves que no ventre vive
aquel que nos remediara?»
Cara a Begonte os seus pasos
aínda que a Virxe tremara,
de frío abánanse os brazos,
de frío os pés se callaban.

Xuntos na noite e cansados
a un alpendre arribaban
aínda que pouco abrigados
e moito frío pasaran
se non fora que hogano
alento prestaba a vaca
e un mulo ribeirao
que na corte se achaba.

Feito un leito de palla,
por máis de buscar abrigo
a media noite rondaba
e no instante perdido



en que as doce xa colmaban
naceu o bo raparigo
cando os galos xa cantaban.
e un merlo saltariqueiro
que nun loureiro moraba
repenicou un asubío
moi ledo na ramallada.

Nese momento preciso
os begontinos cismaban
levarlle algúns paxeliños
cando os pastores chegaban,
de ovos cargadiños,
de manteiga pura e branca,
de avelás, noces e viño,
de mel, leite e pitanza.
Todo Begonte xunguido,
enterro para a Deus loar,
mais o Meniño bendito
un Belén fai abrollar.
Polos aires amodiño
unha gaita sae tocar
sumíndose en panxoliñas
nesta noite no portal
con cuartetos redondiñas
desta noite, a principal.





CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ

O belén era un clamor

(Segundo premio)

CARA O BELÉN

Sentín unha voz distinta rolando ao redor de min
naquela néboa entupida de tantas mensaxes vas.
Sentina buscar recantos hai tempo pechados xa
onde quedan só voaxas da infancia que perdin,
e proxectos inconclusos,
que algún día arrombei.
Entendín que era tempo de partir...
Pechei portas e ventás
e saín para Begonte vestido de noites pretas.
Malia ser longo o camiño, estaba certo de chegar:
tan forte era aquel pulo e tan grande contra min.
Ía moito frío arreo, e cos pés aterecidos
por vieiros e congostras non parei de camiñar.
Cadelos asilvestrados oía oubear ao lonxe,
sentía os xabarís fozando nos milleirais,
contemplaba as outonías estragadas polas toupas,
e paraba nas maceiras para observar as feridas
que os aires sulfurosos deixaban no seu froito.
Tentei buscar compañeiros para amolecer o camiño,
mais ninguén tiña folgos nin verbas de lecer:
só olladas cara dentro, só friaxe e desamor.
Fun marcando a lama con pegadas de soldade,
ata chegar a Begonte cando o meu sino o dispuxo.
Vin ao fin portas abertas e non dubidei en entrar.



NO BELÉN

Por que choran bágoas de po seco as figuras do belén?,
por que choran recén espriguizadas?
Mirade cómo axexan cos seus ollos de alfinete
á xente das bancadas que volven a renxer.
Quizais cando as arañas tecían días
nun lento devalar cara o Nadal,
as figuras soñaban cornucopias
aboioando no Ladra que as traía.
Soñaban tempos de paz e pan,
tempos sen pranto e sen dolor.
Mais agora ao espertar
volta aos salaios afogados nas bancadas,
volta ás feridas antigas sen cerrar...
Alí enriba á dereita pesaroso poden ver
un desafiuizado que hoxe dorme baixo teito,
mais tal vez mañá xa non.
Á súa beira un estudante que non sabe
para qué tanto esforzo e empeño van.
Unha miga máis abaixo, agachada aló no medio,
unha muller maltratada que sofre cada día
incertidumes frías de ruleta que non ve.
Moi preto dela un parado cos seus fillos
deixados á sorte dos que habitan nas toxearas.
Diante de todo un político desmillorado
que endexamais foi corrupto e a xente non o cre.
Outra volta aló enriba, moi encolildo e saudoso,
un avó desnortado que segue a matinar
por qué o radiador da residencia
bota tanto frío e non dá calor.
Velai tedes o que aquí atopei,
ollos de alfinete pousando na xente,
ollos de carne viva pousando no belén.
Todos ben abertos e fitando sen acougo
na procura dun camiño, dun abeiro, dunha man.
Mentres tanto o Neno dorme
no seu berce envurullado,



dorme un sono xa tan longo
que non sei se bo será.
Esperta, Xesús, esperta,
esperta que é hora xa,
esperta que acaba o día
e a noite chegando está!

FÓRA DO BELÉN

Cando sain fóra,
todo Begonte era a calma
dunha espazosa saba branca
tecida nas nubes frías.
Nin oubeos de cans asilvestrados había xa,
nin pegadas de xabarís,
nin carreiros de toupas,
nin axiridos de aves estridentes,
nin refoleos de vento,
nin estrondos de máquinas ou motores.
Os camiños eran silencio,
os campos eran silencio,
as árbores eran silencio,
o aire era silencio.
Todo era unha vouta de silencio branco pechada sobre min.
Era o silencio necesario
para oír o balbordo sen son
de tantas sombras que á miña beira ían
e se desfacían en prantos afluxidos.
Cada folerpa que caía era a voz
dun irmán atrancado na súa dor
e unidas todas xuntas facían un gran clamor.
Sentín que a miña alma deixaba de ser pedra.
Sentín que os antigos camiños non levaban a ningures,
que a miña vella casa era un oco estreito e vacuo.
E sentín por riba daquelas voces outra máis forte e nidia
que pedía mans e chamaba a construír
unha casa grande con chave para todos,



unha casa cimentada sobre a xustiza e sobre a paz,
unha casa onde todos tiveran teito e máis sustento,
onde non houbera humillacións, nin malos tratos,
nin tiranos, nin escravos,
nin mentes violadoras, nin armas asasinas.





XOSÉ OTERO CANTO

*O vento é un moinante (Cantiga
para durmir ao neno)*

(Primeiro premio)

Begonte ten un meniño
e o vento un leixaprén
que vén led do muíño,
un vento que vai e vén.

Este vento fuxitivo
ten un teimoso roncón,
vagando como un mendigo
con grave e tristeiro son.

Entrou o vento coa lúa
para arrolar os seus pés,
sae despois pola rúa
deste Belén begontés.

O vento é un moinante...
Que lle fixo ao meu Señor?
Apaxouno pola face
como se fose unha flor.

Quedouse cos ollos ledos,
quedouse co seu olor,
porque cheiraba a incenso...
non llo trouxera Melchor.
Foi Gaspar o do arrecendo,
Foi Gaspar o adulator.



Quedouse co seu cabelo,
ouro que Melchor legara,
escintilaba de preto,
coruscaba a súa cara.

Quedouse coas súas meixelas,
mirra son de Baltasar,
bálsamo da cor bermella
para o Neno agasallar.

O vento é un moinante...
Que lle fixo ao meu Señor?
Apaxouno pola face
como se fose unha flor,
e liscouse arrogante
entre as ponlas rezador,
pregoando a novidade
cando chegaba o albor.

E viñeron adoralo
de todo o arrededor
segundo fa pregoando
este vento adulator:
homes, mulleres e nenos
e un carrizo falador
que se achegou con respecto
dicíndolle ao Creador:

—Aquí está todo Begonte
esperando por te ver,
e os paxaros deste monte
querémosche ofrecer
o noso canto acorde
neste branco amencer.



O vento é un moinante...
Que lle fixo ao meu Señor?
Apaxouno pola face
como se fose unha flor.

O merlo que alí estaba
música fai ao cantar,
e as parroquias nomeaba
con ritmo, rima e solaz.
Oíde como cantaba
botando asubíos ao ar:

—Pacios, Bóveda, Illán,
Saavedra, Trobo, Felmil,
Baamonde e Baldomar,
Cerdeiras, Castro, Damil,
Begonte, Gaibor, Carral...
San Vicente e Uriz,
e se todas non están
faltan Santalla e Virís.

Os santos hai que afirmar
son da Pena, este é o matiz.

Das parroquias do Concello
non daban creto ao soar
que un paxaro tan sinxelo
fora quen de as recordar,
e que as dixera sen medo
e que as quixera glosar.
Dezaioito son de preto
as que hai que nomear.

Presentes todos se achaban
os vecinos do lugar,
e por un misterio daban
o que alí estaba a pasar.



O vento é un moinante...
Que lle fixo ao meu Señor?
Apaxouno pola face
como se fose unha flor.

Que un merlo saltariqueiro,
mouro como o carbón,
rematara rexoubeiro
nesta única ocasión
en Begonte no cruceiro
rezando esta oración:

«Neno dos ecos e a terra,
Señor da lúa e o sol.
No vento fas a pureza,
nos paxaros o honor
da fala como nobreza
manifestando o amor
das criaturas á terra,
desta oración o clamor.
Vaíamos con gran presteza
Adorarte, Creador».





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO
Sempre haberá belén

(Segundo premio)

Se por azar en Begonte morrese o belén un día,
todos os begontinos canlearían o silencio
para verter amoucados o caudal das súas mágoas;
os ollos dos chairegos vagarían polo ceo
detrás daquela estrela que tanto agarimaran
e a xente de máis lonxe buscaría nos arquivos
da memoria poeirenta o nome deste pobo.

Se por azar en Begonte morrese o belén un día,
sentiríanse os cativos estafados de verdade
e buscarían sen acougo os ladróns da fantasía;
todos os viaxeiros pasarían de largo
sen deterse coma antes ao pé do seu pesebre
e os diarios desta terra esquecerían dende entón
as novas e os eventos que aquí tiñan orixe.

Se por azar en Begonte morrese o belén un día,
a Virxe dos Milagres percorrería Saavedra
vertendo bágoas frías por fragas e camiños;
o noso Santo Alberte pecharíase na capela
para evitar o sendero que leva ata Begonte
e ambos os dous Xosés, que vixían dende o ceo,
taparían os seus ollos e daríannos as costas.

Se por azar en Begonte morrese o belén un día,
as ceas de Noiteboa e os xantares de Nadal
adubaríanse con xeadas e pingas de tebra mesta;
os pinos dos fogares non terían tanta luz
como aqueles doutros anos esquecidos nos faiados



e ninguén daría un paso para cantar panxoliñas
ao compás das folerpas que esvarasen polos vidros.

Se por azar en Begonte..., se por azar en Begonte...
Calo xa dunha vez con tanto retrousar,
porque o belén construído na cerna deste pobo
sobrepasa en tempero ás forzas da miseria
e hase manter firme contra o embate repetido
do tempo invisible que non para de asexar.

Non hai machado de noite nin serra de dente frío
con gume para abater esta árbores senlleira
que leva tantos anos florecendo por Nadal.
Sempre haberá belén, malia todos os agoiros.
Aínda que se esgote o diñeiro das entradas,
aínda que escaseen mans expertas e adestradas
para mover con precisión a alma das figuras,
aínda que se afunda o seu teito avellentado
ou cambaleen inseguras as súas paredes vellas,
haberá ata a fin dos tempos un belén para Begonte.

E, se deviñese ese belén máis pobre e máis sinxelo
coas únicas figuras de Xosé, María e o Neno,
mesmo así seguirá sendo un belén principal,
e estará ano tras ano neste pobo de Begonte.
A semente que un día os dous Xosés botaron
á beira do Ladra calado e caudaloso,
medrará vizosa sempre e nunca murchará,
porque os soños prantados por unhas mans tan limpas
feridas de entusiasmo e de amor polo seu pobo
son pedras diamantinas que ninguén esfachará.

Mentres quede un chairego e por suposto un begentino
con sede de xustiza, de irmandade e de paz,
haberá un Nadal para Begonte
cun belén aberto a todos
os que queiran vir aquí
para encher os corazóns
de inocencia e de ilusión.





LUCÍA PENALONGA CRUZ
O neno é galego

(Mención de honra)

É Inverno...
O neno espidiño
non sente nin frío,
seu nariz vermello,
cabelo ouro e prata,
cincenta a súa pel.
Retumba o martelo.
Forza na ialma!
O Neno é FERREIRO.

Barruza...
Os puños pechados
aloumiñan as pedras,
hai sangue nas feridas,
suor nas entrañas...
E non treme nin laia.
Rechina o cincel.
Canta honestidade!
O Neno é CANTEIRO.

Neva...
Os ollos abertos,
branquiños os brazos,
na man un codelo.
O rodicio xirando e,
o trigo bailando.
Bate forte o río.
Amor e soidade!
O Neno é MUINEIRO.



Chove...
Os prados anegados,
a terra un lameiro,
os froitos estragados.
O lombo encorvado
do sacho e o arado.
O carro cantando.
Grande humildade!
O Neno é LABREGO.

Pinga...
Seus pés xoguetóns
petan no bidueiro.
Danza a trade;
a gubia trabando,
o cepillo alisando.
Pisadas das zocas...
Viva a integridade!
O Neno é ZOQUEIRO.

Escurece...
Os dedos inquedados,
move ó son do vento.
Ronca a treboada,
os beizos soplando,
o pé punteando.
Funga e chora a gaita.
Moito sentimento!
O Neno é GAITEIRO.

O Pai carpinteiro
arranxa no berce,
limpa o escano
e tiza ó lume.
O Pai fai un chifre
de pau de salgueiro.
Ledo sorrí o Neno
ó mundo enteiro!




A Nai lava a roupa,
fía na nivea lá,
artella no tear
e amasa o branco pan.
A Nai cose o lenzo,
cociña no seu lar.
Arrola ó Neniño,
canta e reza baixiño!

Brilan as estrelas.
O Neno fonte de paz,
río de ledicia,
ponte de unión,
monte de esperanza,
camiño de ilusión,
pesebre de amor.

O Neno é galego.







ROSA CATARINA PIÑEIRO
Hai un belén de garda

(Mención de honra)

Eu buscaba un pasar nalgún furado,
procuraba o estrondo dunha festa,
miraba polo mundo cando a vida
era un tolo bulir na mesma feira.

Eu non topaba acougo nin sabía
que toda realidade é paralela
ao aire doutro pulo, ao achado
de albiscar outra luz tras desta tebra.

Que podía achar eu cando a invernía
se apodera de min escura e lenta,
sen raiolas, sen xeito, sen feitura,
sen música de seu para esta letra.

Como atopar un facho que ilumine,
e faga escintilar a tarde cega:
labarada na terra labradia
pola chaira da xente dunha peza.

Na beira do que arreda i envilece
na banda do que atoa i empoleira,
o zume desleixado deste tempo
quedárame na sima dunha creba.

Eu procuraba revivir borrallas
sen lle pór cabeceira á miña besta
xunto a berce ningún, sen que soubese
da palla do poupar de luz acesa.



Foi por iso por que pedín acougo
e acudín na dor onde as urxencias,
e reclamei aos ceos e á sorte
a mellora total da miña estrela.

Foi por non me facer só do solsticio,
por alancar da vida desatenta,
por saberme atendida se adoezo
dese arrepío que ninguén remedia.

Houbo un Belén de garda, un amparo,
antídoto en touzas de incerteza,
pra me salvar de sombras que asoballan
pra redimir das mágoas que espaxan.

É un portal en quenda de angostura,
é un cortello en aires de emerxencia,
un milagre de vida, un prodixio
máis alá das humanas comenencias.

Hai un Belén de garda, coma un fío
ganduxo do que acae, que conecta
a carriza sutil, tapiz humilde,
co lacrimoso ser que alí se deita.

Hai un Belén xabreiro, diminuto
nos seres habitantes á espreita,
de errada proporción e tenro porte,
inxenuo, terapéutico, de area.

Hai un Belén ritual, inamovible,
en panxolas con voz de sinxeleza,
Tan quedo, tan eterno por antigo
que hai quen lle di *vintage* nalgunha aldea.

Hai un Belén tan vivo coma un ceo,
cun meniño ao que dicirlle prenda,
ben lonxe das agnósticas farturas,
do escuro e do correcto feito lea.



E tamén hai un gordo cun quimono
vermello e fachendoso en falsa seda
e un reno cunha zorra pola eira
cunha teima civil, laica e obscena.

Hai un Belén de actores debutantes
que nin sabían que isto é unha escena,
e unha chea de axentes moi sabidos
en arredar a un neno que marea.

Alleo ao I+D, á novidade,
ao feito cultural, á súa grea,
un Belén é un Deus, tal como soa,
e o demais é só xente á súa beira.

Porque o outro, son trécolas, oficio
de confundir a troula e a presenza:
Aquí Deus mesmo; acolá o conto
do exceso de gula e melopea.


Hai unha saturnal que é de resaca
igual que hai un Nadal de incontinencia,
e outro de labregos e pastores
ao que chamar Belén, mesmo nacemento.

Hai un Belén que non é só de nenos
—é ben adulto Deus cando se achega—
nin morto, nin mecánico, nin rancio,
¿non vedes seica así a diferenza?

Eu buscaba o pueril, o populista
e topei a verdade ben enteira,
era un Belén de garda coma un mundo,
cura infalible dunha antiga ciencia.

E nin sei se buscaba, pero olleino,
e proclamo que sanda como alenta,
é un Belén de garda, testemuña,
tan firme neste ir indo sen defensa.







XOSÉ OTERO CANTO
Xesús ficou espidiño

(Primeiro premio)

INTROITO

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
o sorriso, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.
Velaquí o meu meniño,
ben vestido e ao completo.
A roupa toda de liño.
Vese nel un grande afecto.
O seu mirar manseliño
produce moito respecto.

MANSIO

Todos lle piden ao neno
—que en Begonte ten a casa—
a roupiña do barrelo
aínda que o carro galego
e os apeiros de labranza
sexan como un caramelo
para os labregos da herdanza,
por ser figuras con selo
e ser novas de anovanza,
mais non teñen o destelo



nin tampouco a prestanza
da roupiña do pequeno
noso Deus, camiño e calma,
meu meniño, rei xarelo,
nosa luz, nosa esperanza.

PETITIO 1

Achegouse unha rapaza
presumida e boa planta,
pedíndolle a carapucha
con que a cabeza cubría
para gardarse da chuva,
cunha goteira «cabrita»
fixo como travesura
no Belén que de gorida
era a morada conxunta
de Xosé e de María
—mais o furado resulta
que o vento llo abrira—
Caía a gota con bravura
e nada lle impedía
empapar a criatura
que no berce se sostiña,
de moi pequena estatura,
mais grande, á marabilla,
dono do sol e da lúa,
da bondade e da xustiza.
Puxo o mundo en harmonia.
Redentor e pacifista.
Meniño de gran valía.



RESPONSIO (Variatio 1)

Estribillo

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
a carapucha, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.

PETITIO 2

Vén despois un raparigo
algo fraco e circunspecto,
acercóuselle ao ouvido
e díxolle o moi fresco:
«os teus patucos de liño
eran bos para o meu pequeno
aínda que sexan de frío.
El non ten ningún paxelo
con que gardarse do frío.
Ti tes vaca e boi marelo
que alento che dan acotío;
eu non teño un pendello
nin tampouco un acubillo
e sinto un grande flaxelo
do frío que pasa o meu filo».

RESPONSIO (Variatio 2)

Estribillo

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
os patucos, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.



PETITIO 3

Abeirouse unha parella
ao noso Deus adorar,
emigrante era ela,
de Siria era o rapaz,
preñada fora na guerra,
de nove meses estará.
Tampouco teñen vivenda
nin cartos con que pagar.
Agóchanse nunha pontella
que se vén edificar
en Begonte, que Saavedra
teñen a ben de nomear.
Pediulle «o bodi», a manceba,
que ao neno estaba a abrigar;
así cando o recién veña
teñan con que o tapar.
Xesús sabe da cuneta
en que están a morar,
por iso, axiña e con présa
o «bodi» accede a doar.

RESPONSIO (Variatio 3)

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa de branco armiño,
O «bodi», un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans un gran boneco.

PETITIO 4

Un pícaro ben pequeno,
de tres anos, quizá,
foi a Begonte, o neno,
ver o Belén desprazar.



Gustoulle tanto o boneco
que Xesús tiña nas mans...
fixo un grande patalexo
e rematou por chorar.
Tan grande era o rabecho,
perrencha e rabuxa que dá
que Xesús fixo un aceno
á Virxe para llo dar.


RESPONSIO (Variatio 4)

Velaquí o meu meniño,
o neno do meu contento.
A roupa era como armiño.
O sorriso, un embeleco.
No berce está estendido
e nas mans non hai boneco.

CONCLUSIO

Xesús ficou espidiño.
Todo o que tiña foi dar,
quedou sen roupa de abrigo
en cueiriño corporal
que era o único tecido
co que se podía tapar.
Se non cres o que che digo
a Begonte haste chegar
ver o Belén susodito
e ao meniño, o principal.
Noso Deus, calma e camiño,
rei xarelo, meu meniño,
luz da terra, sol do mar.







BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO
Bo Nadal?

(Segundo premio)

Si, ao final son os nenos os que mellor entenden
este tempo estremecido de Nadal.
Son eles, os que soñan tempos novos, cheos de Luz
que a todos nós, quentarán.
Ao final, se queremos, deberemos volvernos nenos
para erguer co corazón onda o portal
e correr de novo, sobrevoando as figuras de barro
e a fariña que é neve, no noso corazón, nas nosas mans.
Ao final, habitaremos o soño de querernos,
xuntando aquel noso mundo, sobre o chan
cos recortes de nós mesmos mirados no silencio
polos caminos que levan cara adiante, camiñando a un portal.
Sobre un manto de luz que se dá cita, na noite, baixo as estrelas
e xuntan a San Xosé, co Neno e coa súa Mai.
Ao final, todo o mundo se trastorna e busca o Sol
nun ollar esperanzado, de lumieira universal
pois o amor é esa luz, nesta inocente tenrura,
entre ríos e montañas, en Begonte, un camiñar.
Prados de musgo, vales con árbores, xente que vén, xente que vai,
ríos de prata, montes de neve, pezas de barro que a Belén van,
levan presentes, ovos, manteiga, bolas de pan.
E son nubes de algodón, tres reis magos, pastores da Terra Chá
chegan sobre serraduras de madeira
que arremedan a lama dos rueiros e levan a noite,
coa luz da Lúa e unha alta estela ... chegan alá.
Pasan rabaños e pontes, rapaces e mozos,
mulleres e homes que están a cantar.



Casas de pedra e tellados de lousa, a neve alfombra fríos
alá lonxe, polas terras Orientais.
Ao final, as sombras da noite albergan novos fuxidos,
os pobres eternos que escapan da fame, da guerra e buscan a paz.
O castelo de Herodes segue neste mundo ruín
que fixo un camposanto coas augas do mar
e as noites da historia, están sobre collidas ao repetirse,
ano a ano, e volven a nós para aquel Neno lembrar.
Fachuzo da noite da Chaira, non pode esquecer,
nin perder os soños: hai que ir arrolar.
Son refuxiados, emigrados, exiliados, ... e séntese unha vella canción
que arroupa, en doce voz o durmir dun Neno, que non deixará
de amar:

*«Durme, meu Neno durme; durme,
que te durmirás sen esquecer aos que sofren
a indiferenza mortal».*





XOSÉ OTERO CANTO
Xesús e o malabarista

(Primeiro premio)

Unha vez Nosa Señora
co neno Xesús tamén,
nos seus brazos e a deshora
quixo baixar ao Belén,
desde o ceo onde mora
ata a terra onde ven.

Domínguez fixera o prego
e de segundo, Guizán,
que de Begonte era crego,
o mesmo có seu irmán.
Pedindolle este vilego
á Virxe con moito afán,
facer un Belén chairego
con movemento artesán.

A Virxe que está no ceo
disponse a viaxar
nunha estrela, sen receo,
para a Begonte arribar,
e nun raxo e nun clareo
chegan sen se molestar,
quedando a estrela arreo
senalando o lugar
no portal de luz ben cheo
brillando sen descansar
de noite e no clareo,
tamén no crepuscular.



Sabéndoo as freiras e frades
que se achan ao redor
das nosas localidades:
Sobrado, Samos, Pantón,
con moita cordialidade,
con devoción e amor,
cheíños de humildade
veñen honrar ao Señor,
que en flor de Santidade
é o noso Creador.
En Begonte é novidade
un Belén tan sedutor.

Facendo unha gran ringleira
frades e freiras están,
tendo só por angueira
ao Neno homenaxear.

Os mellores dos conventos
nesta fileira esperan,
os que teñen máis talento,
os que a todos nos superan,
xa sexa no pensamento
ou nas artes que revelan,
con moito refinamento
barallan, fabulan, tutelan.

O primeiro é un poeta.
Versos fermosos declama,
redondillas e cuartetas,
e festivos epigramas,
componlle á mesma chupeta
que Xesús move a esgalla,
e tamén aos profetas
que desde sempre proclaman
a chegada desta prenda,
nosa ofrenda e encomenda,
noso Deus, nosa morada.



O segundo é un pintor
que dos pinceis fai gala
e do trazo sedutor
con que a todos engalana,
pois pinta ao Creador
mentres sorrí e argalla,
parece un soñador,
noso rei, nosa mirada.

Freiras e frades proclaman
a chegada desta prenda,
nosa ofrenda e encomenda,
noso Deus, nosa morada.

O terceiro é violinista
e a súa caixa resoa
e polo mastro ecoa
a luz do Deus triunfalista
que se converte en loa
e que ás almas acaroa,
delicado e intimista,
amantiño e vitalista,
son que a todos galardoa
e tan fino que pregoa
a Deus en mans dun artista.

Freiras e frades proclamam
a chegada desta prenda,
nosa ofrenda e encomenda,
noso Deus, nosa morada.

E xa máis tarde unha freira
dixo en alto e en viva voz,
recitando en ringleira
a todos os santos, veloz,
alzándose en portavoz,
haxiográfica pioneira
e dos santos cabeceira
de xeito aberto e precoz.



Freiras e frades proclamam
a chegada desta prenda,
nosa ofrenda e encomenda,
noso Deus, nosa morada.


Na fila tamén había
un pequeno singular
que en ASPNAIS tiña a súa vida
e tamén tiña o seu lar,
e aínda unha regalía
ao Neno quería dar,
motivo do centenario
que estaban a celebrar,
e para ser solidario
viña a Deus adorar.
O rapaz non aprendía,
lía e escribía mal,
tampouco tiña valía
con que poderse afirmar,
todos o desaprobaban
e críano incapaz,
mais sacou unhas laranxas
dos petos de diante e atrás
e lanzounas polo aire,
mandarinas a faltar,
con tal presteza e donaire
que a todos fai calar,
ao ver como manexaba
cal dun circo se tratara
un malabarismo tal...
que Xesús moito sorría
e tamén palmas batía
decotío e sen parar.

Díxolle a Virxe María
a Xesús polo Nadal,
que a mozo de tal valía
un bico tiña que dar,



e Xesús sen máis porfía
céiballe un bico ao pasar
e as laranxas que sacara
en «chuches» fai transmutar
para os nenos que chegaran
ver ao Belén abanar,
cal do viño se tratara
nas vodas de Canaán.







LAURA LÓPEZ ESTEBAN
Cantiga de viaxeiros

(Segundo premio)

Lema: «Geisha»

—Assim como lavamos o corpo
devíamos lavar o destino,
mudar de vida como mudamos de roupa.
PESSOA

«Pai, eu non vexo xa a ninguén».

Xunto aos raios do empardecer,
o día esvaceeu coma pinga de gloria
espindo o seu recuncho do frío.
Escorregou en silencio as súas febles mans
para debuxar un camión nu e estrelado
que conducía cara un niño de pomba.

«Pai, vexo unhas luces aló ao lonxe, que poderán ser?»
«Rapaz, estás seguro do que ves?»

Carambelos loitaban por vestir aquela paraxe.
Ficaban na espera dalgún sorriso de media noite,
quizais na busca dunha man amiga e quente
doadora de calor para os corpos atecidos.

Ao final do sendeiro, unha fileira de bicos de luz
coroaban a estampa que estaba a nacer.



Os axóuxeres soaron.

«Pai! Agarda! Que está a pasar?»

«Neno, ben sabes que eu son cego,
cólleme a man e lévame ata aló».

Por entre as lagoas e os piñeiros
as pegadas de dous pares de pés
—uns de chumbo, outros de prata—
borboriñaban a súa humilde chegada.
Coma o doce arrecendo dun pastel
as notas melodiosas e afíns dun violín
agasallaban cunha serenata nocturna.

«Hoxe, rapaz, moi ben tocas o violín»

«Non pai, eu non son».

Unha petisa loira e celestial
alimentaba o lugar de fermosa música
mentres agardaba queda nun recanto
polas ás da boa pomba mesaxeira.
Coa mirada distante e perdida na néboa
achegou a súa man ao home de capa branca.
Clareou a voz e comezou a recitar:

«Non coñezo o meu destino
non coñezo o meu porvir,
coñezo o tacto das miñas pegadas
e mais as cordas deste violín.
O noso ollar é cego,
a nosa alma leal...
e na fe está o noso ben».

Os pasos acordes do pai e do fillo
seguían o ritmo do río Ladra
e convertían aqueles camiños de terra
na illa dos tesouros soterrados.
Sentían afouteza e ousadía
por vagar ao azar nunha noite soidosa



mais o fervor das dúas ánimas teimudas
desexaba con paixón a fin daquel vieiro.

O quiquiriquí dun galo de trasnoitada
cambiou o rumbo dirección leste
e desnortou a bitácora dos pasaxeiros.

«Ay, neno... perdémonos, verdade?»
«Non! Non! Están alí! Podo velos preto!»


Deslizaron as súas sombras pola escuridade
ata entrar nunha casa con luz no interior.
Por fin chegaran...
e alí estaban.
Permanecían coma pezas dun crebacabezas
na espera daqueles que os buscaran na noite,
e semellando un coro de voces declamaron:

«A bondade está no amor da vida cotiá,
a bondade está nos ollos do fillo
de quen non pode ver por si só».

A face do pai deleitábase cos seus versos
cando un raio de luz áurica envolveu o cuarto.
Entón sucedeu, sucedeu o miragre...
Xa non había soidade no seu mirar
xa non sentía o son dunha cantiga enfeitizada.
O home, da man do neno, mirou ao seu arredor
e puido ver as siluetas que denantes os chamaran
transformadas en fermosas figuras de cor.
Puido ver ao seu fillo, puido ver a ilusión da vida.

Aquela estampa de maxia e agarimo
encheu as almas de todo transeúnte
que escoltara o chamamento das estrelas.







BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO
Nadal de agora e sempre

(Mención de honra)

*Noiteboa, Noitevella, panxoliñas e panxolas,
nacementos, luces, soños,
sol invicto que festexa con músicas e trobas.
Sol invicto que festexa
por sempre e mais agora ese goce, este agasallo
que nos sorprende na alma e no corazón namora.
Solsticios que abren os días, un Neno coa Boa Nova
noites inmensas sen sol,
de frío en brillo de estrelas e a Luz que venceu ás sombras.
Foi nun portal de Belén que Begonte rememora
o amor a orixe que temos,
amor ás cousas pequenas o amor á terra, que é nosa.
Foi no feliz encontro
para impedir que a esperanza nunca abandonarnos poida.
Un Nadal de agora e sempre,
que nos estremece aínda, máis por dentro que por fóra.*

Sen saber como... chega.

E faíno como aquel que pousa a sarabia das brétemas
namorada e lenta, nun prado novidoso e tecido en verdes novos,
de herba fresca.

Chega por sorpresa, en silencio

para resultar adolescente e innovador, distinto e recente entre os
fumes do fogar

e nas mañás húmidas da choiva, no bafo de imaxes
xa moitas veces lembradas.

Vén en anovadas formas, en figuras de barro que abraían
dentro dos nosos ollos, e traen de atrás toda a nosa infancia.



Un Nadal de agora e sempre,
reencontrado, en luces de festa e voces
cando chegado o tempo, chaman de novo por nós
a sorprendernos en soños cos recendos do lume e fume, no
escuro das longas noites,
nos figos pasos e as noces, en cantigas suaves e ledas,
desas que os tantos medos arredan para amolecer os fríos por
detrás de enormes tebras.

Un Nadal de agora e sempre
que neste amparo enfeitiza tenruras, suaves e quentes do amor
desas que veñen sumadas á confianza que pon en nós ese cómplice
sentir, cheo de azos
que se actualiza en dozuras, en tremores e salaios
que son as formas de amor para fortalecernos a ansia de seguir
loitando os días,
erguendo dos prantos e das mágoas
e que, por riba, aluman as duras bágoas que nos oprimen o corazón.
Nadal de agora e sempre, ese que volve por nós
para acender a Luz que prende a chama e ergue das cinzas mestas
para facernos recuperar a ilusión, feita promesa
que en lume esclarece e, cal milagre, fai que poidamos soñar
desde o máis fondo para facer posible o sorriso, para facer que
esvaezan
penas como escumas que de vagar, ensomen na area aquelas
ondas do mar,
chegadas ao devalo, cando pousan a xerfa no sosego dos pen-
samentos e as memorias,
nun solpor que as paraliza e que as sorprende perdidas xa, nas
entrañas do areal.
Nadal das evocacións, outrora tristes, que habitan en nós
e desde a historia nos traen ausencias e pesares, pesadelos e
medos, remorsos
desde aquela dor de atrás.

Nadal de agora e sempre
que agasallas memorias felices, tristuras e soldades da nostalxia,
cando aveñen desde o silencio que acompañan as nosas almas
sempre perdidas,

e buscan por entre as sombras incansables, as máis sentidas
lembranzas,
alá dos intres gardados, no alén das propias entrañas.

Nadal de agora e sempre
farás sorrir de novo á aquel Neno de Luz cheo
o que naceu de humilde berce e que alumea desde a noite,
nunha estrela
no alto das distancias, que está moito atrás dos ollos e da retina,
moito atrás aló da longa ollada, moito máis aló do ceo
pero que aínda nos pon na ollada ese alento da esperada Luz
tan leda!

Nadal de agora e sempre que aposta por construír,
por facer e alzar, por fabricar anxeios
sobre todo cando estamos tristes, ou sentíndonos insatisfeitos,
no desagrado,
no cansazo, na melancolía dos días que se fan duros
cando non vemos o Sol e todo se nos volven grises
e nos encobren e ocultan desexos na mesma deixadez que nos
paraliza,

que nos acovarda e que nos encolle, que nos cega e nos reprime.
Nadal de agora e sempre
ese de corrixir dos erros, reflexivo
que nos obriga a mirarnos diante das oportunidades
para verbalizar os sentimentos
que brotan sempre e nos fan comprender que podemos integrarnos
nun mundo que hai que saber levar, para superar
para ver de lonxe en perspectiva as cousas que nos suceden, e
erguer.

Nadal de agora e sempre
confiado no esforzo, no reencontro da consciencia que nos volva
a nós
converténdonos en protagonistas da nosa propia narración,
aquela que nos pertence e que nos fai sentir seguros,
atopados entre aquelas emocións desfiguradas,
volvendo á nosa esencia agochada no espírito, nesa enerxía
que envolve as vidas e tece unha ilusión inusitada
que nos dará forzas para seguir



e erixirmos por riba das cinzas da borralleira nas que ardemos.
Nadal de agora e sempre
ese que vén para recuperar o optimismo, para arredar da dúbida
e anunciar aquel horizonte limpo que segue a mostrarnos o camiño,
aquel vello camiño de sempre e de agora
que habita ecos doutro tempo e que abre o mañá cheo de
aconteceres certos
que nos agardan e acollen, na ledicia dun Meniño,
aquel que é fillo da Luz, da cor e da calor, da natureza
sorprendente
que aínda alá, onde non vemos, garda os fundamentos do ser e
de ter,
en momentos máxicos e marabillados nos que hoxe habitamos
e habitaremos sempre.





MARÍA FELICIDAD ROCA COIRA
Panxoliñas ó Belén de Begonte

(Mención de honra)

NENIÑO DE BEGONTE

Sentada nun banco
na beira do Ladra
vin vir unha burra
que vén apurada.

O seu dono andando
que che tiña barba
traía na man
unha gran caiada.

Sentada na burra
e moi ben tapada
viña unha señora
pedindo pousada.

Chegando a Begonte
petou a un poxigo
e dille o veciño:
«Pra vostede hai abrigo».

Pregunta o veciño
como se chamaba.
El dille «Xosé»
e «María» a súa amada.



E xa se quedaron
naquela pousada.
Xosé non durmía,
María, calada.

E aló pola noite,
xa de madrugada
nacía un neniño
que moito choraba.

E xa van mulleres
a levarlle a cesta
naceu un neniño
hai que facer festa

Levarlle comida,
levarlle roupiña
encenderlle o lume
quentarlle a casiña

BELÉN DE BEGONTE

Aló vén polo Pelouro
unha burriña cansada
o seu dono viña andando
a súa dona vén sentada.

Traíache no regazo
un neniño que choraba
porque tiña moito frío,
porque hai moita xeadá.

Chegan á Ponte Miraz
pararon a descansar
e a burriña bebía no río
eles tiritando
e o Neno ten frío.



Pasan a ponte do río
e un pobo acaban de atopar
ese pobo é o begontino
eles e o neniño
xa poden quedar.

Chegan ó centro da vila,
din a súa identidade,
xa lles deron comida
pra eles leite pró neniño
casa pra quedare.

O neniño tiña frío
case non tiña roupiña
xa lle traen unha manta grande
e un gorro bonito
para a cabeciña.

El chamábase Xosé
ela chámase María
e o neniño que traen con eles
por Xesusiño entendía.

Fixolle a entrega da casa
Don Xosé, señor abade
toma Xosé e María
o voso Neno abrigade.

E xa quedaron pra sempre
non decidiron marchar
porque cada ano veñen
moita xente a os visitar.

Estáte conteto, meu Rei
que aquí moi ben vas estar
que os nenios do pobo
e da Chaira viranche a cantar,
virante adorar.



Os neníños do concello
aló van para o portal
cunha cesta de agasallos
o Neno van visitar.

Unhos levan a galiña
pra facer unha sustancia
hai que coidar ben o neno
e que medre ben na infancia.

Tamén lle traen os ovos
pra facer unha tortilla
que lla dará San Xosé
sentándoo na súa rodilla.

Unha mociña lle trae
un cantariño de leite
quéntallo a Virxe María
darállo cando se deite.

Que teñas felices soños
meu anxiño, meu amor,
que durmas a noite enteira
ata a raíña do sol.

PAXARIÑOS

Paxariños van voando
xa veñen para o Belén
veñen aquí pra Begonte
a cantarlle ó noso ben.

Pousadinos na fiestra
cantando o seu pío, pío
van chamando ós compañeiros
que venan ver ó neniño.



Que veñan ver ó neniño,
que lle veñan a cantar,
está deitado nas pallas
metidiño no seu lar.

Metidiño no seu lar,
todo cheíño de frío,
e pra podelo quentar
teñen o lume encendido

Teñen o lume encendido
hai que facer o xantar
meteranlle unha esteliña
pra n'ó deixar apagar.


Aló veñen as cigoñas,
veñenche de Riocaldo,
e no piquiño lle traen
unha pola de carballo.

Unha pola de carballo
para quentar o neniño,
se lle fai falta máis leña,
traémoslle o carballiño.

Aló nos Pozos do Olla
viron saír unha estrela,
é que veñen os Reis Magos
nunha lanchiña de vela.

Paxariños van voando
xa veñen para o Belén
veñen aquí pra Begonte
a cantarlle ó noso ben.







XOSÉ OTERO CANTO
Lenda do boedo e do non nado

(Primeiro premio)

Lema: «Incognitus»

1- Asolagamento

I

No San Xoán de Lagostelle
fica un pobo asolagado,
todos lle chaman Boedo,
deseña un extenso prado
que o río Dá vivifica
e lle presta o seu fado.
Terreo baixo e lamento
sacia auga todo o ano
onde se xuntan veciños
e as vacas pastan de grado.

Neste lugar do Boedo,
neste lugar enmeigado
vouvos contar unha lenda
que aquí ten o seu engado,
cando a Sagrada Familia
—disto hai uns dous mil anos—,
íá alíxera a Begonte
co encargo preparado
de facer Belén movíbel
polo Nadal festexado.
Fixádevos canto tempo
queda disto en legado.



II

Que era un poboado descrido
tífa o seu creto sonado
habida conta da lenda
que dorme no seu achado,
pois cando a Virxe María
e Xestis aínda non nado
veñen pedindo esmola,
achándose en desamparo,
chovendo auga acotío
co frío máis desapiadado,
camiñiño de Begonte
ata o Belén esperado,
ninguén lles dá acubillo
no pobo tan desalmado
que ata un zapateiro
lles chimpa a forma irado,
negándose os veciños
a acoller aos arribados
a non ser no Barreiro
nunha casoupa do lado;
de Xosé, abeiradoiro,
de María e do esperado,
mais non teñen alimento
que lles sirva de galano.

A casa ten nenos pobres;
todos sentados nos tallos
arrodando a lareira
de miseria ben honrados
de fame e de pobreza
sen poder comer bocado.

III

A muller que os acolleu
así lles dixo aos chegados:
—«Nós podemos abeirarvos



neste caseto tapado,
polo menos nel non chove
inda que haxa frío a esgallo,
mais non temos alimento
e aínda menos compango,
meus fillos choran de fame
e non podo sustentalos,
róeme a pena a alma
neste mundo malpocado
por non ter nin faragullas
con que poder aledalos».

Estando nestas, a Virxe,
e vendo este desamparo,
convenceu á muller pobre
que sería axcitado,
das cinzas da lareira
facer tortas, decontado,
e con ela comer todos
ricos pratos cociñados,
que chegan ata nosoutros
de maínzo ben forneado,
sendo fama e estandarte
de Guitiriz, seu legado.

IV

Como castigo divino
á maldade desta xente,
asolágase a vila
producindo grande enchente.
Mergullouse o Boedo
e afogou toda a xente
menos a dona e os fillos
que acollen aos doentes,
coitados e mendicantes,
desgraciados e indixentes.



V

Pola corredoiira abaixo,
os presentes xa comidos
collen pés cara a Begonte
co encargo xa sabido,
de ficar nesta parroquia
todo o Nadal requirido
para que todas as xentes
poidan ver ao seu Meniño
moverse con moito afán
despois do San Martiño.

2.- Camiño de Begonte

Xosé: Camiñade, Señora,
polo medio do monte,
que antes dunha hora
estamos en Begonte!
Cara aló sen demora,
axiña e decote,
andarengos cadora,
amante e consorte,
pensando arestora...

...

...

mais pasamos a ponte,
que a auga xa soa
do Ladra en Begonte.

María: Ai Xosé, meu agarimo.
Ai Xosé, da miña alma.
Busca alpendre paseniño
con palla en abastanza
para deitar ao Meniño
que me deu unha empurrada
e quere vir manseliño
á media noite pasada.




Xosé: Non te alarmes, María,
que o alpendre aquí está.
Non teñas medo á molida
que hai palla a fartar
e ten vaca e boi de cría
para podermos quentar.
Co bafo que soltarían,
o remol seguro está.

María: O sitio gústame moito
e aquí hai canto un quixer,
ovellas para o condoito,
troitas para ben comer,
fariña para o biscoito,
se o muñeiro quixer.
Temos zoqueiro varudo
e un serrador portugués,
poliños de Mos, papudos
e leite gordo lugués.

Xosé: Tamén castañas asadas.
Afiador de coitelos,
oleiros e escadas,
ferreiros e martelos.
Temos como innovación:
do porco, a matalota,
e tamén ao pescador,
aínda que a malla dá a nota
pola colaboración,
a bomba, que está de moda!,
e no incendio, o apagador.

María: Vexo unha carrandiola
para o Meniño xogar,
sendo isto unha chabola
haiche ben en que enredar,
pois ata o mesmo Varela
tornea sen descansar.







LAURA LÓPEZ ESTEBAN
Pavana de Nadal

(Segundo premio)

Lema: «Clara Schumann»

Camiño

No fogar os tempos non son bos
—pobreza do século XXI—.
Lembro outros anos con plumaxe lustrosa,
co calor de máis xente sentada na mesa,
manxares cuxo sabor non podo recordar.
Agasallos enchían os recunchos da morada
e unha árbore lucía plena no centro do salón.
Os anos pasan e o tempo non perdoa.
Agora a casa está baleira e ule a vello,
os manteis gardan po nalgún caixón
e a calefacción converteuse nunha manta roída polos anos.
Fiel compañeira baixo a que agocho lembranzas,
cancións, conversas, sorrisos.
Realidades inmateriais dunha época perecedoira.

Saio á rúa e non neva
—as cousas mudaron tamén para o planeta—.
Luces de neon asolagan a vista dos viandantes
mentres os tímpanos enxordecen polo ruído do Nadal,
un Nadal ao que xa non recoñezo.
Es ti?
Tendas, diñeiro, compras.
Tendas, diñeiro, compras,
nun bucle infinito.



Persoas que deambulan cun ritmo frenético
sen saber o destino nin o camiño de volta,
sen mirarse aos ollos,
sen coñecerse.

Familias que se desfán coma crebacabezas irreconciliables,
netos que non falan cos seus avós,
pantallas convertidas no primeiro foco de atención.

E mentres,
a miña alma errante non atopa ningunha mirada amiga.
Camiño paseniño coma unha pantasma
preguntándome que ocorre,
por que o mundo parece estar invertido.

Mais só tento ver corpos xeándose na beirarrúa
sobre uns cartóns mollados.
Os afortunados descansan sobre a calor do corpo dun can
ou ao abrigo dun caixeiro que abre pola noite.
Canto tardarei en chegar aí,
e de estalo,
que terei perdido realmente?

Baixo as estrelas de decembro
o mundo parece tinguirse doutra atmosfera.
Quizais máis cálida, quizais máis triste.
Nos anuncios de turrón e bombóns
envexamos almas cheas de amor.
Nas casas túas e miñas
os salóns baleiros caen nunha soidade tan tremenda
que doe.
Doe ata queimar a pel.

Caio na conta da desesperación
e entro na ermida da infancia
nun acto regresivo de autocompaixón.
Aos vellos gústanos revivir os costumes de nenos.
Alí sentada paso menos frío e observo.
Observar é a vida que agora teño.
Reflexionar, pensar, vagar é todo o que me queda.



Entón trato de descubrir
por que o Nadal era a época máis feliz do ano
cando era meniña.
As ceas eran humildes,
na casa non había cartos.
Dos mellores agasallos
un barco en casca de noz
e algunha caixa de polvoróns
das que hoxe caducarían na despesa.

Porén o meu corazón latexa con intensidade
—quizais paixón, quizais taquicardia—
ao lembrar as conversas da mesa.
Os reencontros dos que vivían lonxe.
Os primeiros pasos dos pequenos.
As apertas dos maiores.
Todo foi desaparecendo devagar
coma a néboa do río.
E ao final todo apuntaba á mesma historia
que contaba a miña nai:

San Bonifacio e a primeira árbore de Nadal
decorada con mazás e velas.
Que ocorre se rompemos unha bola de cristal
das que decoran a nosa árbore? Está baleira.
A mazá humilde mostra unha faciana vulgar
pero garda no seu interior o alimento da vida.

Abrigo pobre agochando néctar.
As velas dan luz á nosa escuridade
—a escuridade dos que non temos nada
é a mesma escuridade dos que queren telo todo—.
Unha estrela guía o noso vieiro.

Abandono o banco da igrexa
e escorrego os meus pés polo chan.
Vello coñecido.
Entón atopo o que levaba buscando todo o día.



Nun recuncho quente loce pletórico o Belén.

Aló,

coma nun flashback de película,
todo regresa a min.

As mans dos meus irmáns xunto ás miñas
fabricando pequenas figuriñas de barro,
recollendo o musgo dos campos,
aforrando para comprar as pinturas.

Actos de unión, de amor, de familia.

Actos arredor dun Belén.

Construíramos o noso pequeno mundo

e sentiámonos así responsables de algo moi grande.

Unha representación teatral do máis puro e inocente.

Era máxico, era noso e era para todos.

Era Nadal e era Begonte.





CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ
Un belén que nunca pecha

(Mención de honra)

Lema: «Gaiferos de Mormaltán»

I

Bota a andar xaneiro
e os beléns de todo o mundo van pechando as súas portas.
Xa gardei as figuras en caixas de cartón
e ceibei aos colectores mofo e aserraduras.
Conxélanse na gorxa por tempo indefinido
as panxoliñas que ata agora burbullaban a cachón.
Mesmo a calma e o sorriso
deron en mingoar neste aire desmestado.
Alguén axotou as pombas familiares
que entraban pola porta con ramallos de oliveira.
Alguén brizou o espello
en que nós nos compuñamos para estar ben parecidos.
Onde vai a estrela de Belén, os anxos e os pastores?
Que foi dos días harmoniosos e das noites apracibles,
das conversas de vagar e as lembranzas infantís?
Por que regresa o fanatismo, o estrés e a competencia?
Por que volven os puños e a obsesión polo diñeiro?
Veos de saudade anubran os meus ollos
e a ficción dun Nadal caloroso e sen final
arrefece na distancia coma un soño que se extingue.



Sentíndome atrapado no remuíño da noite
 alcei a vista e descubrín
 un ronsel de estrelas que brillaba aló no alto.
 Despois de dubidar entre o si e mais o non
 boteime a caminar baixo aquela vía láctea
 que un rumbo me marcaba.
 Cheguei a un lugar
 onde os ríos van calados
 e os ameneiros vixían as veigas sempre verdes,
 onde as lagoas son cristais que reflecten o alto ceo
 e os penedos dormen calmos co lombo destapado.
 Begonte ten por nome esta terra sinalada
 que é faro do Nadal para toda a súa Galiza.

Aquí se funden nunha aperta as xentes da Mariña,
 as da Chaira, as dos Ancares e o Courel,
 as do Miño, as do Sil e as súas Ribeiras,
 as das Rías Baixas xunto coas das Altas,
 as das cordas interiores e as dos vales medianeiros.
 Cheguei por fin ao meu pesebre, o que tanto procurei.
 Coidei que as súas portas
 pechaban por xaneiro coma todos os demais,
 mais souben ben axiña que nunca tal fixeran,
 pois abren todo o ano faga frío ou calor.
 Aquí neste recanto veredes xente arreo
 ofrecendo as súas mans de xaneiro ata decembro:
 mans de artistas con pulso habelencioso,
 mans de doctos con pluma e verbo claro,
 mans de cregos con fe de cantería,
 de homes xenerosos que comparten o seu tempo
 e mulleres laboriosas cheas de afouteza.
 Eles son as figuras do belén,
 xentes que se esforzan pola paz e a irmandade,
 xentes que constrúen un mundo máis amable
 e fan de Begonte un espazo para todos,
 porque cren firmemente naquel humilde Neno
 e tamén no seu Belén.





XOSÉ OTERO CANTO
Xesús e a crónica de Beria

(Primeiro premio)

Lema: «Incognitus»

I

Botándose encima o tempo
para a Begonte acudir,
a Virxe, Xosé e o Neno
outro ano queren vir
reencarnados en vilegos
e vestidos a tal fin,
coma se fosen labregos
sen nada que presumir,
con moito comedimento
e tratando de eludir
aos curiosos que arreo
andan como malandríns
procurando maniqueos
e afamados que aplaudir,
por iso dan arrodeo
antes de a Begonte ir
e poñerse ao aconchecho
do cénit e do nadir
e da inclemencia do ceo
e para a neve eludir.



II

Viña Xesús no cabalo
que a María levaba,
o corazón nos seus brazos
e no regazo... unha alfaia.

Ían todos dacabalo,
na Feira do Monte entraban
para comer un bo caldo
que daban nunha pousada,
todo isto era o legado
onde os valuros moraban.

San Xosé en mula torda
e a Virxe nun bo cabalo
despois xa da Noiteboa
e o fillo recén nado.
Chegando xa á casopa
a aldraba xa entoan,
para comer o compango,
para sentir o abrigado.

*Viña Xesús no cabalo
que a María levaba,
o corazón nos seus brazos
e no regazo... unha alfaia.*

Entrando pola soleira
un cego cun violín
—moi cerquiña da lareira—
e arco de almafí,
saca notas da súa angueira
para a todos instruír
coa CRÓNICA DE BERIA
que é de PSEUDOTURPÍN,
do CÓDICE CALIXTINO
e que principia así:



CEGO.- CRÓNICA DE BERIA
(Pseudoturpín). Códice Calixtino

I

A lenda que agora vou mencionar
vén de Carlomagno e dunha pasaxe
que da crónica de Turpín renace
sendo Lucerna a romancear,
ou Beria, palafítica e flotante
no Vale Verde desta Terra Chá,
chamada Valuria polos falantes
e os valuros de Lamas de Goá
son o renome dos seus habitantes
e a súa historia que vou relatar.

II

Cando os mouros Hispania asoballaron,
son os galegos os únicos libres
porque moi feramente pelexaron,
mais ás veces por moitos repiques
penetran en sitios afastados
e chegan á Lucerna invencible,
aínda que axiña fueron expulsados.

Os mouros poderosos e temibles
catívanse coa Beria os descastados
e reinando Afonso o irrepetible,
segundo dos galegos e asturianos,
ha pedir axuda a un rei sensible,
famoso en Francia e moi nomeado,
chamado Carlomagno o invencible
e aos doce Pares de Francia afamados.

Moi bo cristián era Carlomagno,
o rei, Roldán e os seus vasalos,
Oliveros e todos os guerreiros



que non ben por Deus foron chamados
e por Xesús Cristo capitaneados
combatendo e botando aos desalmados
da terra de Lucerna, asolagados.

III

Na lagoa de Carregal, Cospeito,
á beira da virxe do Monte está
a cidade afondada de Valverde,
na Valuria, corazón da Terra Chá,
e alí no monte nunha rocha impresa
a pegada do cabalo de Roldán,
cando este pediu a Xesús Cristo
ben entrado na última hora do serán
alongar o día, ¡por caridade!,
para os inimigos derrotar
e é ali en certeza e en puridade
a partir daquel día tan audaz
que ao poñerse o sol en toda a Valuria
segue polos séculos veraz
tardando en anoitecer unha hora máis
en recordo da pegada de Roldán.

IV

A todo aquel que tal non queira crer
que isto aconteceu na Terra Chá,
que pola Serra Loba de Aranga,
perto da ermida de San Vitorio está,
ao lado dun cruceiro, e a poucos metros,
a marca dos borceguís de Roldán.
Mais se aínda descrido e temeroso,
segues sen crer porque es pertinaz
que á parroquia de Sesulfe te vaias,
cerca de Guitiriz, e bo solaz,
na vecina aldea dos Vilares
que o erudito Bouza Brey nos dá,



nunha peneda onde están impressas
as marcas do cabalo de Roldán,
son ferraduras feridas nas pedras
cando a nosa Beria veu a liberar
achándose un quilómetro afastadas
as pegadas do cabalo alazán.

III

Tomando o caldo estaban
e Xesús o biberón,
cando a toda sazón
e sen que o esperaran
un milagre vén obrar,
pois o Neno, recién nado
ponse el a partillar
a cerca do expresado
polo cego neste lar.

XESÚS.- «Si, era cristiá Carlomagno,
Roldán e os seus vasalos,
Oliveros e os guerreiros
que nesta lenda son citados,
mais non por iso, compañeiros,
é verdade todo o cantado.

Eu quero poñer en claro
a pouca veracidade
e a beleza deste canto
que con toda a habilidade
é dos valores enxalzo.

Deus non chamou a Roldán
para acudir á batalla,
nin Xesús foi capitán
de ningunha algarada,
nin tampouco no serán
houbo horas alongadas



que isto é cousa de truáns
e das suas bufonadas,
pois na prédica cristiá
non caben as trampulladas
nin aínda no Corán
cabe tal barrabasada
a de chamar aos irmáns
para a loita encarnizada
por ser isto anticristián
fóra de toda cruzada,
verter sangue e matar
non é de homes de talla,
máis importante é amar
moito e con perseveranza
e sempre a prol da paz
e de toda perdoanza.

Isto dixo o Meniño
despois do leite beber.
Quedan todos sorprendidos
e feitos homes de ben,
pois de xeito desprevido,
todos din amén, amén.

*Viña Xesús no cabalo
que a María levaba,
o corazón nos seus brazos
e no regazo... unha alfaia.*

Ían todos dacabalo
a Feira do Monte adiaban
por asuntos de traballo
e xa logo enxergaban
ao Begonte requintado.

Xa no Centro Cultural
que por todos é nomeado,
Xosé Domínguez Guizán,



fundador do aquí creado.
Dille a Virxe a Xosé,
acarifando ao ben nado:
«Eu non sei polo que é
pero atopo algo estraño».

Xosé á Virxe conforta:
«Xa vexo o que me albiscabas,
sonche obras de mellora,
das que non te decatabas.
Fixate ben na cuberta,
antes era ondulada

...

...

para facela abrigada
cambiáronlle as carapelas,
tamén chamadas pranchetas
por outras máis abeiradas
en arrimo e seguranza,
aconchego e arrabada
que fan do Belén a entrada
e ao salón dan acceso,
por escaleiras colgadas
e descansíño de ingreso.

*Viña Xesús no cabalo
que a María levaba,
o corazón nos seus brazos
e no regazo... unha alfaia.*

XOSÉ.- Abre a porta, María,
quedarás engaiolada
polo que aquí verías
e pola nova bancada.

MARÍA.- Os asentos espazados,
todo é comodidade
mais tamén seguridade



de todos os desprazados,
que son nosos visitantes.

XOSÉ.- Fixate tamén no acceso
e na beleza das gradas
que con todo embeleco
para as cadeiras de rodas
queda un espazo ameno
feito para dar diploma
e de moita mejorada.

*Viña Xesús no cabalo
que a María levaba,
o corazón nos seus brazos
e no regazo... unha alfaia.*

MARÍA.- A verdade, meu Xosé!
é que imos mellorando.
Mira agora ao Belén,
a ver se atopas novatos
entre as figuras que vés?

XOSÉ.- Por alí eu vexo algo
que me chama a atención,
un home con un bo mallo
dálle ao trigo con tesón,
e aquela do ano pasado
que causou deleitación,
foi do incendio, o apagador,
aínda que a matalota
da que todos toman nota,
tamén causou sensación.


*Viña Xesús no cabalo
que a María levaba,
o corazón nos seus brazos
e no regazo... unha alfaia.*



A mula e o cabalo
pasaron para o Belén,
un púxose a un lado
e a outra tamén.

A Virxe e san Xosé
tamén entraron no estrado
e puxeron ao Bebé
nas pallas, escarranchado,
para comezar o mes
recibindo aos ben chegados
neste belén begontés
ao que estades convidados.







MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE VILLAR
Begonte

(Segundo premio)

1.

Debruzámonos sobre o río
como quen se debruza sobre un soño ou sobre un desexo
e así, imaxinando volver para achegarnos onda el
e para cruzar, quizais, a súa ponte romana,
démoslle forma ao tempo do Nadal.

2.

Estabamos nun alto.
Desde aquela alameda
volviches ler un cruceiro polas súas catro bandas
mais, sobre todas as cousas, querías ver o serán.

3.

Foi, de solsticio a solsticio,
como cando en Santa Mariña de Augas Santas dixeches:
«sube comigo ao alto desta pena,
sexamos por un intre habitantes dos castros
e saudemos canda eles a fin do verán».

4.

O río vímolo en Lugo,
pero este é un poema feito para que lembres o nome dun lugar
ao que nunca pensei que volvería
e ao que, como ti me dixeches do carballo de Santa Margarida,
sostido prodixiosamente por catro forquitas nos arrabaldes da
túa vila,
non podería volver con ninguén se non fose contigo.



5.

«Ti sabes de onde vén a palabra galega panxoliña?»
Así llo expliquei á nena este Nadal:
«como as persoas,
as linguas teñen fillos e pais,
e a nosa parécese máis a súa nai
que outras linguas».

6.

Entendeuno á primeira aínda que non fose exacto,
igual que eu entendo á primeira a túa achega á historia dos froi-
tos
prohibidos: non mazá, senón mandrágora,
pero o máis emocionante
é que aquela postal que escribín en Maguncia para ti
che axudase a rematar de convencerme.
Tamén os campesiños honran con dignidade os seus traballos
nestas artesanías do belén de Begonte. De Alemaña,
dixéchesme, quizais da emigración,
veñen os mecanismos dos trens
nos que os cativos aprenden a idea do movemento.

7.

E velaquí os tres magos:
en Begonte,
acordamos,
aquilo que se move é aquilo
que traballa:
o burro e os camelos,
a mata, a ferreiría,
o lume no portal.
Todo o demais ofrécese
ou agarda.



8.

Tres bágoas, quen sabe se as sentiches,
estiveron a piques de caerche no abrigo.
E como aquilo que pasaba era a nosa vida
e non unha historia de nadal,
as bágoas non se converteron en estrelas.
Pero se as puidésemos ver (xa estábamos a escuras,
grazas a aqueles artificios do home áxil que,
segundo aventuramos, fixera coas suas propias mans
os labregos da malla)
serían tan fermosas como as estrelas do teito,
corcosidas ao cal, igual que os artesáns
da cova de Altamira
intuíran e honraran nas irregularidades da rocha
o sagrado na carne do corpo dos animais.

9.

E, agora si, para imitar o milagre da creación
por dúas veces vimos alumear o arco da alianza
e por dúas veces o trono.
Alguén dixo que os deuses non revelan dúas veces o mesmo
oráculo
e o home que probablemente fixo a malla era e non era un deus,
como os beléns son
e non son monumentos á dignidade do traballo,
e os ríos son e non son
corpos que poden ser cruzados,
canles para o transporte dos materiais,
fonte dos labradíos:
(mina nai, en voz alta, coa súa voz de mestra
sobre a tendencia da lingua
a nomear unha e outra vez os lugares pequenos:
«de veiga, veiguela,
e de veiguela, veigueliña»
os lugares pequenos
que son, desde que o mundo é mundo,
os lugares do amor).



10.

Nada se esgota nunca no xeito no que o pensamos.
Os teus amigos bromean sobre o xeito
no que teces historias sobre a mandrágora.
Teñen nenos, e saben
que os contos non son terribles polo que contan
senón porque, como os que aquela princesa
lle contaba cada noite
ao rei que quería matala,
poden servir para salvar a vida.

11.

Lembrei o casamento dos teus amigos,
que non vivín, mais do que sempre falas:
aquel primeiro arco da vella, na despedida dos homes,
e o segundo, que pechaba o primeiro, días despois,
e do que tamén as mulleres foron testemuñas.
Mais cando por dúas veces vimos o trono e as estrelas
do belén de Begonte
non quixen unha voda nin tres arcos da vella:
pensei que, desde a primeira noite
que pasamos xuntos,
foramos abenzoados
por unha estrela fugaz,
e que por iso mesmo,
algo ou alguén máis poderoso ca nós,
contrariando o curso máis previsible da historia
dunha vez, e oxalá para sempre, nos xuntara.





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRÍO
En Begonte, un día

(Primeiro premio)

Foi en Begonte,
unha estrela no alto ceo,
unha luz, unha arela, un misterio,
unha esperanza certa que remata co secreto
no medio da noite negra, no medio do frío inverno.

Aínda hoxe,
cando chega o tempo,
nótase no aire o seu regreso.
Recende o fume das cociñas das casas,
na orixe do fogar, na calor xorde o nacemento.

É a morada dos encontros,
onde se anovan apertas, memorias,
nostalxias caídas entre as folerpas de tenrura
ao redor dun lume, e pasan a formar da vella irmandade
que degrae muxicas, esencias de paz e novas vontades.

E quizais este ano,
debido ás causas que sabemos,
poderemos apartar mellor dos sucedáneos,
daquel embriagado concepto que perturbaba o Nadal
e esquecía, precisamente, o amor.

Volveremos pasmar
ao redor da familia, non moita xente,
no abrigo dos afectos e coa ansia das esperanzas,
lonxe dos ruídos, co seu significado de sempre,



esa dimensión que marca un novo ciclo,
o rexurdimento dunha nova Luz,
que en realidade é tan antiga como o mundo.

Di a historia
que foron alá, moi lonxe, os feitos aqueles
que se queren evocar, mais calquera lugar do mundo
podería ser aquel Belén, o de Nazaret.

Na mesma Terra Chá,
onde se repite, ano tras ano, sen estridencias,
cando chega o frío, aquel feito glorioso
de cando vence a Luz ás tebras.

Celébrase en Begonte
e coa auténtica espiritualidade dun modesto Portal,
tamén coa calor dos corazóns chairegos,
só submisos aos salmos do amor.

Veñen pastores, labregas e labregos,
ferreiros, zoqueiros, escritoras, pintores, poetas,
tecedeiras do tear que tece as esperanzas
ao pé de cada horizonte e coa memoria das nostalxias.

Chegan coa manteiga e o mel de agasallo.
Hai xograres e trobadoras
que nun tempo novo
que cantan arrolos e panxolas.
Cando recende o Nadal,
móvense as figuras ano tras ano, para dar a Boa Nova
que naceu O Neno na Noiteboa.

A fariña miúda
botada a man fai o milagre da neve.
Pontes, ríos de prateado leito reflicten as estrelas
que lucen no medio das nubes de algodón
prendidas cun fío, coas vivas arelas.




Camiños, lugares, muíños,
e ao lonxe, no alto, o castelo de Herodes;
e os Magos que irán vindo a poucos,
cargados de ilusión e soñados obsequios.

Celebraremos a ledicia de chegar por fin
ao Portal e alí poder cantarlle, en galego,
afagos e arrollos, tenruras de alentos
e o desexo de paz, que recende amores
na fe de altos ceos.

O noso nacemento,
tivo que ser en Begonte,
pois gardan a feliz memoria daqueles momentos.







CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ
Perdido na néboa

(Segundo premio)

Zanfoneiro

Malvivín moito tempo no baleiro
e quedei sen máis azos que os que deixa unha historia
de promesas esmelladas e caminos desandados.
Se frecuntei escolas de relustre e sona varia,
tan só devín foreiro dun universo alleo
que outros me arrendaron por un tempo mal tasado.
Fumne envolvendo coma mazaroca de millo
en capas de espurias primaveras
e de incertezas farisaicamente aclamadas;
e cando ao fin chegou o intre da colleita
esfollei a miña alma coa avidez do mergullante
que nunca da un respiro ata o límite do alento.
E veleiqué o froito do desvelo:
mans aferradas a un fardo cheo de vento
e pés coma buxainas xirando sempre igual.
Malia a todo, seguí
e seguí camiñando sen coller cara ningures,
e seguí camiñando,
e seguí e seguí...
Ata que un xélido día de sieiro e de corisco,
perdido polas serras da Carba e do Xistral,
quixo a miña estrela empoñerme por aquí,
por este lugar de lagoas que espellan os piñeiros
e correntes que levan mazás dos pumariños;
por esta terra de fragas e pasteiros
onde o río é un bo vedraño que vixía o armentío;



por este nobre sitio onde houbo en tempos idos
pazos soarengos e castelos ameados
que deixaron un remol nos ollos que aínda brillan.
Todo foi tal cual, como agora vos direi:
abateuse de socato sobre o campo dos meus ollos
unha néboa abrancuzada que detivo sen dó
o paso que eu levaba, indeciso e bambeante.
Doridamente cego, vetei que dende o ignoto
algún lobo axexaba o roxelo esgarriado.
Perdín os tentos de todos os meus membros
e mesmo o acordo que tanto me compría.
Cando o ceo así o dispuxo,
espertei coa languidez da animalia que hibernou
e unha luz diminuta coma o ollo dun peizoco
acenounne escintilante dende o fondo do camiño.
Perante min foise abrindo un sollado iluminado
que as pantasmas doutros tempos teimaban por negar.
Receoso coma quen non sabe de agasallos
refreguei os meus ollos unha e outra vez,
agardando que todo fora unha ilusión,
un fugaz ronsel no ceo, un espellismo, unha miraxe,
mais ela seguía ali,
teimosa e persistente,
faro de naves en noite sen luar.
Fumne achegando paseniño
coma tartaruga de illargas pandidas
polo peso dunha carga que frea o seu andar.
O alancar vigoroso doutros anos
mudouse nesta hora
en lene obstinación de volvoreta
que busca co sixilo das súas ás
vieiros segredos cara o nunca revelado.
E así foi que ao fin cheguei á porta dun belén
afastado do pobo nun recanto recollido
onde o caserío xa empeza a clarexar.
Ao chamar cos meus cotenos na xélida madeira
unha man brumosa con mitóns de encaixe branco
perfilouse dende a nada como grande marabilla



e unha voz sentín que abrollaba dende o fondo:
—«Este é tempo de pandemias e o pesebre doutros anos
non podemos amosar cal cadra nestas datas:
siga en paz o seu camiño, cabaleiro de fasquía apesurada,
e agarde nova anada para virnos visitar».
—«Non son persona abastada nin veño con imperios,
só pido algo de palla estrada polo chan
para pasar esta noite ao abeiro da tormenta».
—«Se é así, apuxe a porta e traspase o seu lintel,
porque onde hai un belén nunca falta a caridade.
Só lle pido a cambio
que non faiga argalladas nin maldades raposeiras
que perturban as figuras e a súa maquinaria».
—«Perda o seu coidado, que son home de lei
e nunca raspiñero, xurafaz nin armadanzas,
por mais que o pardomonte que levo por vestido
non acaia propiamente co que acabo de dicir».
A man esvaeceuse e eu vimne xusto dentro
dun pesebre ateigado de figuras en penumbra
que inundaban todo o espazo de recendos siderais.
Cando ao fin me estendín enriba do chan duro
acendeuse sobre o berce aquela luz pequerrechiña
que os meus pasos guiara pola neboa tenebrosa.
E vin o rostro de Xesús acabado de nacer,
infante de pel albela e de ollos cristalinos
como areas asolladas no fondo do mansío
dun regato limpo e claro.
Hipnotizado do misterio
e anainado pola calma do belén na escuridade
fun caendo sen sentilo nun sopor indomeñable.
E entón falou o Neno ollando cara min:
—«Eu son a vida e a verdade.
Escóitame e abandona
esa senda tortuosa de voltas e revoltas
que non levan a bo porto.
O belén que te acobilla é moito máis
que un fato de figuras de donosos movementos,
é unha alegoría para os que andan pola vida:



as pezas van e veñen en harmoniosa sincronía
actuando solidarias con todas as demais;
nunca se desleian do traballo que as libera,
e non esquecen a beleza da terra e mais do ceo:
a das montañas, a dos ríos e a das noites estreladas;
discorren entre pontes, monumentos e sendeiros
habitando humanamente o espazo en que as puxeron.
E eu estou no centro
coma punto en que converxen todos os camiños,
mais non coma señor de forza e de coitelo
senón coma un meniño humilde sobre a palla.
Por iso isto che digo e pido que me sigas:
ti es tamén figura
dun mundo que se move cal se fora un gran belén:
acompaña os teus pés aos de todos os irmáns
sen querer empoleirarte por riba dos demais,
traballa pola paz e axuda a construír
un mundo de consensos en que todos teñan voz.
Sal da cuncha onde te pechas taciturno
e axota os pesadelos que rillan a túa mente,
mergúllate no fondo desa alma arrevesada
e mira polo neno que aínda levas dentro:
a vida é alegría e non tribulación,
obradoiro de beleza ao que todos son chamados
para que xuntos algún día consigan concluír
o proxecto máis fermoso da irmandade universal».
E aquí calou o Neno e fixose o silencio.
Os meus ósos descansaron non sei por cantas horas
ata a primicia da maná que abreu o novo día.
Espertei cos peteiros das pombas no lousado
e o roxe-roxe dun ratiño bulindo polas pallas.
Abrín os ollos e outra volta contemplei aquela man tan misteriosa
que agora a porta abría p(a)ra encetar outra xornada.
Deixei o meu belén, que era o de Begonte,
e saín coa ledicia do que sabe xa por fin
a onde o levan os camiños que ten de percorrer.





MARTIÑO MASEDA LOZANO
Un Nadal sen pandemias

(Mención de honra)

Outro ano consumido,
De cobizas e folgos esgotados,
Loitando cunha pandemia de inimigo
Que quere vemos derrotados;
Mais imos pintando no camiño
As cores da esperanza, paso a paso.

E así retorno co desexo do agarimo,
en sombras cruelmente afastado,
a este belén entre solsticios
seguindo o vieiro estrelado
que me leva a ese belo paraíso
nas terras de Begonte deseñado
polo enxefio do Varela unido
co afán de don Xosé, sempre lembrado.

A vella casa agarda no seu niño
da Chaira dos afectos enlazados,
coa faciana aberta do poxigo
e a enxebreza tinguída no lousado.
Abro e entro, paseniño,
Con sixilo de neno enfeitizado
que me leva a ese calor antigo
da cociña de rostro enferruxado.
Xa estou no lar, atado fío a fío
Que me conecta con ese berce amado:
a esencia proxenitora, fondo suspiro
pola chegada do fillo ansiado.



Tres corazóns latexan nun brío
De emocións que nunca tiñan murchado,
E que van escorrentando o duro frío
Que deixou en nós o virxinal pecado.
Miro para o meu pai que vai vencido
Polas loitas ingratas dun pasado
Que lle anegou de fendas o espírito
E uns brazos de labrego derrotado.
A miña mai alenta con cariño
As eivas do pensamento desnortado
que busca a quentura dun abrigo
no presebe do Nadal sempre soñado.

Fundidos nunha aperta os tres xuntiños,
Sendo UN nese abrazo prolongado
que nos fai esquecer o irto friso
de sentirnos tanto tempo afastados.
Que ledicia, meu Deus, o noso fillo
atópase aquí ao noso lado,
berran os dous nun roto chío
que racha os muros de inverno tan xeados.
E a casa quece co noso arrimo,
De sorrisos e verbos acougados
Que deixan no ánimo dorido
os matices da ledicia ben pintados.


Non importa o espazo esvaecido
nin os sentimentos xa gastados,
fica en nós firme auxilio
de sabernos con agarimo compartidos.

Este Nadal é coma un río
polo que firmes navegamos
cara a ese tempero construído
de suxeitos tristemente enmascarados.
Pais e fillos en hálito unidos
Con alento fraterno engaiolado
nese amor que se fai infindo
e nin o coronavirus dá rachado.



Belén da Chaira, verso espido
pola voz de Begonte declamado,
para seres sublime bebedizo
daquel que anda desamparado.
Ao teu lume corro ansío
para avivar o meu azo malpocado
e alento a esperanza de sabernos vivos
para compartir a quentura dos abrazos,
nunha era anovada de sorrisos
que orballe un Nadal no que amarnos.





M. Guerrero-25



RAFA VILLAR
Ano cero en Belén

(Mención de honra)

Imperial Roma e tirana,
dun Neno anda á procura,
nado en humilde portal
en Belén e baixo a lúa.

Aqueles choros primeiros
a longa noite acublila,
daquel botado aos camiños
da ferida Palestina.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*

Da palabra fixo luz
o destino desafiando,
do poder medo non tivo,
con sangue nos pés descalzos.

Vinte séculos van xa
segundo a Historia nos conta,
o seu credo e os seus actos
deixaron pegada fonda.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*



De mercadores no templo
alertou con gran carraxe,
ensinanza inesquecibel
para toda a humanidade.

Samaritana a súa vida,
multiplicou pans e peixes,
sobre as augas camiñou,
a súa morte foi semente.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*

No deserto en cada area
inda os seus pasos resoan,
na inmensidade do mundo
arde viva a súa memoria.

Desde a chairega Begonte
ata a Fisterra mareira,
aquele Neno feito Home
é cáliz da nosa Terra.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*





BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO

*Eran tempos de Nadal,
era e foi hai moito tempo*

(Primeiro premio)

Na lembranza dos comezos do Belén de Begonte e do Padre Mato, D. Xesús, que levou o «Galicia canta ao Neno» para que espallara esperanza e sementeiras dese Cántico Novo tan antigo da Boa Nova. Estivemos no Centro Cultural cantando panxoliñas ao Nacemento, buscando unha porta para a esperanza, ...foi hai moito tempo!

Solemne liturxia, a de hoxe para o concerto.
Sucedo no Centro Cultural
do Belén Electrónico de Begonte, en pleno funcionamento.
Son os primeiros anos
dun fito histórico que vai dar máis voz, renome e eco
a un acontecer humilde
que cambiou o mundo, dándolle consolo a todo o universo.
Unha recreación de porte chairega
é o marco idóneo,
con tanta ilusión e un trazo modesto,
conseguen crear,
sumando esforzos e moito o talento,
o ambiente debido,
para a escena central e eficaz daquel Nacemento.
Ríos que levan auga,
pastores que se moven, fogares con lume,
xente que traballa no labor labrego.
De día camiñan cos seus agasallos na busca do Neno
nacido entre pallas;
de noite, as estrelas, aluman no ceo
nunha devoción capaz de mover conciencias,
convocando o culto, namoro e afectos.



Xa hai moita xente, que agarda impaciente
xa non queda sitio, ...vanse dar os premios,
pero entra un coro, de mozas e mozos
quizais canten algo con aire galego.
Chegan as horas de empezar,
pechan as portas de fóra, hai présas para o comezo.
Fala en alto quen presenta,
di o programa de actos, faise silencio ao momento.
Só un contido murmurio, ...nada se oe
no interior naquela sala de prometidos eventos.
E, ao subir as escaleiras
que nos levan ao salón, a aquel estrado cuberto,
o salmo dun cantar novo
resulta ser un milagre, canto novo en cantar vello.
Imos uns atrás dos outros
colocarnos na tarima, en ringleiras para o ascenso.
Séntense os pasos ao ritmo,
somos moitos, imos cantar moi contentos.
Enriba estará xa disposto,
que a xente agarda impaciente,
xente maior, rapazada, parecen estar inqedos.
Entreabrimos a alta porta,
enriba entre tanta xente, entre o bafo dos alentos.
Fronte ao libro de pautadas folias,
no atril, colocámonos á par
coa cantiga, polo seu lugar aberto.
Agardan notas e verbas
e o vello mestre, prepara en rigor e con gran respecto
aquelas tan brancas voces,
mozos e mozas dunha idade
que en tempos de nada agasallan co festexo.
Lixeiras polifonías, mesmo gaitas e pandeiros
zanfonas e pandeiretas, harmonías conxuntadas,
son para cantarlle ao Neno
que abre os ollos e sorrí,
semella estar moi contento.
Visten ambientadas roupas, xa vellas,
como de humildes pastores,



mentres cantan panxoliñas fan no espazo movementos
voces distintas, melodías,
que pousan o seu canto ao vento.
Por detrás de todos eles,
están as voces máis graves, marcan un contrapunto
de profundo sentimento.
Alá, ao lonxe, de costas ao público mira para nós
o mestre, que amosa a súa silueta
chamando en brazos abertos
para non perder o ritmo e que esteamos atentos.
Séntense as notas dos brillantes tubos dun órgano irreal
que indican claramente o ton,
a posta a punto co aire, ritmo e acento.
Diante nacen moi suaves, as voces xuntas crescendo,
cordas das gorxas que vibran
e contentan ao Pequeno.
Xuntan dozura e calor, naquelas tenras melodías
contraltos, baixos e tenores,
fan brasas en lume aceso
dando impulso aos corazóns que levan con ben latexos.
A moza do violín, voa coma un anxo
e míranos, advirte axiña as notas dos intermedios
aperta os pulsos con ansia e logo preme cos dedos
aquele canto de chamada, para ir xuntos onda ao Neno,
á par do encanto en tenrura que ora dorme no barrelo.
Ao lado, un piano imaxinario arpexa
notas soltas que albiscan atinadas panxoliñas,
cantos que son moi antigos, cantos que eran moi vellos
e gañan actualidade ao bulir os sentimentos.
É na noite de Nadal, abrirá un Sol eterno
que se envolva de habelencias
para sumirnos na paz, na ledicia dos recendos
que a modo de nube amporen
nese enorme agasallo, de ouro, mirra e incenso.
O tempo detense,
distráido nas voces e na música,
polas sentidas ausencias dos perdidos pensamentos.
Voan nostalxias en ecos



dun estremecer que corre polo equilibrio exacto do amor
na lírica das fráxiles cantigas, ...nas memorias dun inverno!
Foi nun tempo de Nadal
na chamada á esperanza, para a paz e a gratitude,
...foi e hai xa moito tempo!





XOSÉ OTERO CANTO
O neno valuro

(Segundo premio)

Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno ía facer.

Quería ir a Begonte
e aquí un Belén traer,
pois son cincuenta na orde
que acaban de soerguer.

Alí mesmo o Deus Meniño
unha encomenda traía
a de contar desprendido
acerca dun nome que había
na Chaira do seu arrimo
e que poucos coñecían,
por ser nome corrompido
daqueles que o utilizan.

Encamiñouse o Neno
a unha estación que no ceo
se chama estación «Dá Vida»
e que nisto consistía,
en insuflarlle ás figuras
que con el viñan de xira
para o Belén da procura,
insuflarlles alma e vida
e encheiros de frescura



e plenos de louzanía
fixeran boa andadura
e movemento a porfía
neste Belén que xa dura
cincuenta anos de vida.

*Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno fa facer.*

O Neno e figuras todas,
tamén María e Xosé,
seguindo moi ben o dogma
e o recto proceder
desde a estación «Dá Vida»,
única que no ceo está,
como se unha andoriña
os trouxese no voar.

Un sopro de amor pillaron
en impulso visceral
e tan axiña chegaron
que non se pode explicar,
por ser cousa doutro mundo
que ninguén pode pensar,
por non ser cousa de bruxos
senón do Deus patriarcal,
chegar nun sopro de amor
é cousa tan natural
como abrirse unha flor
no decembro sideral.

*Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno fa facer.*



Está todo o nacemento
listo para empezar.
Moi grande é o contento
comezando a rodar
as cen figuras de preto
con alma nova a estrear.

Movíanse con esmero,
con gran prestancia e afán.
Algunhas con moito celo
miraban aos seus irmáns
que tiñan cincuenta invernos
e aínda sen ser anciáns
ganaran o «Xubileo»
que os xudeos de Xudá
ano tiñan de recreo
para o descanso e solaz,
tendo xa sobre o cello
as imaxes ao andar
algunha engurra que o tempo
a todos nos traerá.

*Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno fa facer.*

Semellaba unha novela
e as imaxes a actuar.
Begonte era unha ofrenda
que doaba aos irmáns
os oficios desta terra
dun xeito tan peculiar
que ensinaba por entregas
as habelencias da Chá.



Xa de relampos cargados
e tronos manifestar,
saíu Xesús do regazo
como unha luz principal,
os meteoros acalando
e facendo escampar
para que todos no entre tanto
fósemos quen de escoltar,
figuras e convidados
a esta festa do Nadal.

*Xesús tiña moitas ganas,
animábao Xosé
tamén a Virxe o arrufaba
co que o Neno fa facer.*

Benvidos a este evento!
Begonte da Terra Chá,
quérovos dar acolhida
mais podo manifestar
non ser tan Chá como din,
esta terra singular.
Por onde queira que veñas,
montañas has de pasar.
Se de Abadín ou Cospeito,
Castro de Rei e Bazar.
Begonte, A Pastoriza,
Rábade e tamén Xermar
e da mesmiña Vilalba
tedes que considerar
que as subidas e baixadas
sobrepasan a fartar
aquilo que aprendemos
como liria horizontal
e sirva de testemuña
para ser Chaira longal.



Por iso non é acaído
chamarlle a Terra Chá
posto que non representa
a verdade ao nomear
esta comarca que alberga
desniveis ao viaxar.
Ainda un dos Mandamentos
proclama: «Non mentirás».

Como debemos chamarlle
outrosí de Terra Chá?
O seu nome é A VALURA,
que no latín cultural
procede de «Vallaturam»,
«valadura», de «valar»
e son as mesmas montañas
as que de valados fan.
Polo oeste, norte e leste
son estas que se dirán:
Loba e Cova da Serpe,
Carbia, Toxiza e Xistral,
Rematando polo leste,
Meira e de Neda o Cordal.

Valura hai que apelidarlle
a todo o que dentro está,
así se lle nomeou sempre
dous séculos atrás
e por iso volo digo
que empecedes a chamar
co seu nome primixenio
e que substitúe á Chá.

Por moito que a vós doa,
os habitantes da Chá
son VALUROS e VALURAS
os que aquí están a morar,
mais non son os esmoleiros



como algún quixo alcumar,
ben vedes nestas figuras
que están a representar
os oficios da VALURA
sen outra leria alcumar.
Todos son traballadores
e da Valura irmáns
como diría CARBALLO
que polo ceo andará
preguntando a este Deus Neno
co seu bo manifestar
se Eu quixese ser Valuro,
moito lle ía gustar,
por convivir en Begonte
perante todo o Nadal.

Eu díxenlle que VALURO
tíñame que amentar,
por levar cincuenta anos
na VALURA e non na CHÁ.





CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ
Un río e unha plegaria

(Mención de honra)

Levo con honra este nome
que os séculos me outorgaron,
e oíndo «río Ladra»
todos senten grande afago.
Entre budios e amieiros
camiño lento e calado
cal se fora bolboreta
aos silencios afalando.
Compañeiro son das herbas
que cubrindo estes regatos
reverdecen de ledicia
o meu paso avellentado.
Cargo ao lombo tanta auga
que podó abitar mil prados,
repoñer todas as fontes
e abeberar moito gando.
Bebeu de min xente antiga
que na memoria non gardo,
mais detrás viñeron outros
aos que todos recordamos.
Quen non lembra aínda hoxe
aos intrépidos romanos
que entre outras cousas deixaron
a lingua que aquí falamos?
E a aqueles suevos do Norte
que apreixaron os arados
sementando novos nomes
entre chantas e valados?




Que dicir dos medievais
cabaleiros nomeados
de Saavedra e mais Baamonde
que castelos levantaron.
Mais non só da xente de armas
testemuño podo dar,
e principio pola Virxe,
a Señora dos Milagros,
e despois o santo Alberte
que unha ermida singular
erixiu á miña beira
para os infantes curar.
E aínda queda o máis excelso
que se poida nomear:
un meniño envurullado
en panos de lenzo branco,
que por mor de dous Xosés
de Begonte foi prendado
e sen outra dilación
quixo aquí ser celebrado.
E, porque eu son o seu río
e el estame a escoltar,
diríxolle esta pregaría
polo tempo de Nadal:
Bon Xesús, a ti che pido
que a ningún lle falte o pan
nesta terra de Begonte
á que eu sirvo con afán.
E despois tamén desexo
que a concordia e mais a paz
entre todos os veciños
nunca deixe de reinar.
Que xamais sexa a codiza
das súas vidas o amo,
e non teñan como norte
o diñeiro mal ganado.
Que marche xa dunha vez
este Covid desalmado



que con tanta dor e pena
os mantén atenazados.
Que nos campos nunca falte
a semente que botar,
nin a man dun bo labrego
que manexe un bo arado.
Que voen sempre paxaros
polos nosos ceos craros
e rebulen na miña auga
peixes sans e sen andazos.
Que todos os máis cativos
nunca deixen de soñar
que este mundo que lles demos
non os ha de defraudar.
Que os que marchen desta terra
non se esquezan que é o seu lar
e espallen o seu nome
en todo tempo e lugar.
E que saiba sempre o pobo
que un día foi sinalado
p(a)ra ser o teu pregoeiro
polo tempo de Nadal.
E por fin todos pedimos
que non nos deixes xamais,
pois sabes que para nós
es ti sempre o máis prezado.







XOÁN XOSÉ FERNÁNDEZ ABELLA
O Belén de Begonte

(Mención de honra)

Belenciño de Begonte,
extraordinario belén,
onde a fe inxenua do pobo
maniféstase tan ben,
profundamente galego,
coma ten sempre que ser.

Belén que nos emociona,
pois na electrónica ten
a forza que ó belén move
e que nos admira á vez.

Es humilde e es sinxelo.
Un pobo da Chaira es.
Labregos e pescadores,
e carpinteiros se ven,
cada un no seu traballo,
gando e pastores, tamén.
E, por suposto, os Reis magos,
e o día e o anoitecer,
e a estrela que ben os guía,
Xesús, María e Xosé.
E xa neva, e xa lostrega
neste tan cristián belén.
E sempre con novidades,
mais sempre á súa esencia fiel.
Este ano a malla do trigo,
e contra os incendios. Ben!



Tes o corazón ben posto
e es a Galiza fiel.

Foi Miguel Anxo Araúxo,
un bispo de fonda fe,
no ano setenta e dous,
teu pregoeiro, ó nacer.
E nos corenta e seis anos
que conta o noso belén,
éme imposible citar
ós que te gabaron ben.
José Rodríguez Varela
merece non se esquecer,
xunto ó outro creador:
Domínguez Guizán, José.

Belenciño de Begonte,
extraordinario belén,
onde a fe inxenua do pobo
manifestase tan ben,
profundamente galego,
coma ten sempre que ser.





ANTONIO CALVO VARELA
O belén que namorou Begonte

(Primeiro premio)

Belén, unhas montañas, un val e un río;
aló, ao lonxe, vai frío.
Xentes de hoxe agardan
algo anunciado
en tempos pasados,
namentras que alguén
daquel lugar
dedica o seu facer
a desbrozar e a fabricar
e a conxugar o seu esforzo
co veciño e compañeiro
desde ben mozo.
Mais trala precisa harmonía
das escenas bule-bule na aldea
hase cumprir a promesa
que representa o Nadal.
E así acontece ano a ano
dende fai cincuenta xa,
no Belén do Xudá galaico:
Un neno recén nado,
un pai vello, e unha nena que espera
porque aceptou ser fidel a Deus;
unha viaxe de obriga,
unha noite escura nun refuxio
cheo de vida e falto de comodidades,
con boi e mula
e moita espera.
Escenas dun día calquera



con fases de lúa e remilgos do sol;
e algo mais acó,
homes que dedican a vida
a manterse vivos
coidando rebaños de ovellas;
peixes que xogan co anzol do pescador;
artesanos zoqueiros,
muiñeiros que fan do trigo en grao
fariñas pra facer pan;
galiñas que empoleiran
cando o sol se agocha tras da montaña;
camiñantes eximios
que buscan a ruta feita por unha estrela;
ferreiros que alumnan o despuntar do día
e coas chispas da forxa
fan dos ferros o seu vivir;
alfareiros que fan co barro
enxoval e louzas.
Todo está aquí, nesta sala
feita de amor e humildade
alumeada co resplandecente escintilar
de lóstregos e rebumbios do celeste orbe
que limita co teito telar,
afeito ao retumbar sincrónico
da hora exacta de cada día
e previos á choiva milagreira
na que frorecen louvanzas
e pregarias ao noso Deus feito neno.
Begonte, co seu belén,
fai máis fermoso o Nacemento
de Xesus





MARÍA SOLEDAD GARCÍA RIVEIRO
Bethléem

(Primeiro premio)

BETHLÉEM

o sereno
o autenticamente divino que me abraza
sosténme en vilo co amor
coa luz
coma as estrelas que se acenden despois de bicar o ceo
como un canto de paz
como un suspiro
como o murmurio de ás
como o abrazo
como o sorriso despois dun día longo
como o divino
o verdadeiramente sereno que me alumea hoxe
está nos teus ollos

o belén é algo así como esa vida cotiá
como a Mai

hoxe mensaxéame a inocencia
e elévome
hoxe mensáxeame o bendito
e acougo
hoxe Begonte me impulsa
isto de bendicir estrelas é realmente alegre
exactamente doce coma o abrazo
agora elévome
e marabillome



e renóvome entre os chanzos de madeira
vou buscar a miña luz entre as luces
porque acaricie sen medida un corazón de soños
e o sereno
o verdadeiramente divino que me abraza
está radiante

hoxe renóvome ante ti
meu belén de Begonte
hoxe a miña faz resplandece
ante os sotos e as fragas
e os ligues das beiras do Parga e o Ladra
onde o vento conta segredos de antano nas veigas
ti renaces na madrugada
co estralar das lareiras
e as casas engalanadas de folerpas

meu belén de Begonte
es ti quen me escolta?

teño que contarche desta terra de encanto
dos sotos e das fragas da chá
dos corzos e dos montes de cortizo
do silencio que acouga
do río Parga que canta e entoa
da festa dun conto no medio do inverno
dos esposorios e o solsticio das aves
da neve que xace en silencio
da mesa que viste o mellor da terra

mais veño de conducir o tempo ás sortes e ás contrasortes
cos xogos no esquecemento
os bolos celtas, a billarda e o patouro
a carrilana e o aro que non roda
a gaiola de pombas e os papaventos que xa non pairan
temo que o mundo do que ves se desplome!



meu Belén de Begonte
hai un pobo que sofre
a besta de Herodes retén os rostros do neno, de Xosé e María
danzan cos oficios esquecidos a pastorear as ovellas
privadas de fala por falaren de máis
todos camiñan por un carreiro de reviravoltas
repítese o soño de Xosé como unha nora de sangue

meu belén de Begonte
hai un atlas transportando ás costas o xaxún da memoria
precisan os oficios axuda!

cesteiros, enfiade os vimbios!
fiandeiras, estirade o liño!
zoqueiros, moldeade a madeira!
telleiros, alzade as tellas!
lavandeiras, resfregade as augas!
curtidores, tanxede as peles!
alfareiros, forxade o barro!
picadores de gadafias, segade os campos!
matadores de porcos, celebade a colleita!
e ti

meu belén de Begonte
agasállame cun aguinaldo de palabras vivas
afasta o galo empoleirado de Herodes
para non ser derruídos pola dor do lume vello
e abriga a Palestina!

meu belén de Begonte
as pantasma do pasado regresan ao mundo dos vivos para
quentarse
grilandas ao vento rabuñan a terra
o negro preside xa no presebe
repenican as campás e breacan as torres das igrexas

meu belén de Begonte
«boa estrela te guíe»
no templo hai un neno perdido



sé gardiá dos corazóns fríos
sé un belén faro baixo o fado das candeas
sé o lobo ouveando na vereas
sé testemuña da esperanza coa estrela como guía
sé un rexurdir na vida das trincheiras
sé un luco na codia do tempo
e debuxa un regato para a lei de talión

meu belén de Begonte
que darían as miñas ás por aprender a sanar?
mais son só un anxo
e na miña almofada xesta un incendio

afánate por brillar meu Belén de Begonte
porque brillar é a porta de entrada ao portal
con cores e palliñas como poesía
baixo a caravana real que bica os continentes
sé a pomada do negro
abrígate da mula e do boi coma soldados
enraízate cos materiais reciclados e os motores reanimados
cos reloxos dos microondas
nun balet de ensamblados

meu belén de Begonte
hai pesadelos que despuntan na noite coas sombras do día
engalana a túa árbore milenaria para que enraice cordura ao ceo
empoleira o amor coa grilanda e o acivro
varre coas xestas e adózate nas colmeas
converte as badaladas do reloxo nun ritual
procúralles unha mancha de alimento


meu belén de Begonte
invoca os deuses para que afroite a paz e asubie a luz
pon a pota a ferver coa bomba da peixeira
castra o galo se fai falla
maldice como maldiciu a Virxe a mula
para que renaza a flor da malva no orballo da noite
porque



meu Belén de Begonte
non podemos deixar que lle trisquen nas pallas
ás nenas e aos nenos de Palestina!

meu belén de Begonte
meu faro de resiliencia
transforma a tradición nun poema clandestino
fai do silencio un canto
fai
da mirrada noite o medrar do día!







XOSÉ OTERO CANTO

*Ao neno levade lelías de música
e poesía*

(Segundo premio)

PREFACIO: STUDIUM

Debo facer un Belén
e non sei como empezar
se Deus quixer ter a ben
de resolver me axudar
para a Begonte ofrecer
ao Certame Nacional
que de poesía ten
o pracer de convocar,
ano si e ano tamén,
e aos vates convidar
neste novo acontecer
de palabras sen (a) rimar
ou versos en leixaprén
segundo arele acadar
ao albur de cadaquén.

OLYMPUS

Do seu Olimpo elevado
levantáronse en tropel
todos poetas e bardos,
todos de gran caritel:
vates, aedos, rapsodos
e trovadores tamén
celebrando un encontro
para compor un Belén



de poetas outrora mortos
nun Nacemento segrel
que no Begonte de todos
habería que erguer.

*Queren facer Nacemento
os vates da Terra Chá
que como bos devanceiros
tiveron a ben deixar
e queren con moito xeito
ao noso Deus adorar.*

EMPÍREO

Oíndo isto os Chairegos
que no Empíreo están
viron brillar un destelo
que Deus fixo escintilar
nas cabezas e queixelos
dos vates da Terra Chá.

Levántase a voz entre eles
pois deben considerar
por ser o máis coherente
e que lles cómpre, sen máis,
por estar da terra ausentes
e ser quen de agasallar
a tódos os asistentes
que en Begonte cadrarán.

NOTARIUS

Queren levar o que teñen
e nos quixeron deixar,
así que pola presente
hai que chamar ao escribán
para que sexa o que autente
e dea fe notarial



de que dos aquí presentes
compete aos da Terra Chá
por ser o máis congruente
ter a ben legitimar
porque a eles soamente
pertence ao Neno adorar.

*Queren facer Nacemento
os vates da Terra Chá
que como bos devanceiros
tiveron a ben deixar
e queren con moito xeito
ao noso Deus adorar.*

VATES

O último da arribada
foi o noso Dario Xohán.
Levantouse entre a xuntanza
e dixo o de ROÁS:
«Eu levareille as pallas
ao noso Neno aldeán
que en SAOR hainas a esgalla
para o Meniño deitar
e do apelido CABANA
co que me honro firmar;
que menos que entregarlla
para facer o portal.»

*E así foron pasando
os vates da Terra Chá,
todos en gran algareo
para o Belén festexar.*

Logo foi Manuel Maria,
—xa non podía aguantar—
e ofreceuse como guía
para o que precisar
que a CASA DE HORTAS sería



a que con todo o amoedar
a este Belén levaría
o que houbesen demandar,
pois coa distancia debida,
legua e media haberá
e CARRO E VACAS garridas
para o Belén preparar.

Aínda máis Manuel porfía
que habería que tocar
O CARRO que musican
MERO E MINI con afán
e outras máis panxoliñas
con zanfona harmonizar
por ser ela acaída,
de salaio medieval,
que representa a Galiza:
No Pórtico da Gloria está!

*E así foron pasando
os vates da Terra Chá,
todos en gran algareo
para o Belén festexar.*

Rafael Crecente Vega
escoitou con atención
e dixo de viva voz:
«Eu levarei a CODESEIRA
e o meu MUÍÑO ROULÓN
a AGUILLADA ben feita,
GRILOS, MERLOS E RONCÓS
para que fagan orquestra
deste Belén soñador.

*Porque ao Neno queren ben
están facendo un Belén
e ao Neno levan lelías
de música e poesía.*
De Crecente, o afillado,



Francisco de Fientosa,
quixo poñer PANDERETAS
DE SEIS AZAS e garbosas
que como ESTRELAS NOVAS
FORON PETAR AO FAIADO.

*E así foron pasando
os vates da Terra Chá,
todos en gran algareo
para o Belen musicar.*

Ai ven o grande Aquilino
Iglesia Alvariño
co seu CORAZÓN AO VENTO
batendoo moi mainiño
con moito comedimento
en LANZA DE SOLEDÁ
para o Neno adorar,
por entre os CÓMAROS VERDES
tamen LEVA O SEU CANTARE
con que todo acompañar
e darlle á Navidade
unha festa de amenceres
neste Begonte ricaz.

*Porque ao Neno queren ben
están facendo un Belén
e ao Neno levan lelías
de música e poesía.*


*E así foron pasando
os vates da Terra Chá,
todos en gran algareo
para o Belén harmaniar.*

O místico Díaz Castro
leva a María e Xosé
e o Neno nun canastro



nos NIMBOS do anoitecer
coma UN ANXO AIRADO
con moita sede de LUS
moverá todo o Belén
para que a CONTRALÚS
vexamos no acimut
a estrela descender.





DAVID CORRAL DÍAZ
Un neno, noso veciño

(Mención de honra)

Se naceras en Begonte,
se na terra chá naceras,
habías ter bo abeiro,
casa cuberta e quentiña
a carón dunha lareira.

Sempre habería un carpinteiro
que de pino ou castiñeiro
armara axiña un barrelo
para arrolarte a modiño
velando o sono do Neno.

Sabas de liño tecidas
por mans dunha tecedeira,
unha manta de buril,
sobrecama floreada,
de plumas a cabeceira.

Soña o Neno cos anxiños
da súa Patria celestial;
soña na patria adquirida
cos paxaros cantareiros
coas cantigas dos veciños.

Namáis saber que naceras
viría a xente a correr
con tal acontecemento;
¡cantas cousas traerían
pra agasallarte, meu Neno!



Unha muller de Santalla
con un cabrito leitón;
unha nena de Virís
cunha pela de manteiga
e un queixo desde Gaibor.

De Illán unha ducia de ovos,
de Trobo un tarro de mel,
de Bóveda un par de pitos,
de Saavedra uns patuquiños
e un coello os de Felmil.

E así de cada lugar
chegarían agasallos
do que teñen por mellor.
Meu Neniño ti ben sabes
a dozura dos paisanos.

E cando medraras un pouco
habías xogar cos nenos
e coas nenas do lugar
ás quedas e ás escondidas,
á billarda e a pillar.

Irías bañarte ao río
e á horta coller peras,
aprender o silabario,
a bulir polos carreiros
e arrolarte polos prados.


Da xenio ver este ambiente;
portas de poxigo abertas,
cada quen no seu oficio,
sen esquecer que hai un Neno
que agora é seu veciño.



Canta o galo ao amencer,
ponse a aldea en movemento,
lume prendido na forxa,
o muíño bota andar
coa cantilena de sempre.

Xa podes ver, meu Neniño,
que este Belén de aparencia
ben dí o que nós fariamos,
se naceras en Begonte,
se na Terra Chá naceras.







JOSÉ TORRES PIÑEIRO
O Nadal en Begonte

(Primeiro premio)

En Begonte brilla a estrela,
no ceo alto, pura e bela.
As casas locen luz e cor,
o Nadal chega cun fervor.

Os nenos cantan con dozura,
na praza baila a brisa pura.
O río Ladra vai soñar,
coa neve branca a brillar.

No belén vivo, tradición sincera,
Agroma a fe, florece a cultura.
Os pastores, coas súas ovellas,
guían a maxia das estrelas.

Hai panxoliñas que o vento leva,
un lume quente que todo ateiga.
Begonte enche o corazón,
cun Nadal cheo de emoción.

Os campos fríos, a lúa clara,
promesas novas na noite ampara.
E mentres soa o alegre cantar,
Begonte vive: o Nadal é fogar.



LENDAS DO NADAL

En Begonte, terra chairega e nobre,
onde o vento canta e a alma se cobre.
Chega o Nadal cunha luz dourada,
bordando os días de prata encantada.

Nas veigas dorme a brétema fría,
mentres as campás anuncian alegría.
No río Ladra, espello de ouro,
reflicte un ceo de paz e tesouro.

Contan os vellos unha vella historia,
de estrelas que baixan con luz e memoria.
No chan de Begonte, tecen fulgores,
agasallando soños e fervores.

Unha nena, inocente, de ollos profundos,
escoita os ecos doutros mundos.
Din que un pastor, nunha noite serena,
viu un anxo aliviando a súa pena.

E así, Begonte, na noite escura,
celebra o tempo coa sua dozura.
Lendas que viven, que nunca fenecen,
pois na memoria sempre permanecen.

BEGONTE, NA MEMORIA

No corazón de Begonte, renace o lume,
no ano setenta e dous, revive o costume.
O crego Guizán, co pulso divino,
esculpiu o Belén con amor peregrino.

Entre figuras de luz, sorría o Nadal,
e a terra cantaba o seu canto inmortal.
Mais o silencio nunca enchía o lugar,
xurdiron Os Tupy's, e a música a soar.



Primeiro acorde dun pobo en canción,
os ventos levaban a súa emoción.
Begonte bailaba, a súa voz crecía,
a historia cantada nunha melodía.

Agora as xentes, de aquí e de alén,
no frío do inverno, veñen ver o Belén.
Con luces que brillan, coa paz a nacer,
en cada ollada hai un novo querer.

Nas mans humildes que tecen a paz,
Begonte revive, o Nadal é veraz.
Os días percorren, mais queda a esencia,
do amor labrego, a súa persistencia.

Porque un pobo unido, coa alma en canción,
gardará sempre viva a súa tradición.
Recordos do pasado, latentes no corazón,
tecerán un futuro cheo de emoción.

NUN ANO DE BEN, NACEU O BELÉN

En Begonte, terra ben galega,
onde o Ladra murmura e prega,
nace o Belén, arte sen par,
soño dun crego, alento de fogar.

Corría o ano setenta e dous,
naceron os Tupy's cum alegre son.
Bailaron vecinos, Begonte danzou,
e unha estrela no Belén brillou.

Un Belén vivo, cheo de tradición,
figuras que falan ao corazón.
Feito de mans, de lume e paixón,
espello fiel da nosa nación.



De avós a netos, a luz nunca apaga,
cada Nadal, a historia se agranda.
O pobo, unido, no tempo creceu,
e o Nadal en Begonte máis luz acendeu.

Con cada visita, un anaco de lar,
Begonte é memoria que sabe gardar.
Que sigan as festas, as gaitas soar,
que o Ladra murmure no frío luar.

E así, cada ano, co corazón aberto,
o Nadal en Begonte será sempre concerto,
alma da terra, faro e unha estrela,
un lazo eterno que nunca desafibela.





RAFA VILLAR
De dátiles e mel a noite

(Segundo premio)

I

Sobre da noite escura
escintila unha luz aluada
e séntese un vento maino
neste deserto en calma.

Velaí van eles tres,
viaxeiros de remotas areas,
se cadra ignorando aínda
o novo tempo que chega.

Mais a tirana Roma
a historia quere deter
e férridos soldados procuran
un Neno de dátiles e mel.

*Que na cerna da Terra Chá
o lugar de Begonte abrolla,
no Nadal silente o Belén
da súa maxestade é mostra.*

II

Seguen os Magos camiño
para poderen axiña chegar
a onde os ceos xa sinalan
que o milagre non tardará.



Milagre que asombra o mundo
aló na pequena Belén,
por fin Xesús é nacido
e todos van saber del.

Saberán pobres e humildes
das súas redentoras mans,
e os mercadores do templo
a sua palabra temerán.

*Que na cerna da Terra Chá
o lugar de Begonte abrolla,
no Nadal silente o Belén
da sua maxestade é mostra.*

III

Renden tributo os tres Magos
ao Neno que o berce acubilla,
e volven por onde viñeron
cando está o romper o día.

Mais os duros tribunos de Roma
axiña queren ditar sentenza,
ese Neno hoxe adorado
perseguido vivirá na terra.

O seu sangue cáliz será
para toda a humanidade;
a súa morte non foi en van
e o seu exemplo na terra arde.

*Que na cerna da Terra Chá
o lugar de Begonte abrolla,
no Nadal silente o Belén
da sua maxestade é mostra.*





MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ
Melodía complexa
(Composición poética a 5 voces)

(Mención de honra)

(prólogo)

Unha anciá observa desde fóra do recinto a escena que
na caixa branca representa a obra teatral da
que David Mamet un
día falou. Falou contra o vento que de fronte
na súa face
batía.

(retrouso a cantar)

Canta e brúa na eira.
Canta e brúa na eira
de Begonte que axiña se achega
o ar, a auga e a pedra.

(no belén)

Habitas no alto.
Se acaso a chuva bate con estrondo barullento contra os muros
da casa. Se acaso
non.
Apañas da terra a semente para o alento; para o alimento e des-
pois
para ter semente coa
que sementar a terra
de onde apañas.



(mística)

Acceden ao interior da aldea.
Sobre eles a noite achega. Eles
camiñan sentindo a grava. María
senta nun pousadoiro coa ollada
no interior dun recuncho onde
reside un rato que chía por medo. No recuncho
María percibe o brillo nos ollos
do animal.

(retrouso a cantar)

A escuridade ha chegar.
A escuridade ha chegar.
No noso breve descanso
de Begonte has recuncar.

(no belén)

Habitas no alto.
Moves o brazo en xesto circular. Permites
a roca no centro da imaxe. Tiras o liño
de dentro cara a fora. Tres
figuras máis observan de preto. Quizais son as que
desde o soño mudan os torrentes do Négueb. Quizais
non.

(mística)

Tras o breve descanso
Xosé turra polo brazo de María.
Terma do seu espírito de muller cansa. Apaña
ás présas o sinal da correioira que descende. Ninguén
cara a eles olla. Ninguén observa. As laxes
do camiño escorren.



(retrouso a cantar)

Os cumes destas montañas.
Os cumes destas montañas
son os cumes de Begonte
desde onde van as olladas.

(no belén)

Habitas no alto.
«Para esta terra ha chegar
do lugar que nel xa dormen
os rabaños e, de cadrar, o río.»
Isto pensas mentres de diante a atrás lixas
nun anaco de madeira onde mañá alguén
sentará sabendo de quen
é a obra.

(mística)

Imaxinemos por un intre que a parella bate nalgunha porta.
Imaxinemos que mentres certa persoa opta por non abrir
outra considera amosar a calor que dentro da estancia resoa.
Posteriormente volve fechar deixando a María e a Xosé na rúa.
El sorrí coa confianza de quen sabe que todo
está
decidido. Ela
terma do ventre coas dúas mans.

(retrouso a cantar)

Como a sombra se achega...
Como a sombra se achega...
En Begonte os carballos son
sombra en primavera.



(no belén)

Habitas no alto
facendo a malla e que a xente coma.
Sen traballo nada terás para alimento
dos teus fillos. Coa
suor da fronte has gañar o sustento.

(mística)

A noite non é un bo lugar para comezar a vida.
A sagrada parella atopa entre animais refuxio.
O sono achega o fociño por entre os tellados. O moucho
fica esperto.

(retrouso a cantar)

O paraíso na Terra Cha.
O paraíso na Terra Cha;
dormir en Begonte baixo
o ceo que a estrela dá.

(no belén)

Habitas no alto.
Os peixes un día serán os peixes da catacumba,
alí onde o silencio é estadía e raíz.
Ti arrincas os peixes da auga no movemento simbólico
que na escuridade a treboada escintila.

(mística)

No interior do soño
un neno nace entre a palla,
o refacho e a historia.



(retrouso a cantar)

A infancia en Begonte é
A infancia en Begonte é
un paxariño fermoso que
a carón de min vén comer.

(epílogo)

A anciá ergue as mans amosando as palmas,
recua dous pasos, xira arredor de si
e bota a camiñar
permitindo que a cortina baixe.
De non haber espectador
nada
acontece.





Colofón



XOSÉ OTERO CANTO

O belén é un «totum» «ex toto» da valura

A poesía sempre é un insospeitábel xerro de auga que escorre pola cabeza dos autores debido a ese «impromptu» que xorde nas cordas musicais do noso cerebro e nas entelequias improvisadas, sen plans preconcebidos da nosa alma e o que escoita recibe eses contidos que semellan relampos na electricidade das palabras molladas de ideas, facendo que a electricidade se expanda moito máis polos sintagmas e proposicións poéticas dando un amplísimo abano de contidos que fan reflexionar ao receptor e mergullalo na auga limpa dos significados que ata agora cría inexistentes, pero que a partir dese momento converte a potencialidade significativa nun acto claro e sublime porque o poeta foi quen de descubrirlle esa verdade tapada e oculta que o lector cría inexistente, por iso a poesía é unha ferramenta quizais a única que fai descubrir as verdades.

E a verdade é que en Begonte emprégase a poesía en galego e en castelán para dar consistencia a un mundo que está moi vinculado ás estacións, ao cambio, ao día máis curto do ano e as connotacións que se foron atribuíndo ao longo da historia e das que temos coñecemento, son as saturnais romanas que se celebraban cun sacrificio no templo de Saturno e un banquete público seguido dun intercambio de agasallos; por iso, Catulo, un prestixioso poeta latino de finais do período republicano de Roma, dicía que era «o mellor dos días» porque nesta data adornábanse as casas con plantas e acendíanse velas para celebrar a nova chegada da luz ou o nacemento do «sol invictus», coincidindo co 25 de decembro ou solsticio de inverno.



Estas ideas aínda continúan hoxe cando proclamamos o nacemento do Neno que nace en moitos sitios, pero o nacemento que se fai en Begonte non ten parangón, porque é un pobo enteiro cheo de figuras que representan á nosa Valura, que traballan baixo os auspicios da electricidade e que o comandan uns argalleiros que o manteñen e melloran ao cabo dos anos facendo que o nacemento sexa un «totum» «ex toto», onde se van deixando miguiñas de corazóns, por parte dos creadores, en cada figura que se fai e dun sopro a esas figuras das máis distintas materias insúflanselles unha alma nos movementos non aleatorios senón acompañados que lles incardinan vida e nós sentímolos como se fosen as nosas fillas pequeniñas que vemos como traballan e se oufanan nos seus quefaceres sempre necesarios para o resto das inmortalas figuras; senón dicídemelo... que sería das figuras se non tivesen labradores, un muiñeiro, un panadeiro, carpinteiros, pescadores, malladores, teceláns, ferreiros, serradores ou lavadeiras... De que vivirían? Forman parte dun pobo valuro cheo de galegos traballadores con corpo e alma chamado O BELÉN DE BEGONTE, porque non soamente se moven senón que tamén senten, mirádeas ben e veredes como os seus ollos vos esculcan, aínda que non o apreciedes estavos ollando e pónense todas ao compás intervindo nos seus traballos cando vosoutros as ollades porque ben saben que as quedades como sempre quixestes aos pícaros, son a súa representación, mais non teñen picardía nin fan traxedias e realizan todo por amor a vosoutros, xamais lles oirades falar mal de ningún, nin botar un grito ou amañar un refreo da súa situación, tan só o sons acompañados dos seus movementos espéranvos no Belén de Begonte nos días de decembro e xaneiro de todos os anos e neste do agora xa chegaron ao quincuaxésimo.

Coma un bo pobo figurativo que o é, as figuras nacen, teñen uns pais adoptivos con nomes coñecidos como Rodríguez Varela, Domínguez Guizán; espalladores como Xulio Xiz e unha mancha de traballadores. As figuras tamén se reproducen porque os pais van mandando ao colexio as súas fillas para que cada ano exerzan ben os novos oficios que van aparecendo todos os anos levando



unhas boas xeiras perante cincuenta aniños de nada, mais as susoditas figuras teñen de bo o feito de ser inmortais, primeiro van ao paro e logo xubílanse, mais nunca morren porque en traspasando os eidos das súas tempadas connosco fanse inmorredoiras cando pasan ao «trasmundo» ou ao mundo do alén que é o mundo dos mouros e mouras da nosa raza e permanecen nun encantamento continuado porque o seu corpo é incorrupto e dormen entre o silencio e a algarabía dos decembros e xaneiros pasando a formar parte do MUSEO DO BELÉN, de aí que non se lles poñan lápidas de feliz descanso no outro mundo porque seguen soñando na súa anterior existencia, conténtanse con saber que foron a creación dun soño para os máis cativos e para os que non somos tanto e permanecen tamén lembrando os seus amorosiños movementos nos recunchos emprestados e vivaces que nos lonxincuos anos tiveron a ben representar.

XOSÉ OTERO CANTO





Índice

PRESENTACIÓNS

Xulio Xiz Presidente do Centro Cultural José Domínguez Guizán	7
José López Campos Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude	9

LIMIAR

Baldomero Iglesias Dobarrio O meu certame de poesía sobre O Nadal	11
--	----

ESCOLMA

1977	Marica Campo Lembranzas para un nadal ferido	21
1977	Fiz Vergara Vilariño Canto ó nadal	25
1978	Xosé María Pérez Parallé Nadal chairego	27
1979	Francisco Álvarez Alonso Triloxía pra un nadal calquera	33
1979	Fiz Vergara Vilariño Cantigo pra unhas datas abrenticias	37
1979	Manuel Oreste Rodríguez López Pelegrinos ao Belén de Begonte	41
1980	Fiz Vergara Vilariño Celebración poética do Nadal	43
1980	Marica Campo Nadal	47
1981	Marica Campo A Palavra de Deus ecoaba lizgaira	51
1982	Xosé María Pérez Parallé Campáns de Nadal	55
1983	Fiz Vergara Vilariño Sonetos do Nadal	59



1983	Xosé Antón López Dobao Preparando o nacemento de Cristo	63
1984	Fiz Vergara Vilariño Ditirambo íntimo do Belén begontino!	65
1984	Manuel Oreste Rodríguez López Rostros da mañá	69
1985	Fiz Vergara Vilariño Cantos para celebra-lo Nadal de Begonte	71
1985	Marica Campo Cítola rota	77
1986	Miro Villar Náufrago en Belén	79
1986	Miguel Vázquez Gil Desexos que no Nadal amosan as figuras do Belén de Begonte	81
1986	Xosé Carlos Gómez Alfaro Epifanías	87
1987	Fiz Vergara Vilariño Cantigas ó Nadal en dous tempos	91
1988	Manuel Xosé Neira López Patria do Nadal	99
1988	Xosé Carlos Gómez Alfaro Cantiga para rouba-lo corazón do neno de Begonte	101
1989	Xosé Carlos Gómez Alfaro Panxoliña eterna	103
1990	Xosé Carlos Gómez Alfaro Triloxía do Nadal	105
1990	Helena Villar Janeiro Belén	107
1991	Marica Campo Salmos-Arrolo para o neno de Belén, en Begonte	109
1992	María Gómez Paisaxe e alma de Nadal	113
1992	Víctor Campio Nadaliña (no Belén de Begonte)	115
1993	Marina Cillero Rodríguez Soneto (ó Belén de Begonte)	119



1994	Marica Campo A noite e a estrela (Reflexións e pregarias de Nadal)	121
1995	Baldomero Iglesias Dobbarrio Neva	129
1996	María Goretti Fariña Caamaño Meniño de máis luz	131
1997	María Goretti Fariña Caamaño Un arrorró en portada	133
1997	Baldomero Iglesias Dobbarrio Falta unha figura, madre	137
1998	Baldomero Iglesias Dobbarrio Buscando luz na lembranza	139
1999	Baldomero Iglesias Dobbarrio A lúa tecelán	143
1999	Catuxa Celeiro Muñoz Hai panxoliñas	147
2000	Baldomero Iglesias Dobbarrio Panxoliña humilde	151
2001	Luís Celeiro Álvarez Lembranza	153
2001	María Goretti Fariña Caamaño Trinta anos en belén	157
2002	Baldomero Iglesias Dobbarrio Lúa chea trenzada en fume	159
2003	Baldomero Iglesias Dobbarrio Poeira de luz	161
2004	Baldomero Iglesias Dobbarrio Bieita a memoria que lembra	163
2004	Alicia Fernández Rodríguez Cinco postais de Nadal	165
2005	Xoán Xosé Piñeiro Cochón Este ano, o zoqueiro	169
2007	Baldomero Iglesias Dobbarrio Sempre será Nadal	173
2007	Martiño Maseda Lozano O belén da esperanza	177



2008	Xosé Otero Canto Chegou na luz da xeometría tenra da noite	179
2009	Xosé Otero Canto Cometa branca na singradura dun branco ronsel	183
2009	Baldomero Iglesias Dobarrio Agora	187
2010	Baldomero Iglesias Dobarrio Begonte, lembranza agradecida	189
2010	Noelia Martínez Rey En Begonte, nace	191
2011	Xosé Otero Canto Na carabela dos desexos –Cantata–	195
2011	Martiño Maseda Lozano O Belén da Chaira	199
2012	Xosé Otero Canto Madrigais ao Neno. Reino da terra	201
2012	Pablo Núñez González Naturaleza galega, berce chairego	205
2012	Isolina Fernández Martínez Nadal	209
2013	Carlos López Fernández Romance dos dous Xosés	213
2013	Xosé Otero Canto Chora, meu neno	219
2013	Baldomero Iglesias Dobarrio Pregaria ao neno-luz	223
2014	Xosé Otero Canto Dende Valverde a Begonte	225
2014	Carlos López Fernández O belén era un clamor	229
2015	Xosé Otero Canto O vento é un moínante (Cantiga para durmir ao neno)	233
2015	Baldomero Iglesias Dobarrio Sempre haberá belén	237
2015	Lucía Penalonga Cruz O neno é galego	239



2015	Rosa Catarina Piñeiro Hai un belén de garda	243
2016	Xosé Otero Canto Xesús ficou espidiño	247
2016	Baldomero Iglesias Dobbarrio Bo Nadal?	253
2017	Xosé Otero Canto Xesús e o malabarista	255
2017	Laura López Esteban Cantiga de viaxeiros	261
2017	Baldomero Iglesias Dobbarrio Nadal de agora e sempre	265
2017	María Felicidad Roca Coira Panxoliñas ó Belén de Begonte	269
2018	Xosé Otero Canto Lenda do boedo e do non nado	275
2018	Laura López Esteban Pavana de Nadal	281
2018	Carlos López Fernández Un belén que nunca pecha	285
2019	Xosé Otero Canto Xesús e a crónica de Beria	287
2019	María do Cebreiro Rábade Villar Begonte	297
2020	Baldomero Iglesias Dobbarrio En Begonte, un día	301
2020	Carlos López Fernández Perdido na néboa	305
2020	Martiño Maseda Lozano Un Nadal sen pandemias	309
2020	Rafa Villar Ano cero en Belén	313
2021	Baldomero Iglesias Dobbarrio Eran tempos de Nadal, era e foi hai moito tempo	315
2021	Xosé Otero Canto O neno valuro	319



2021	Carlos López Fernández Un río e unha plegaria	325
2021	Xoán Xosé Fernández Abella O Belén de Begonte	329
2022	Antonio Calvo Varela O belén que namorou Begonte	331
2023	María Soledad García Riveiro Bethléem	333
2023	Xosé Otero Canto Ao neno levade lellás de música e poesía	339
2023	David Corral Díaz Un neno, noso veciño	345
2024	José Torres Piñeiro O Nadal en Begonte	349
2024	Rafa Villar De dátiles e mel a noite	353
2024	Manuel López Rodríguez Melodía complexa (Composición poética a 5 voces)	355

COLOFÓN

	Xosé Otero Canto O belén é un «totum» «ex toto» da Valura	361
--	--	-----





Centro Cultural
José Domínguez Guizán